
Informe de revisión pola Dirección
*Informe de resultados anual da Facultade de
Ciencias do Mar*

Curso 2022-23. Titulacións de
Grao en Ciencias do Mar e Mestrado Universitario
en Oceanografía pola UCA, ULPG e UVigo.

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Decanato de Facultade de Ciencias do Mar	Comisión de Garantía de Calidade	Xunta de Facultade
	Data e firma	Data e firma

Miguel Ángel Nombela
Óscar Nieto Palmeiro

Miguel Ángel Nombela
Estefanía Paredes Rosendo

II.3.b. Nota de media y mínima de admisión (INDICADORES 35 e 50-2).	35
II.3.c. Relación de demanda en 1.ª opción/oferta de prazas de novo ingreso (I11).	37
II.3.d. Modalidade de ingreso.	38
II.3.e. Procedencia xeográfica do alumnado.	41
II.3.f. Conclusións.	41
II.3.g. Accións de mellora propostas.	41
II.4. Resultados de mobilidade na Titulación de Grao en Ciencias do Mar (INDICADOR 3).	42
II.4.a. Alumnado saínte.	42
II.5.b. Alumnado entrante.	48
II.5. Resultados académicos xerais INDICADOR10).	51
II.5.a. Taxa de éxito (I10-5).	51
II.5.b. Taxa de rendemento (I10-4).	51
II.5.c. Taxa de avaliación (I10-6).	52
II.5.d. Taxa de eficiencia (Ind. I10-3).	53
II.5.e. Taxa de abandono (I10-2, I21 e I22).	53
II.5.f. Taxa de graduación (I10-1).	55
II.5.g. Duración media dos estudos (I50-3).	56
II.6. Indicadores por materia (EVIDENCIA 25, INDICADORES 10-4a, 10-4b, 10-4c, 10-4d, 10-5a, 10-5b, 10-5c, 10-5d, 10-7 E 10-8).	58
II.7. Número de egresados.	78
II.8. Conclusións respecto dos indicadores académicos.	78
II.9. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12).	80
II.10. Resultados relacionados aos recursos humanos.	83
II.10.a. Cualificación do PDI (I50-4).	83
II.10.b. Resultados de investigación (I50-5) e de carácter académico.	85
II.10.c. Resultados do programa DOCENTIA (I7).	87
II.10.d. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8).	88
II.10.e. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6).	89
II.10.f. Conclusión respecto dos recursos humanos do centro.	94
II.11. Datos relativos a QSP recibidas (INDICADORES 27 e 28).	94
II.12. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema (INDICADOR 41).	95
II.12.a. Rexistros de Calidade do Centro.	95
II.12.b. Rexistros de Calidade da Titulación de Grao en Ciencias do Mar.	100
II.13. Consecución dos obxectivos de calidade.	102
III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO – SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNS.	120
<u>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</u>	120
<u>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</u>	123
<u>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE</u>	124
<u>CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS</u>	126
<u>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</u>	128
<u>CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE</u>	133
<u>CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO</u>	134

IV. MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS.	
Modificaci3ns na titulaci3n: Grao en Ciencias do Mar.	138
TITULACI3N DE MESTRADO UNIVERSITARIO EN OCEANOGRAFÍA pola UCA, ULPGC e UVIGO	139
V. DATOS E INDICADORES.	140
V.1. Resultados das enquisas de satisfacci3n das titulaci3ns oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23,24, 25, 26 e 39).	140
V.1.a. Índice de participaci3n (I50-1).	140
V.1.b. Índice de satisfacci3n sobre a titulaci3n (I20).	141
V.1.c. Resultados da enquisa de satisfacci3n do alumnado (I20-1, I13-1,I24-1, I25- 1, I26-1 e I39-1).	142
V.1.d. Resultados da enquisa de satisfacci3n dos egresados (I20-3, I23-2, I25-2, I26-2 e I39-2).	144
V.1.e. Resultados da enquisa de satisfacci3n do PDI (I20-2, I23-3, I24-3 e I26-3).	145
V.1.f. Resultados da enquisa de satisfacci3n do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4).	147
V.1.g. Resultados de enquisas de satisfacci3n propias da Facultade: enquisa sobre a xornada de aollida.	148
V.1.h. Resultados de enquisas de satisfacci3n propias da Facultade: enquisa ao alumnado sobre o TFM.	148
V.1.i. Resultados de enquisas de satisfacci3n propias da Facultade: enquisa aos Titores sobre o TFM.	149
V.1.j. Conclusi3ns respecto dos resultados das enquisas.	150
V.2. Enquisa de avaliaci3n docente (EAD) (EVIDENCIA 17, INDICADOR 43).	152
V.3. Resultados do perfil de ingreso (EVIDENCIA 3, INDICADORES 1, 2 e 35).	154
V.3.a. Preinscripci3n e admisi3n (I1).	154
V.3.b. Perfil do estudantado (I2) e nota media de acceso (I35).	156
V.4. Resultados de mobilidade na Titulaci3n de Mestrado en Oceanografía (INDICADOR 3).	157
V.5. Resultados acad3micos xerais (INDICADOR 10).	157
V.5.a. Taxas de 3xito e avaliaci3n (I10-5 e I10-6).	157
V.5.b. Taxa de rendemento (I10-4).	157
V.5.c. Taxa de eficiencia (I10-3).	158
V.5.d. Indicadores por materia (I10-7 e I10-8).	159
V.5.e. Taxa de abandono (I10-2).	160
V.5.f. Taxa de graduaci3n (I10-1).	160
V.5.g. Duraci3n media dos estudos (I50-3).	160
V.6. Conclusi3ns respecto dos indicadores acad3micos.	161
V.7. Resultados de inserci3n laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12).	161
V.8. Resultados relacionados cos recursos humanos.	162
V.8.a. Cualificaci3n do PDI (I50-4).	162
V.8.b. Quinquenios do profesorado.	163
V.8.c. Resultados de investigaci3n (I50-5).	163

V.8.d. Resultados do programa DOCENTIA (I7).	164
V.8.e. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8).	165
V.8.f. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6).	166
V.8.g. Conclusión respecto dos recursos humanos do Centro.	166
V.9. Datos relativos a QSP recibidas (INDICADORES 27 e 28).	166
V.10. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema.	166
V.10.a. Rexistros de Calidade do Centro.	166
V.10.b. Rexistros da Titulación do Máster Universitario en Oceanografía.	167
V.11. Consecución dos obxectivos de calidade.	169
VI. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO–SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS.	185
<u>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</u>	185
<u>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</u>	186
<u>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE</u>	187
<u>CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS</u>	189
<u>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</u>	190
<u>CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE</u>	193
<u>CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO</u>	194
VII. MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS. Modificacións na titulación: Mestrado Universitario en Oceanografía.	197
VIII. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES) (EVIDENCIA 12).	198
IX. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS.	201
X. OUTROS DATOS (que queira resaltar o Centro).	205
XI. CONCLUSIÓN E ACORDOS.	210
XI.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:	210
XI.2. Conclusións relevantes.	210
XI.3. Acordos.	211
XII. ANEXOS.	212

I. ASPECTOS INTRODUCTORIOS.

I.1. Presentación/Obxecto da reunión.

O documento DE-03 P1 “Revisión pola Dirección” do SGIC, aprobado na Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar o 6 de novembro de 2024, ten como obxectivo asegurar a mellora continua e verificar a adecuación e eficacia do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Ciencias do Mar e das súas titulacións. Este informe recolle os principais resultados e conclusións.

I.2. Informe inicial.

I.2.a. Descrición de cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento do centro/titulacións/servizos, no que se refire á calidade.

Como cada ano, nomeáronse as novas comisións delegadas da Xunta de Centro que se mencionan no apartado “XII. Anexos”. Cabe destacar que a meirande parte dos membros das comisións mantense, o que proporciona unha mellor xestión das súas competencias por ter experiencia do curso anterior.

I.2.b. Descrición de cambios na oferta formativa ou de servizos.

Hai que destacar a incidencia dos problemas de acceso á páxina web da Facultade ao principio do curso. Isto foi debido á decisión da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions de mudar ás páxinas web a novos servidores, sen que comunicaran á empresa que xestiona a páxina web da Facultade, Linckia S.L., o procedemento a seguir para facer o traslado de información. Esta incidencia ocasionó moitos problemas ao alumnado tanto de Grao como de Mestrado para obter información sobre horarios de clases, calendarios de prácticas e seminarios, así como outra información necesaria para o bo desenvolvemento da docencia.

Titulación de Grao en Ciencias do Mar.

O 6 de Xuño de 2023, a Facultade de Ciencias do Mar recibiu a Comisión Avaliadora para a Renovación da Acreditación na Titulación de Grao en Ciencias do Mar. Recibiendo o informe favorable por parte desta Comisión no curso 2023-24.

Neste curso académico quedou implantado na súa totalidade o Plan Novo de estudos. O alumnado matriculado no Plan Vello podía presentarse aos exames finais, tal e como indica a normativa vixente.

Os valores obxectivo do Novo Plan de estudos, xa implantado en todos os cursos do Grao, son os que se mostran na Táboa 1:

Táboa 1. Valores obxectivo na Titulación de Grao en Ciencias do Mar

Taxas para o Título de Grao			
Denominación	Valor medio	Meta proposta	
Taxa de graduación	25%	>20%	
Taxa de abandono	25%	< 25%	
Taxa de eficiencia	86%	>80%	
Taxa de rendemento	62%	1º curso	>50%
		2º curso	>60%
		3º curso	>70%
		4º curso	>80%
Taxa de éxito	70%	1º curso	>55%
		2º curso	>65%
		3º curso	>75%
		4º curso	>85%

O número de materias que se imparten en inglés mantense en cinco: Física I, Botánica Mariña, Sedimentoloxía, Contaminación Mariña e Dinámica Oceánica. Todas elas ofértanse no mesmo cuatrimestre, de tal maneira que sexa máis fácil cursalas polos estudantes de fala inglesa que só estean un semestre na nosa universidade. Ademais, a maioría do resto das materias da titulación son impartidas no modo “English Friendly”.

Así mesmo, continúaase impartindo o Curso Cero nas mesmas condicións que en anos anteriores.

O inicio do curso académico estivo marcado pola volta á actividade docente totalmente presencial na Facultade para todos os cursos, coa modificación da duración das clases desde a hora en punto ata a hora menos dez, co fin de poder airear as aulas durante os períodos de cambio de clase como única medida de prevención contra o Covid-19. Mantívose o anexo de “Plan de continxencia” nas guías docentes, que inclúen os seguintes aspectos no caso de ter que volver á docencia virtual por empeoramento da pandemia:

- Adaptación das actividades docentes a situación “virtual” (clases maxistras, prácticas, seminarios e saídas de campo).
- Modificación do peso das distintas actividades cara a avaliación da materia, incluíndo o exame final da mesma.
- Canles para a realización das titorías có alumnado.

Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO.

Como en cursos anteriores, mantivéronse as accións de coordinación, mantendo e reforzando as actividades xa desenvolvidas durante os cursos anteriores, así como favorecendo a resolución de aspectos xurdidos do día a día. Dende a coordinación do mestrado mantívose un contacto constante cos coordinadores das outras sedes (UCA e ULPGC), cos coordinadores de materias na UVIGO, co equipo decanal, coa comisión de calidade e cos/cas estudantes. Non houbo situacións salientables sobre o desenvolvemento da docencia ao longo de curso académico.

1.2.c. Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade (INDICADOR 40).

Na Figura 1 móstrase o mapa de procesos e na Táboa 2 a listaxe de procedementos en vigor durante o curso 2022-2023:




Figura 1. Diagrama dos procedementos do SGIC

Táboa 2. Listaxe de procedementos en vigor

PROCESOS ESTRATÉXICOS

DIRECCIÓN ESTRATÉXICA (DE)

DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico I04

DE-02 P1 Seguimento e medición I04

DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04

XESTIÓN DA CALIDADE E MELLORA CONTINUA (MC)

MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04

MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05

PROCESOS CLAVE

XESTIÓN ACADÉMICA (AC)

PLANIFICACIÓN DA OFERTA ACADÉMICA E ACCESO

AC-0104 P1 Accesos e admisión I02

XESTIÓN DO ALUMNADO

AC-0201 P1 Matrícula I02

XESTIÓN DE TÍTULOS

AC-0401 P1 Expedición de títulos oficiais I02

DOCENCIA (DO)

XESTIÓN DE PROGRAMAS FORMATIVOS

DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais I05

DO-0102 P1 Seguimento e mellora das titulacións I04

DO-0103 P1 Suspensión e extinción dunha titulación I04

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza I05

DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04

DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05

DO-0204 P1 Xestión das prácticas académicas externas I04

DO-0205 P1 Xestión da mobilidade I04

INFORMACIÓN PÚBLICA E RENDEMENTO DE CONTAS

DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05

PROCESOS SOPORTE (XESTIÓN DOS RECURSOS)

XESTIÓN DO PERSOAL (PE)

PE-01 P1 Xestión do PAS I04

PE-02 P1 Xestión do PDI I04

XESTIÓN DOCUMENTAL (XD)

XD-01 P1 Control dos documentos I01

XD-02 P1 Control dos rexistros I01

XESTIÓN DA INFRAESTRUTURA (IA)

IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos I03

Nas seguintes reunións da Comisión de Garantía de Calidade, aprobáronse os seguintes procedementos de calidade:

22 de abril de 2022: Actualización do Manual de Calidade da Facultade.

9 de maio de 2022: DE-01 P1 Ind 05 Programación e desenvolvemento estratéxico.

Celebráronse reunións da Comisión de Garantía de Calidade nas seguintes datas:

- 16 de novembro de 2021
- 1 de decembro de 2021
- 10 de decembro de 2022
- 20 de xaneiro de 2022
- 31 de xaneiro de 2022
- 11 febreiro de 2022
- 29 de abril de 2022
- 9 de maio de 2022
- 26 de maio de 2022
- 11 de xullo de 2022

Acordouse aprobar os “Documentos DE-01 Ind05 Programación e desenvolvemento estratéxico” e “Política e obxectivos de calidade”, así como os Cadros de Mando para o Grao e Mestrado (SGC-DE-02) durante o curso 2023-24, polo que deberían aplicarse a partir do mencionado curso. Con todo, eses criterios xa foron aplicados no presente documento.

Durante o curso 2022-23, a titulación de Graduado ou Graduada en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo someteuse ao seu segundo proceso de Acreditación. O proceso consistiu en dúas partes ben diferenciadas:

1. A elaboración dun autoinforme donde, desde o centro, se valore a implantación do título, da mesma maneira que na elaboración deste informe.
2. A visita de expertos externos á Universidade, que tivo lugar o 6 de xuño de 2023.

As propostas de mellora mostradas neste informe xurdiron a partir deste proceso de acreditación.

1.2.d. Cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento en materia de calidade.

Durante o curso 2023-23, cambiou a composición dos membros da Comisión de Garantía de Calidade de acordo coa da actualización do Manual de Calidade.

TITULACIÓN DE GRAO EN CIENCIAS DO MAR

II. DATOS E INDICADORES.

Os datos que se presentan a continuación recollen os resultados do Centro e da titulación oficial de Grao en Ciencias do Mar.

II.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23, 24, 25, 26, 38 e 39).

A información dispoñible sobre as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais da Universidade de Vigo obtense do seu Portal de Transparencia ([Secretaría Online Universidade de Vigo \(uvigo.gal\)](https://www.uvigo.gal)), e abarca os seguintes grupos de interese:

- Alumnado
- Egresados
- PDI
- PAS
- Empregadores

Estas enquisas realízanse anualmente ao alumnado (3º curso) e egresados, e bianualmente ao PDI, PAS, e empregadores.

Desde o curso 2017-18 ata a actualidade, fóronse producindo diversas modificacións na formulación das preguntas e na definición dos indicadores de todos os cuestionarios de satisfacción coa titulación, para os distintos grupos de interese.

Ademais, a Facultade de Ciencias do Mar realiza dúas enquisas de satisfacción propias a través da plataforma Moovi:

- Enquisa sobre o Curso Cero, que a realiza o alumnado que asistiu a este Curso.
- Enquisa sobre o desenvolvemento das materias, que a realizan os alumnos matriculados en cada materia.

II.1.a. Índice de participación dos distintos grupos de interese (INDICADOR 50-1).

Na Figura 2 móstrase o histórico da participación do alumnado, egresados, PDI, PAS e empregadores nas enquisas de satisfacción coa titulación de Grao. A descontinuidade nas liñas correspondentes á participación do PDI, PAS e empregadores débese a que neses anos non se realizou a enquisa por ser de carácter bianual. O esforzo realizado durante os últimos anos para incentivar a participación do alumnado, mediante a insistencia co envío de mensaxes de correo electrónico desde o Decanato, non conseguiu os resultados esperados. A participación do alumnado descendeu novamente ata un 11,0% (5 mulleres). No caso dos egresados, a participación mellorou notablemente con respecto ao curso anterior, cunha participación dun 28,0 (2 homes e 5 mulleres) e 27,0% (2 mulleres) para os egresados do Plan Vello e o Novo Plan de estudos, respectivamente.

No que se refire ao PDI, a última participación durante o curso 2022-23 volveu a descender notablemente, 40,0% (39 de 97 profesores/as), con respecto á convocatoria desta enquisa inmediatamente anterior que corresponde ao curso 2020-11, que foi dun 52,5% para o Plan Vello e un 60,3% para o Plan Novo. A participación do PAS mellorou con respecto a convocatoria anterior do curso 2020-21, pasando dun 7,0% no mencionado curso a un 21,0% (25% homes e 20% mulleres) neste curso 2022-23.




Figura 2. Histórico de participación do alumnado, egresados, PDI, PAS e empregadores nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar. PV = Plan Vello, PN = Plan Novo

No caso dos empregadores, unicamente dispónse de datos de participación nos cursos 2020-21 e 2021-23. Neste curso 2022-23, a participación dos empregadores foi de 3 institucións das 5 ás que se enviou a enquisa, un 60,0%. No curso anterior no que se realizou esta enquisa, curso 2020-21, a participación foi tamén de 3 institucións, pero sobre un total de 9 institucións ás que se lle solicitou desde o Decanato a realización da enquisa. Isto fai que a participación fora dun 33,3%.

Durante o período de tempo no que as enquisas estaban dispoñibles, enviáronse correos electrónicos aos diferentes grupos de interese en repetidas ocasións para animalos á participación. Á vista dos resultados, estimamos que é conveniente insistir con esta medida e facer ver aos grupos de interese a importancia de que fagan a súa contribución para a mellora das titulacións da Facultade. A valoración do equipo Decanal destes resultados é de moderadamente insatisfactoria.

II.1.b. Índice de satisfacción sobre a titulación dos distintos grupos de interese (I20).

A Figura 3 mostra o histórico de puntuacións medias obtidas nesta enquisa nos anos que leva impartíndose a Titulación de Grao en Ciencias do Mar. Como se mencionou anteriormente, a descontinuidade nas liñas correspondentes á participación do PDI, PAS e empregadores débense a que neses anos non se realizou a enquisa, ou non participaron nela. Os resultados mostrados poden considerarse como relativamente satisfactorios, xa que o índice xeral de satisfacción e todos os grupos de interese superan os 3 puntos, con valores máis baixos no alumnado e nos egresados. Concretamente, estes valores son de 3,20 puntos para o alumnado (5 mulleres), 3,36 puntos para os egresados do Plan Novo (2 mulleres), e 3,20 puntos para os egresados do Plan Vello (3,33 homes e 3,15 mulleres).

Pola outra banda, o índice de satisfacción xeral do PDI volve a superar lixeiramente os 4 puntos por segunda vez consecutiva con 4,02 puntos (3,98 homes e 4,09 mulleres). No caso do PAS, o índice xeral de satisfacción é de 3,82 puntos (4,33 homes e 3,67 mulleres), e o índice de satisfacción dos empregadores é de 4,11 puntos. Os valores xerais de satisfacción do PDI, PAS e empregadores mantense similares ao longo do histórico da titulación, malia que sería mellorable que estes valores positivos foran o resultado dunha maior participación nos grupos de interese.




Figura 3. Índices de satisfacción do alumnado, egresados, profesorado, PAS e empregadores coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar. PV= Plan Vello; PN = Plan Novo.

Nas seguintes táboas, correspondentes ás enquisas de satisfacción do alumnado, egresados/as, e PDI, os valores obtidos nas respostas márcanse en azul escuro cando o valor é igual ou superior a 4,5 puntos; en azul claro cando a puntuación é superior aos 4,0 puntos, e inferior a 4,5; en verde escuro cando o valor é igual ou superior a 3,5 e inferior a 4,0; en verde claro cando o valor é igual ou superior a 3,0 e inferior a 3,5; en laranja claro cando o valor é igual ou superior a 2,5 e inferior a 3,0; en laranja escuro cando o valor atópase entre un valor igual ou superior a 2,0 e inferior a 2,5; e en vermello cando o valor é inferior a 2,0. Así mesmo, os enunciados das cuestións marcados en gris indican que estes cambiaron con respecto a enquisas de cursos anteriores pero que os resultados obtidos nesas ítems poden ser comparables e son interesantes de destacar.

II.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I20-1, I23-1, I24-1, I25-1, I26-1 e I39-1).

A Táboa 3 mostra os resultados obtidos na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación. En xeral, obsérvase que as puntuación melloran con respecto aos cursos anteriores, sobre todo con respecto ao curso 2021-22. Obsérvanse melloras nas puntuacións nas preguntas 1, 2 e 6, correspondentes ao bloque 1, e as preguntas 13 e 18, correspondentes aos bloques 5 e 6, respectivamente. Ademais, obtense as mellores puntuacións dos últimos cursos nas preguntas 1, 2, 8, 12, 15, 16, 17 e 18.

A puntuación máis baixa, que se repite ao longo do histórico desta enquisa, é a obtida na pregunta 3 sobre os horarios da titulación. Neste curso 2022-23 é a máis baixa dos últimos anos. O esforzo, realizado de forma conxunta entre o profesorado e o alumnado, para elaborar uns horarios mellor distribuídos non deu o resultado esperado. Neste curso 2022-23 non houbo desaxustes nos horarios como ocorreu no curso anterior. Doutra banda, todos os grupos de interese desta Facultade e Titulación son conscientes da dificultade que conleva a elaboración dos horarios, onde hai que encaixar as clases de aula, prácticas e seminarios, tendo en conta os seguintes aspectos:

- 1.- O número de aulas para a docencia tipo A e C é suficiente pero limitado.
- 2.- O profesorado tamén imparte docencia noutras Titulacións (maioritariamente Graos e Máster nas Facultades de Ciencias do Mar, Química e Bioloxía). O profesorado, durante a elaboración destes horarios, actúa de maneira responsable e asegúrase que non teña solapamentos de horarios

doutras materias cando está a impartir a súa docencia. Se se impuxese desde a Dirección do Centro un horario que o profesorado tivese que cumprir de maneira obrigada, os POD de moitas Áreas de Coñecemento serían practicamente imposibles de elaborar.

- 3.- O número de laboratorios docentes é limitado e tamén son utilizados para as prácticas doutras materias, tanto desta como doutras Titulacións, polo que hai que adaptar os horarios para asegurar a súa dispoñibilidade. O problema non é só cuestión de espazo físico, senón tamén de que estean adecuadamente equipados, o cal é difícil de conseguir dado que o orzamento das Áreas de Coñecemento para material de prácticas é, cada vez, máis reducido.

Neste curso 2022-23 implantouse, como acción de mellora, o deseño dunha nova distribución de horarios, que permita que a docencia de aula e seminarios (A e C) impártase en horario de mañá para todos os cursos da Titulación. Así, as clases de aula A impartiranse en horario de 9 a 12 horas e as de seminarios entre as 12 e 14 horas. A docencia de prácticas de laboratorio vaise impartir pola tarde, en horario de 15 a 18 horas. Esta franxa de horario vai obrigar a aumentar o número de sesións de prácticas de laboratorio, que anteriormente estaban concentradas nun menor número de sesións, pero de maior duración, 4 ou 5 horas. Desta maneira, tamén se responde á demanda do alumnado de aumentar a docencia práctica. Este aumento non vai ser en número de horas, pero si en número de sesións. Haberá que esperar que se poda obter una mellor puntuación nesta cuestión a partir dos vindeiros cursos académicos.

Outra das preguntas onde se obtén moi baixa puntuación é a número 4 sobre o calendario de probas de avaliación. Desde o curso 2018-19 o calendario de exames é elaborado polos representantes do alumnado e que conta con visto e praxe da Dirección do Centro. Ademais, volveuse a implantar o “calendario de entregables”, que se elabora ao mesmo tempo que os horarios da titulación, donde o profesorado establece as datas límite de entregas de traballos ou outras actividades realizadas ao longo do curso. Con estas accións, non debería haber problema para o alumnado e a puntuación debería ser máis alta. Desde a Dirección do Centro, supoñemos que o alumnado que realiza a enquisa en 3º curso pode estar matriculado de materias de outros cursos, de forma que le solapen uns calendarios, de exames, entregas ou actividades, con outros.

É de destacar a baixa puntuación que, desde o curso 2020-21, recibía na cuestión 2, sobre a coordinación entre materias do Plan de estudos, pero que en este curso 2022-23 alcanza a maior puntuación dos últimos cursos. Con todo, manterase a acción de mellora “Recopilar la información desde la Coordinación del Grao y la Coordinación de los Cursos para evaluar la situación y tomar las medidas que se consideren oportunas para mejorar la coordinación entre materias”, na que se recompilará a información desde a Coordinación do Grao e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas. Para iso, será necesario manter conversacións cos representantes de alumnos para resolver as descoordinacións que aínda puidesen existir.

A baixa puntuación obtida na pregunta 5 sobre “A utilidade das prácticas da titulación”, con 2,80 puntos, é chamativa, tendo en conta que non se obtía esa puntuación, e ningunha por debaixo de 3 puntos, desde o curso 2018-19. Non deixa de ser chamativo, tal e como se explica anteriormente, que o alumnado demande máis prácticas cando lles parecen pouco útiles. A explicación desta baixa puntuación podería provenir das respostas ás preguntas abertas, que directamente falan da necesidade de reducir os horarios, e que tamén pode ser a explicación das baixas puntuación das preguntas 3 e 4.

Sorprende á Dirección do Centro a baixa puntuación da cuestión 6, sobre a orientación académica obtida no PAT, onde se obtivo unha puntuación de 2,85 puntos no curso anterior, e que neste curso 2022-23, volve a subir ata os 3,00 puntos. A dirección do Centro seguirá demandando ao profesorado que transmita ao alumnado que o PAT non é unha simple fonte de información sobre aspectos que non teñen que ver cos estudos (trámites administrativos, actividades extracurriculares, etc.), senón un

servizo onde o profesorado realiza labores de asesoramento para o devandito alumnado sobre aspectos académicos ao longo dos seus estudos de Grao, así como o esforzo na implementación do programa de MENTORING, que axudaron a mellorar a puntuación neste ítem en cursos anteriores.

Chama tamén a atención a baixa puntuación obtida desde o curso 2021-22 nas preguntas do bloque 3, sobre o sistema de garantía de calidade. Esta baixada da puntuación coincide cun cambio do enunciado das preguntas, polo que parece que o alumnado non asocia a caixa QSP como unha vía para respostas, resolucións e posta en marcha de accións inmediatas. Con todo, a Dirección do Centro sempre tenta manter unha comunicación fluída coa delegación de alumnos da Facultade para solucionar os problemas que poidan xurdir durante o desenvolvemento da docencia, así como na organización de diversos eventos.

É satisfactorio para a Dirección do Centro a mellora da puntuación na cuestión 16, sobre as plataformas de tele-docencia e ferramentas multimedia, donde o alumnado do Plan Novo do curso 2020-21 outorgou unha baixa puntuación, e que agora é a segunda puntuación máis alta obtida nos últimos cursos. Este aumento de puntuación preveíase no curso anterior e atribuíuse ao esforzo do profesorado á adaptación ao cambio das plataformas de tele-docencia, de FAITIC a *Moovi*. Agora o profesorado está aproveitando todas as posibilidades que ofrece a plataforma de tele-docencia Moodle para a mellora no desenvolvemento das actividades e os recursos ofertados ao alumnado.

As respostas ás preguntas abertas poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **“En xeral que é o que máis valoras da titulación?”**, destacan a dedicación do profesorado e os seus esforzos para que o alumnado acade os seus resultados de aprendizaxe.

Na pregunta **“Que melloras poderíanse incorporar á titulación?”**, destácase o número excesivo de traballos a realizar ao longo do curso e un número excesivo de horas presenciais na Facultade.

Na pregunta **“Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres”**, a única persoa responde a esta cuestión (en castelán) é o seguinte: “Reducir el horario!!! Que me paso la vida en la facultad y cuando llega el fin de semana estoy cansada, pero no puedo descansar porque hay entregas de trabajos.”

Táboa 3. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación

Enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación de Grao en Ciencias do Mar																			
Poboación:		Estudantado que cursa por primeira vez 3º curso dun grao																	
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)																	
Curso académico				2022-23 Plan Novo			2021-22 Plan Novo			2020-21 Plan Novo			2020-2021 Plan Vello						
				H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio				
Participación				0	5	11,0%	3	11	20,0%	4	2	37,50%	1	3	14,29%				
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	-	3,40	3,40	2,67	2,27	2,36	3,00	3,00	3,00	4,00	2,67	3,00	
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5		3,20	3,20	2,36	2,36	2,36	2,75	2,50	2,67	3,00	3,00	3,00	
				3	Os horarios da titulación	De 1 a 5		1,00	1,00	1,27	1,21	1,00	1,50	1,17	1,00	1,50	1,33		
				4	O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5		2,40	2,40	3,00	2,80	2,85	1,50	2,50	1,83	1,00	2,67	2,25	
				5	A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5		2,80	2,80	2,33	3,40	3,15	3,50	3,00	3,33	4,00	3,33	3,50	
				6	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial	De 1 a 5		3,00	3,00	3,00	2,80	2,85	4,00	3,00	3,50	3,00	3,00	3,00	
		2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5		3,40	3,40	4,00	3,27	3,43	3,00	4,00	3,20	2,00	4,00	3,50	
				8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5		3,80	3,80	3,67	3,27	3,36	3,25	4,00	3,40	3,00	4,00	3,75	
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas audiovisuais...)	De 1 a 5		3,60	3,60	2,50	3,18	3,08	3,67	3,50	3,60	4,00	3,67	3,75	
				-	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)	De 1 a 5							3,00	2,50	2,80	3,00	3,00	3,00	
				10	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións)	De 1 a 5		2,00	2,00	1,67	2,18	2,07							
				11	A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5		2,60	2,60	2,00	2,09	2,07							
	3	Sistema de garantía de calidade	-	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.	De 1 a 5							3,50	-	3,50	-	3,00	3,00		
			12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5		4,00	4,00	3,67	3,36	3,43	3,67	5,00	4,00	3,00	3,33	3,25		
	2	Recursos	5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5		3,40	3,40	3,33	2,73	2,86	3,75	2,50	3,33	4,00	3,33	3,50
					14	Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5		3,40	3,40	3,67	2,91	3,07	3,25	4,50	3,67	3,00	3,67	3,50
					15	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5		4,40	4,40	4,67	3,80	4,00	3,75	4,50	4,00	4,00	4,00	4,00
					16	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5		4,33	4,33	3,00	3,09	3,07	2,25	3,50	2,67	4,00	3,33	3,50
17					A formación adquirida	De 1 a 5		3,60	3,60	3,00	3,09	3,07	3,25	4,00	3,50	4,00	3,00	3,25	
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5		3,60	3,60	2,33	2,82	2,71	3,00	3,50	3,17	4,00	2,67	3,00	
				19	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	60,0%	40,0%			0,50		0,50	1,00	0,67	1,00	0,67	0,75	
En xeral, a calidade da titulación				20	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta													
				21	Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación	Resposta aberta													
				22	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta													
				23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta													

II.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-3, I25-2, I26-2, I38 e I39-1).

Na Táboa 4 móstranse os resultados das enquisas realizadas aos/as egresados/as nos tres últimos cursos académicos. As puntuacións, en xeral, son lixeiramente máis baixas no último curso que nos cursos anteriores. No seu conxunto, a valoración da titulación polos egresados é considerada pola Dirección do Centro como pouco satisfactoria. Con todo, o feito de que na pregunta 23, o 100% dos/as enquisados/as do Plan Novo, e o 71 do Plan Vello, recomenden a titulación a outras persoas, manifesta a visión positiva que teñen desta titulación unha vez que a finalizaron.

Obsérvanse algunhas diferencias entre os resultados das enquisas dos egresados do Plan Novo e do Plan Vello. A máis destacable é as puntuacións da pregunta 1 sobre “A distribución de materias do plan de estudos” con puntuacións de 4,00 no Plan Novo e 2,43 no Plan Vello. Esas mesmas diferencias obsérvanse nas puntuacións correspondentes ao bloque 6 sobre os “Resultados de aprendizaxe”, con moi boas puntuacións das egresadas do Plan Novo, e menores puntuacións outorgadas polos/as egresados/as do Plan Vello.

As puntuacións máis altas obtense nos bloques 4 e 5 sobre os “Recursos humanos” e os “Recursos Materiais e Servizos”, respectivamente, con puntuacións similares nas enquisas dos Plans Novo e Vello. É de destacar a boa puntuación na pregunta 11, sobre “O desempeño do profesorado”, da que convén resaltar a continuidade das boas cualificacións obtidas desde o curso 2020-21, tras anos previos nos que o labor do profesorado era peor valorada e con flutuacións anuais importantes.

Polo contrario, as puntuacións máis baixas en ambas enquisas obtense nas preguntas 3, 4 e 5, dentro do bloque 1 de “Organización e desenvolvemento”. Neste bloque, a puntuación máis baixa obtense na cuestión 5 sobre “A orientación profesional e laboral recibida”, obtendo unha puntuación de 2,00 e 1,71 puntos nos Plans Novo e Vello, respectivamente. Desde o curso 2020-21, está a organizarse na Facultade unhas xornadas sobre saídas profesionais, nas que se convida ao alumnado egresado da Facultade de Ciencias do Mar e que desempeña as súas actividades profesionais en empresas relacionadas ou non co sector mariño e/ou científico técnico. Preténdese que os/as egresados/as poidan achegar ideas ao alumnado para comezar a procura de emprego, así como pór de manifesto o amplo abanico de ámbitos laborais á que poden acceder os Titulados en Ciencias do Mar. Hai que destacar, por outra banda, que a participación do alumnado nestas xornadas foi moi baixa, aínda que é o propio alumnado quen busca as datas máis compatibles co seu horario académico para a realización destas xornadas. Ademais, organizáronse sesións sobre búsqueda de emprego, redacción do curriculum vitae, redacción dunha carta de presentación ou preparación dunha entrevista de traballo, impartidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, cunha asistencia máxima de 19 estudantes, e outras ás que non houbo asistencia. Ademais de todas estas accións de mellora, propónse unha nova acción de mellora na que o profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgúns de coñecementos e técnicas transversais, destaque as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.

A outra pregunta cunha puntuación inferior a 3 puntos é sobre “A orientación académica recibida”. A pesar de que na Facultade están en marcha os programas do PAT e o MENTORING, o uso que fan deles os alumnos é moi limitado, polo que se fará un esforzo por convencerlos do seu interese.

As puntuacións obtidas nas cuestións relativas ao Bloque 3 “Sistema de garantía de calidade” son moi contradictorias. Mentres que na pregunta 9 “A atención ás queixas, suxestións ou incidencias...” obtense moi baixa puntuación nas dúas enquisas, 1,00 e 2,71 puntos, a pregunta 10 sobre “A implicación do Centro na resolución dos problemas e na mellorar da titulación” recibe boas puntuacións, 4,00 e 3,00 puntos. Tanto a Dirección do Centro como os profesores tenden a manter unha comunicación fluída e constante co alumnado e os seus representantes, así como fomentar a súa participación en todas as comisións colexiadas e delegadas do Centro nas que teñen representación.

En canto ás puntuacións desagregadas por sexo, obsérvanse diferencias nas preguntas 1, 6 9 e 10, donde os homes califican con boas ou moi boas puntuacións os aspectos que as mulleres non valoran positivamente.

As respostas ás preguntas abertas poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **“En xeral, que é o que máis valora da titulación?”**, o que máis destacan é a multidisciplinaridade e a implicación por parte do profesorado nas tarefas de aprendizaxe.

Na pregunta **“Que melloras poderíanse incorporar á titulación?”**, propóñense varias cousas, donde as máis salientables as seguintes: 1. dimensionar os contidos e traballos nalgúns materias (non se especifican cales delas); 2. menos materias de xeoloxía e máis saídas de campo; 3. xestión de proxectos e máis aplicabilidade tanto nos contidos como nas prácticas de laboratorio; 4. Maior orientación laboral.

Na pregunta “Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres”, as dúas respostas obtidas vuelven a incidir en una maior aplicabilidade dos contidos hacia a orientación profesional e maior formación xestión de proxectos.

Táboa 4. Resultados da enquisa de satisfacción coa Titulación dos egresados.

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2022-2023																					
Poboación:		Persoas que remataron os seus estudos de grao en 2021-2022										Curso 2021-22		Curso 2020-21							
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)		Plan Novo			Plan Vello			2020-2021			2019-2020										
		H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total								
		Satisfacción	-	3,36	3,36	3,33	3,15	3,20	3,40	3,83	3,68	3,68	3,76	3,74							
		Participación	0	2	27%	2	5	28%	1	2	8%	10%	16%	13%							
Dimensións	Bloques	Cuestións																			
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución das materias do plan de estudos	A organización xeral do plan de estudos da titulación	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,00	2,20	2,43	5,00	3,00	3,67	4,00	3,75			
				2	O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	A actualización dos contidos	De 1 a 5	-	3,50	3,50	2,50	3,20	3,00	4,00	4,00	4,00	5,00	3,67	4,00		
				3	As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas	De 1 a 5	-	2,50	2,50	2,50	2,60	2,57	3,00	4,00	3,67	3,00	3,33	3,25		
				4	A orientación académica recibida	A orientación académica para continuar os estudos	De 1 a 5	-	2,00	2,00	2,00	2,60	2,43	1,00	3,50	2,67	3,00	3,33	3,25		
				5	A orientación profesional e laboral recibida	A orientación profesional e laboral	De 1 a 5	-	2,00	2,00	1,50	1,80	1,71	1,00	2,50	2,00	1,00	2,00	1,75		
	2	Información e transparencia	6	Os programas de mobilidade, de ser o caso	Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5	-	3,00	3,00	5,00	2,75	3,20	3,00	5,00	4,00	4,00	3,67	3,75			
			7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,00	3,40	3,29	2,00	4,50	3,67	3,00	4,33	4,00			
			8	A utilidade da páxina web da titulación	A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade	De 1 a 5	-	2,50	2,50	3,20	3,00	3,00	3,00	4,50	4,00	3,00	3,67	3,50			
	3	Sistema de garantía de calidade	9	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións)		De 1 a 5	-	1,00	1,00	3,50	2,40	2,71	3,00	4,00	3,67						
			10	A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación		De 1 a 5	-	4,00	4,00	4,50	2,40	3,00	4,00	3,50	3,67						
2	Recursos	4	Recursos humanos	11	O desempeño do profesorado	A cualificación do profesorado	De 1 a 5	-	3,50	3,50	3,50	3,60	3,57	4,00	4,00	4,00	4,00	4,00			
				12	A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro	A cualificación do persoal de administración e servizos	De 1 a 5	-	4,00	4,00	4,00	4,20	4,14	4,00	3,50	3,67	4,00	4,33	4,25		
	5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e laboratorios	As infraestruturas e os materiais dispoñibles	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,80	3,86	5,00	4,00	4,33	5,00	4,33	4,67	4,50			
			14	Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC...)	Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,50	4,40	4,14	5,00	4,00	4,33	5,00	4,67	4,75			
			15	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...)	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,50	3,67	3,67	3,00	4,00	3,67	5,00	3,67	4,00			
			-		As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...)	De 1 a 5															
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	16	A formación adquirida	A formación adquirida	De 1 a 5	-	4,50	4,50	4	3,20	3,43	4,00	4,00	4,00	5,00	3,67	4,00		
				17	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,50	3,20	3,29	3,00	4,00	3,67	3,00	3,00	3,00		
4	Prácticas e experiencia	7	Prácticas externas	18	Realizou algunha práctica externa		Si / Non	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC		
				19	Formación adquirida na práctica		De 1 a 5	-	-	-	4,00	3,33	3,50	3,00	4,00	3,50	4,00	5,00	5,00	4,67	
				20	Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación		De 1 a 5	-	-	-	4,00	3,67	3,75	3,00	3,00	3,00	5,00	5,00	5,00		
				21	Duración das prácticas		De 1 a 5	-	-	-	4,00	4,33	4,25	5,00	4,00	4,50	1,00	4,00	3,00		
				-		A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso	De 1 a 5														
	8	Situación actual	22	Indique cales destas opcións reflicten a súa situación laboral ou académica na actualidade:		Elidir unha opción	a) Estudiante	100%	a) Estudiante	67%	a) Estudiante	25%									
			-	Traballa ou traballou nalgún ámbito relacionado coa titulación?		Si / Non															
Preguntas abertas				23	Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC		
				24	En xeral, que é o que máis valora da titulación?	En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta														
				25	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación	Resposta aberta														
				26	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres		Resposta aberta														

II.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-2, I24-3 e I26-3).

As preguntas desta enquisa cambian drasticamente no curso 2020-2021 con respecto ás realizadas nos cursos anteriores 2018-2019 e 2016-2017. Neste curso son as mesmas que se lle fan ao alumnado de Grao, fóra de dúas novas preguntas, a 12 e a 13, “A atención do persoal de administración e servizos do centro” e “A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado”, respectivamente. Moitas das preguntas da enquisa anterior foron modificadas, pero teñen certa relación coas preguntas da actual enquisa, tal como se mostra na Táboa 5 naquelas preguntas marcadas en gris. Doutra banda, desaparecen as seguintes preguntas formuladas enquisas anteriores:

2	As competencias do Plan de estudos.
8	O desenvolvemento dos ensinados da Titulación.
10	A calidade da docencia na Titulación.
11	A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal.
15	A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na Titulación.
20	A orientación profesional e laboral ao estudantado da Titulación.
22	A información dispoñible en relación coa calidade.
25	Os obxectivos de calidade.

Desde a Dirección do Centro, bótase en falta a pregunta 20 sobre “A orientación profesional e laboral ao estudantado da titulación” xa que, xunto coa pregunta 5 da enquisa de satisfacción dos/as titulados/as, fai alusión a unha demanda habitual dos alumnos. As súas valoracións anteriores serviron para implantar unha acción de mellora que implicou a organización das xornadas e actividades orientadas a saídas profesionais e procura de emprego, ademais das accións de mellora así como as novas accións “Orientación das habilidades das materias para enfocalas hacia o mundo laboral”, “Fomento de la formación en estadística, normativas de entorno laboral y gestión de proyectos en aquellas asignaturas donde se adquieran o se puedan adquirir habilidades en estos aspectos”, e “Revisión del programa PAT para que en los primeros cursos de la titulación tenga una orientación más académica y en los últimos cursos una orientación laboral”.

Na Táboa 5 móstranse os resultados das enquisas realizadas nos tres últimos cursos académicos. Como se pode observar, as puntuacións melloraron na práctica totalidade dos bloques e nas preguntas realizadas, polo que podemos considerar que o PDI está moi satisfeito coa Titulación.

Nesta táboa incluíronse as preguntas 23 e 24 da antiga enquisa para comparalas coa pregunta 11 da actual “As canles de participación na mellora da Titulación (caixa de correos de queixas, suxestións e felicitacións, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da Titulación...)”, que agrupa as dúas anteriores, observándose igualmente que as puntuacións melloraron con respecto aos anos anteriores.

As preguntas con as puntuacións máis baixas nesta enquisa son as seguintes:

Pregunta 2, “A coordinación entre as materias do plan de estudos”, 3,69 puntos. O profesorado é consciente de que hai que mellorar as tarefas de coordinación e manterase a acción de mellora “Recopilar la información desde la Coordinación del Grao y la Coordinación de los Cursos para evaluar la situación y tomar las medidas que se consideren oportunas para mejorar la coordinación entre materias”, para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas.

Pregunta 3, “Os horarios da titulación”, 3,63 puntos. O PDI está concienciado de que os horarios da titulación poden ser mellorables e, xunto coa baixa puntuación na enquisa de satisfacción do alumnado, neste curso 2022-23 implantouse, como acción de mellora, o deseño dunha nova distribución de

horarios. que permita que a docencia de aula e seminarios (A e C), impártase en horario de mañá para todos os cursos da Titulación. Así, as clases de aula A impartiranse en horario de 9 a 12 horas e as de seminarios entre as 12 e 14 horas. A docencia de prácticas de laboratorio vaise impartir pola tarde, en horario de 15 a 18 horas. Esta franxa de horario vai obrigar a aumentar o número de sesións de prácticas de laboratorio, que anteriormente estaban concentradas nun menor número de sesións, pero de maior duración, 4 ou 5 horas. Desta maneira, tamén se responde á demanda do alumnado de aumentar a docencia práctica.

Preguntas 13, “A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado”, 3,67 puntos. A puntuación nesta pregunta supera o aprobado e mellora a puntuación da enquisa anterior, no curso 2020-21. Despois dos cambios producidos nos cursos anteriores con motivo da pandemia da Covid-19, o profesorado mellorou no manexo das ferramentas das “aulas integra” e a plataforma de tele-docencia *Moovi*. A aprendizaxe no manexo destas ferramentas foi unha necesidade moi importante nos anteriores cursos e, agora, na actualidade, a necesidade de cursos de formación é menor.

A menor puntuación desta enquisa obtívose na pregunta 19 sobre “A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas”, con 3,49 puntos. Sobre esta pregunta, o profesorado debe facer fincapé na aplicabilidade dos contidos das materias, con obxecto de que o alumnado adquira consciencia das destrezas e habilidades que poden aplicar co coñecemento adquirido.

As respostas abertas poden resumirse da seguinte maneira.

Na seguinte Figura (32), móstranse as taxas de rendemento e éxito por semestre obtidas no curso 2022-23, e pódese observar que, no caso das materias de 1.º e as do primer semestre do 2.º curso, cúmprense os valores obxectivo, aínda que isto non quere dicir que estes valores obxectivo se alcancen en todas as materias. No caso do segundo semestre do segundo curso, a taxa de rendemento queda a dous puntos (58%) do valor obxectivo; e taxa de éxito queda 3,35 puntos por debaixo do seu valor obxectivo. A maioría das materias deste semestre cumpren os seus valores obxectivo, excepto a materia Ecoloxía Mariña, que é a que baxia o valor promedio neste semestre. O outro semestre que non cumpre os seus valores obxectivo é o primeiro do cuarto curso, sendo de 4,9 e 6,4 puntos menores dos seus valores obxectivo nas taxas de redemento e éxito, respectivamente. Hai que destacar que estas materias do primeiro semestre son as obrigatorias y que as taxas das materias Pesquerías e Dinámica Oceánica son as que baixan estes valores promedio. Estas dúas materias son complicadas de superar polo alumnado por ter unha carga de matemáticas e estatística moi importante, pero son moi importantes para a formación do alumnado de Grao.

Polo tanto, pódese concluir que o grao do cumprimento destes valores obxectivo é satisfactorio practicamente en toda a titulación e que os valores obxectivo propostos na nova memoria do título foron adecuados.

Con os valores obtidos, a taxa de rendemento xeral para a titulación foi neste curso 2022-23 dun 72,3%, o que explica que a duración media dos estudos diminuíse, aínda que siga sendo superior a 5 anos. Polo tanto, pódese dicir que se observan pequenas melloras grazas á modificación da distribución das materias realizado no Novo Plan de estudos, así como os esforzos realizados polos distintos Equipos Decanais da Facultade, a través das accións de coordinación e as campañas de promoción da titulación, entre outros. O Equipo Decanal continuará facendo un atento seguimento destas taxas para comprobar se foi un episodio puntual o una tendencia á mellora. A pouca participación do alumnado nas enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, tal e como

se comenta no apartado II.1.h, e que foron plantexadas como acción de mellora, non serviron para inspirar medidas que sirvan para mellorar esas taxas.




Figura 32. Tasas de éxito e rendemento por semestre para o curso 2022-23.

Nas seguintes gráficas (Figuras 33 a 36), móstrase as taxas de rendemento e éxito en cada materia no curso 2022-23, así como a evolución destas taxas ao longo do histórico da titulación. Inclúense de maneira separada as materias dos Plans de estudos Novo (PN) e Vello (PV).

As taxas de rendemento das materias do primeiro curso oscilan entre 45% da materia Matemáticas II, que é a única que non acadar os valores obxectivos para o primeiro curso, e o 94% da materia Xeoloxía I. As materias coas taxas de rendemento máis altas son Xeoloxía I e II, Bioloxía II e Física I.

No primeiro semestre do segundo curso, as taxas de rendemento das materias Bioquímica, Sedimentoloxía e Oceanografía Química I superan o 70% mentres que as materias Botánica Mariña e Física II apenas superan o 50%. No segundo semestre, as taxas de rendemento de casi todas as materias son algo superiores ao 60%, mentres que na materia Ecoloxía Mariña é dun 39%. As taxas de éxito teñen un comportamento similar nambos semestres.


No terceiro curso, a maioría das materias teñen taxas de rendemento superiores ao 80%, pero as materias Oceanografía Física I e II teñen taxas de rendemento por baixo do 50%. Obsérvase un comportamento similar coas taxas de éxito.

No primeiro semestre do cuarto curso, obsérvanse dous grupos de materias. Nun grupo, Contaminación Mariña, Xeoloxía Mariña Aplicada e Xestión Mariña e Litoral, teñen taxas de rendemento superiores ao 95%, mentres que noutro grupo, coas materias Dinámica Oceánica e Pesquerías, as taxas de rendemento son moi inferiores. No caso das materias optativas, todas superan o valor obxectivo da taxa de rendemento do 80%, sendo na maioría dos casos dun 100%.


A evolución histórica das taxas de rendemento e éxito mostra que, despois das alteracións que tiveron estes valores pola situación da pandemia da Covid-19 e os cambios dos plans de estudos, os valores destas taxas volven a estar nas franxas que se observaban no plan de estudos vello.

1º curso

1er semestre




2º semestre




Taxa de Rendemento

TR: 1º SEMESTRE 1º CURSO




TR: 2º SEMESTRE 1º CURSO



Taxa de Éxito

TE: 1º SEMESTRE 1º CURSO



TE: 2º SEMESTRE 1º CURSO






Figura 33.

2º curso

1er semestre




2º semestre




Taxa de Rendemento

TR: 1º SEMESTRE 2º CURSO




TR: 2º SEMESTRE 2º CURSO



Taxa de Éxito

TE: 1º SEMESTRE 2º CURSO



TE: 2º SEMESTRE 2º CURSO






Figura 34.

3º curso

1er semestre




2º semestre




Taxa de Rendemento

TR: 1º SEMESTRE 3º CURSO




TR: 2º SEMESTRE 3º CURSO



Taxa de Éxito

TE: 1º SEMESTRE 3º CURSO



TE: 2º SEMESTRE 3º CURSO







Figura 35.

4º curso e materias optativas



Taxa de Rendemento



Taxa de Éxito





Figura 36.

Traballo de Fin de Grao

Como se mostra na Táboa 16, o número total de traballos supervisados no Centro durante os últimos cursos académicos é de 258 dos que se defenderon un 75,6% (195 TFGs). O número de liñas e prazas ofertadas mantense cada ano ao redor de 45 e 55, respectivamente, suficiente para cubrir a demanda de TFGs da titulación. O número de matriculados da táboa inclúe ao alumnado repetidor e, ademais, hai que ter en conta que algúns alumnos non elixen liña na súa primeira matriculación polas causas que se comentarán máis adiante.

Táboa 16. Histórico de número de matriculados, número de liñas ofertadas, prazas dispoñibles, liñas asignadas e traballos defendidos no TFG do Grao en Ciencias do Mar.

TFG	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Matriculados	46	81	77	81	73	56
Liñas de traballo ofertadas	42	47	38	52	51	42
Prazas ofertadas	61	56	43	61	59	46
Prazas asignadas	36	50	42	44	51	35
Defendidos	28	32	40	37	31	27

A asignación de liñas faise pública na web do Centro: <https://mar.uvigo.es/alumnado/trabajo-fin-de-grado/>

A lingua de presentación do TFG, tanto do volume escrito como da exposición oral, pode ser o castelán, galego ou inglés, tal e como queda establecido na guía docente da devandita materia.

O curso 2012-13 foi o primeiro no que se presentaron Traballos de Fin de Grao. Na seguinte Táboa (17) móstrase o número de traballos de Fin de Grao presentados nos últimos cursos académicos:

Táboa 17. Número de alumnos presentados nas convocatorias do TFG desde o curso 2017-18 ata o 2022-23.

Curso	Nº alumnos convocatoria maio/xuño	Nº alumnos convocatoria xullo	Nº alumnos convocatoria febreiro	Nº alumnos convocatoria fin de carreira
2017-18	8	10	2	7
2018-19	7	18	1	5
2019-20	9	15	7	6
2020-21	9	14	9	8
2021-22	6	19	2	5
2022-23	8	10	4	6

As cualificacións dos TFGs defendidos ata o momento na titulación de Ciencias do Mar preséntanse na seguinte Táboa (18), resúmense os valores medios por convocatoria obtidos polo alumnado nos últimos 6 cursos académicos. Neste curso 2022-23, as mellores cualificacións as obtiveron o alumnado que se presentou á convocatoria ordinaria de xuño.

Táboa 18. Cualificacións obtidas polo alumnado nas convocatorias do TFG desde o curso 2017-18 ata o 2022-23.

Nota media	convocatoria maio/xuño	convocatoria xullo	convocatoria febreiro	convocatoria fin de carreira
2017-18	8,5	8,3	7,9	8,0
2018-19	8,6	7,7	8,9	8,5
2019-20	8,7	8,6	7,5	8,4
2020-21	8,4	8,7	7,8	8,0
2021-22	8,7	8,2	7,3	8,3
2022-23	9,1	7,8	6,4	7,1

Na Figura 37 móstrase o histórico das taxas de rendemento e éxito do TFG, que desde o curso 2021-22 está desagregado en Plan Novo e Vello. Neste curso 2022-23, a taxas de rendemento nos Plans Vello e Novo son algo superiores ás do curso anterior, con valores dun 46,4 e 34,8%, respectivamente. É de destacar, en xeral, a gran diferenza entre os valores tan baixos da taxa de rendemento e o valores da taxa de éxito, que alcanza valores dun 100%.




Figura 37. Histórico de taxas de rendemento e éxito do Traballo Fin de Grao na titulación de Grao en Ciencias do Mar. PN = Plan Novo; PV = Plan Vello.

A explicación destas diferenzas débese, fundamentalmente, a que o alumnado do Grao en Ciencias do Mar ten a obrigación legal de matricularse anualmente, como mínimo, de 48 créditos, igual que o resto de alumnado da Universidade de Vigo. A tendencia do alumnado é a matricularse ao final dos seus estudos de grao daquelas materias máis difíciles de superar e, por tanto, vense obrigados a matricularse do TFG se o número de créditos non alcanza o número mínimo de 48. Isto provoca dúas situacións:

- 1- En numerosas ocasións, o alumnado entrega a súa memoria de TFG para a súa lectura e defensa, pero finalmente non poden defendelo porque non aproba algunha das materias pendentes.

- 2- Unha parte do alumnado non elixe liña de traballo no seu primeiro ano de matrícula, sabendo que non vai poder dispoñer de tempo para realizalo coas materias que aínda quedan pendentes.

Estes feitos fan que unha porcentaxe significativa do alumnado non poida defender o seu TFG o primeiro ano que se matricula porque ao final de curso pódalles quedar algunha materia pendente. Os alumnos son conscientes de iso e tamén aproveitan para matricularse do TFG co fin de ir avanzando nos seus traballos de laboratorio e/ou campo, mentres van superando as materias que quedan por aprobar.

Para poder evidenciar isto con máis exactitude, o ideal sería dispoñer de datos obxectivos nos que fundamentar esta explicación, pero isto requiriría moito tempo e esforzo por parte da Secretaría do Centro, xa que sería necesario recompilar, a partir da plataforma *Xescampus* ou *Sigma*, a información necesaria alumno por alumno e, finalmente, facer os cálculos correspondentes para obter as porcentaxes.

O coordinador da materia TFG non soamente imparte unha charla de información sobre esta materia ao alumnado de 4.º curso, senón que desde o curso 2020-21 tamén a imparte ao alumnado de 3.º curso, para informarles da importancia de que se matriculen con responsabilidade, así como que teñan a seguridade de poder realizar a súa lectura e defensa no curso académico no que realmente poidan presentalo. Tendo en conta esa obrigaón de matricularse dun mínimo de 48 créditos por curso académico, como se comentou anteriormente, é difícil que esta acción de mellora teña a efectividade desexada.

A cualificación do TFG obtense da cualificación achegada polo titor académico (30%), onde se valora a execución do traballo e o volume escrito, e a cualificación do tribunal (70%), onde tamén se revisa o traballo escrito, pero prima sobre todo a presentación e defensa do traballo. En xeral non adoita haber suspensos, xa que o TFG é dirixido persoalmente por docentes do grao que, na actual aplicación, deben dar o visto e prace á defensa do TFG do alumno. Deste xeito, unha vez chegado o momento da presentación existe un filtro importante e todos os traballos que se defenden alcanzan un mínimo de calidade. Así mesmo, unha gran parte do alumnado esmérase en facer un traballo de calidade, considerando que o TFG sévelles como tarxeta de presentación á hora de acceder ao mundo laboral. As MH outorgadas responden o límite posible en función do número de alumnos matriculados.

As cualificacións obtidas nos últimos cursos son as seguintes (Taboa 18), na que se pode ver que aumentaron as proporcións de alumnos/as coa cualificación de aprobado e matrícula de honra, e diminuíu a proporción do alumnado coa cualificación de sobresaliente.

Táboa 19. Histórico de distribución de cualificacións obtidas no TFG do Grao en Ciencias do Mar.

Cualificacións	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Matrícula de Honra	4	3	3	5	2	3
Sobresaliente	3	9	13	15	6	4
Notable	14	16	18	11	18	17
Aprobado	8	4	6	6	4	3
Suspenso	0	0	0	0	1	0
Non presentado	30	49	37	44	42	19

Estas cualificacións desvíanse dos valores media do grao, onde a cualificación máis frecuente é o aprobado, seguida do notable, e con escasos sobresalientes. Isto, como xa se comentou, é esperado, xa que o TFG é un traballo individual para o que o estudante dispón de 300 h e da titorización dun docente, o que incentiva a súa implicación para realizar un traballo de calidade.

As boas cualificacións son un indicativo de que o alumnado que termina os seus estudos de Grao adquiriu as competencias e habilidades da titulación de maneira satisfactoria. Tamén hai que destacar nesta Táboa 19 o elevado número de alumnos/as que aparecen como Non Presentado, tal e como se comentou anteriormente.

A normativa do TFG da Universidade de Vigo foi aprobada en Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018 e 31 de outubro de 2022. Mentras que, a normativa do TFG da Facultade de Ciencias do Mar, aprobada o 12 de abril de 2012, está sin modificar desde o 25 de xuño de 2013. Polo que, aínda que non houbera queixas nin incidencias doutra índole, a Dirección do Centro considera necesaria unha actualización do regulamento do TFG da Facultade, así como reforma dos criterios de avaliación do TFG, tanto da parte do titor como a que realiza o tribunal, mesmo na adxudicación de Matrículas de Honra. Estes cambios propónse como unha acción de mellora. A maneira máis adecuada de levalos a cabo é mediante a desenvolvemento de rúbricas que faciliten ao alumnado o criterio a seguir para a elaboración do traballo e a súa exposición, así como para axudar aos distintos tribunais, que participan nunha mesma convocatoria, a avaliar de maneira uniforme os traballos e exposición destes.

Finalmente existen dúas cuestións relacionadas co TFG susceptibles de mellora. Ambas teñen que ver coa implicación do profesorado. Por unha banda, aínda que o TFG é unha materia máis da titulación, a titorización dos traballos non conta no POD. Aínda que na Universidade de Vigo recoñécese un desconto de docencia de 6 h por cada traballo titorizado, os profesores consideran que este recoñecemento é insuficiente. A segunda cuestión ten que ver coa participación nos tribunais que xulgan os TFGs, o que require un tempo significativo previo de lectura e avaliación dos mesmos, ademais do tempo empregado no acto de lectura e defensa. De novo, aínda que na Facultade aplícanse descontos docentes dunhas poucas horas por formar parte dos tribunais do TFG, o profesorado considéraos insuficientes.

Materia	Curso Académico	Sexo	Nº créditos matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	T. Eval.	T. Exito	T. Ren.	
G060501	Fisioloxía de organismos mariños	Muller	6,00	6,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%	
			Total	6,00	6,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
G060908	Teledetección oceanográfica	Home	12,00	6,0	6,0	50,00%	100,00%	50,00%	
			Total	12,00	6,0	6,0	50,00%	100,00%	50,00%
G060604	Química aplicada ao medio mariño II	Home	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	
			Total	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
G060702	Dinámica oceánica	Home	6,00	6,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%	
			Muller	30,00	30,0	18,0	100,00%	60,00%	60,00%
			Total	36,00	36,0	18,0	100,00%	50,00%	50,00%
G060502	Oceanografía biolóxica I	Muller	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	
			Total	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%

G060601	Oceanografía biolóxica II	2022/2023	Muller	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
G060602	Oceanografía física II	2022/2023	Home	6,00	6,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%
			Muller	18,00	12,0	6,0	66,67%	50,00%	33,33%
			Total	24,00	18,0	6,0	75,00%	33,33%	25,00%
G060703	Pesqueiras	2022/2023	Home	24,00	18,0	6,0	75,00%	33,33%	25,00%
			Muller	60,00	48,0	36,0	80,00%	75,00%	60,00%
			Total	84,00	66,0	42,0	78,57%	63,64%	50,00%
G060801	Acuicultura	2022/2023	Home	12,00	6,0	0,0	50,00%	0,00%	0,00%
			Muller	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	18,00	12,0	6,0	66,67%	50,00%	33,33%
G060701	Contaminación mariña	2022/2023	Muller	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
G060909	Xeoloxía mariña aplicada	2022/2023	Muller	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
G060901	Análise de concas	2022/2023	Muller	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
G060991	Traballo de Fin de Grao	2022/2023	Home	72,00	48,0	48,0	66,67%	100,00%	66,67%
			Muller	264,00	108,0	108,0	40,91%	100,00%	40,91%
			Total	336,00	156,0	156,0	46,43%	100,00%	46,43%
G061101	Bioloxía: Bioloxía I	2022/2023	Home	204,00	186,0	96,0	91,18%	51,61%	47,06%
			Muller	282,00	276,0	216,0	97,87%	78,26%	76,60%
			Total	486,00	462,0	312,0	95,06%	67,53%	64,20%
G061102	Física: Física I	2022/2023	Home	234,00	198,0	156,0	84,62%	78,79%	66,67%
			Muller	276,00	264,0	252,0	95,65%	95,45%	91,30%
			Total	510,00	462,0	408,0	90,59%	88,31%	80,00%
G061103	Xeoloxía: Xeoloxía I	2022/2023	Home	180,00	168,0	162,0	93,33%	96,43%	90,00%
			Muller	252,00	252,0	246,0	100,00%	97,62%	97,62%
			Total	432,00	420,0	408,0	97,22%	97,14%	94,44%
G061104	Matemáticas: Matemáticas I	2022/2023	Home	240,00	222,0	162,0	92,50%	72,97%	67,50%
			Muller	258,00	246,0	222,0	95,35%	90,24%	86,05%
			Total	498,00	468,0	384,0	93,98%	82,05%	77,11%
G061105	Química: Química I	2022/2023	Home	288,00	240,0	120,0	83,33%	50,00%	41,67%
			Muller	342,00	324,0	234,0	94,74%	72,22%	68,42%
			Total	630,00	564,0	354,0	89,52%	62,77%	56,19%
G061106	Bioloxía: Bioloxía II	2022/2023	Home	180,00	168,0	156,0	93,33%	92,86%	86,67%
			Muller	264,00	258,0	246,0	97,73%	95,35%	93,18%
			Total	444,00	426,0	402,0	95,95%	94,37%	90,54%
G061107	Estatística	2022/2023	Home	294,00	252,0	150,0	85,71%	59,52%	51,02%
			Muller	306,00	270,0	192,0	88,24%	71,11%	62,75%
			Total	600,00	522,0	342,0	87,00%	65,52%	57,00%
G061108	Xeoloxía: Xeoloxía II	2022/2023	Home	174,00	156,0	138,0	89,66%	88,46%	79,31%
			Muller	264,00	246,0	240,0	93,18%	97,56%	90,91%
			Total	438,00	402,0	378,0	91,78%	94,03%	86,30%
G061109	Matemáticas: Matemáticas II	2022/2023	Home	276,00	216,0	78,0	78,26%	36,11%	28,26%
			Muller	294,00	276,0	180,0	93,88%	65,22%	61,22%
			Total	570,00	492,0	258,0	86,32%	52,44%	45,26%
G061110	Química: Química II	2022/2023	Home	228,00	198,0	96,0	86,84%	48,48%	42,11%
			Muller	294,00	276,0	210,0	93,88%	76,09%	71,43%
			Total	522,00	474,0	306,0	90,80%	64,56%	58,62%
G061201	Bioquímica	2022/2023	Home	156,00	156,0	120,0	100,00%	76,92%	76,92%
			Muller	216,00	204,0	144,0	94,44%	70,59%	66,67%

			Total	372,00	360,0	264,0	96,77%	73,33%	70,97%
G061202	Botánica mariña	2022/2023	Home	186,00	180,0	90,0	96,77%	50,00%	48,39%
			Muller	216,00	210,0	114,0	97,22%	54,29%	52,78%
			Total	402,00	390,0	204,0	97,01%	52,31%	50,75%
G061203	Física: Física II	2022/2023	Home	144,00	120,0	48,0	83,33%	40,00%	33,33%
			Muller	222,00	210,0	138,0	94,59%	65,71%	62,16%
			Total	366,00	330,0	186,0	90,16%	56,36%	50,82%
G061204	Oceanografía química I	2022/2023	Home	192,00	174,0	120,0	90,63%	68,97%	62,50%
			Muller	216,00	210,0	168,0	97,22%	80,00%	77,78%
			Total	408,00	384,0	288,0	94,12%	75,00%	70,59%
G061205	Sedimentoloxía	2022/2023	Home	180,00	162,0	138,0	90,00%	85,19%	76,67%
			Muller	192,00	168,0	150,0	87,50%	89,29%	78,13%
			Total	372,00	330,0	288,0	88,71%	87,27%	77,42%
G061206	Ecología mariña	2022/2023	Home	186,00	168,0	66,0	90,32%	39,29%	35,48%
			Muller	234,00	228,0	96,0	97,44%	42,11%	41,03%
			Total	420,00	396,0	162,0	94,29%	40,91%	38,57%
G061207	Medios sedimentarios costeiros e mariños	2022/2023	Home	156,00	144,0	84,0	92,31%	58,33%	53,85%
			Muller	228,00	216,0	162,0	94,74%	75,00%	71,05%
			Total	384,00	360,0	246,0	93,75%	68,33%	64,06%
G061208	Principios de microbioloxía mariña	2022/2023	Home	150,00	138,0	96,0	92,00%	69,57%	64,00%
			Muller	198,00	192,0	126,0	96,97%	65,63%	63,64%
			Total	348,00	330,0	222,0	94,83%	67,27%	63,79%
G061209	Oceanografía química II	2022/2023	Home	198,00	162,0	96,0	81,82%	59,26%	48,48%
			Muller	264,00	258,0	192,0	97,73%	74,42%	72,73%
			Total	462,00	420,0	288,0	90,91%	68,57%	62,34%
G061210	Zooloxía mariña	2022/2023	Home	180,00	156,0	96,0	86,67%	61,54%	53,33%
			Muller	222,00	216,0	150,0	97,30%	69,44%	67,57%
			Total	402,00	372,0	246,0	92,54%	66,13%	61,19%
G061301	Oceanografía biolóxica I	2022/2023	Home	90,00	90,0	90,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	108,00	108,0	108,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	198,00	198,0	198,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061302	Oceanografía física I	2022/2023	Home	120,00	108,0	78,0	90,00%	72,22%	65,00%
			Muller	186,00	180,0	66,0	96,77%	36,67%	35,48%
			Total	306,00	288,0	144,0	94,12%	50,00%	47,06%
G061303	Oceanografía xeolóxica I	2022/2023	Home	138,00	132,0	108,0	95,65%	81,82%	78,26%
			Muller	120,00	120,0	120,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	258,00	252,0	228,0	97,67%	90,48%	88,37%
G061304	Química aplicada ao medio mariño I	2022/2023	Home	126,00	108,0	96,0	85,71%	88,89%	76,19%
			Muller	162,00	156,0	138,0	96,30%	88,46%	85,19%
			Total	288,00	264,0	234,0	91,67%	88,64%	81,25%
G061305	Fisioloxía de organismos mariños	2022/2023	Home	96,00	96,0	90,0	100,00%	93,75%	93,75%
			Muller	156,00	144,0	138,0	92,31%	95,83%	88,46%
			Total	252,00	240,0	228,0	95,24%	95,00%	90,48%
G061306	Oceanografía biolóxica II	2022/2023	Home	162,00	138,0	114,0	85,19%	82,61%	70,37%
			Muller	174,00	168,0	156,0	96,55%	92,86%	89,66%
			Total	336,00	306,0	270,0	91,07%	88,24%	80,36%
G061307	Oceanografía física II	2022/2023	Home	174,00	126,0	90,0	72,41%	71,43%	51,72%
			Muller	228,00	198,0	96,0	86,84%	48,48%	42,11%
			Total	402,00	324,0	186,0	80,60%	57,41%	46,27%
G061308	Oceanografía xeolóxica II	2022/2023	Home	114,00	102,0	102,0	89,47%	100,00%	89,47%
			Muller	138,00	132,0	126,0	95,65%	95,45%	91,30%
			Total	252,00	234,0	228,0	92,86%	97,44%	90,48%

G061309	Química aplicada ao medio mariño II	2022/2023	Home	102,00	84,0	78,0	82,35%	92,86%	76,47%
			Muller	168,00	156,0	150,0	92,86%	96,15%	89,29%
			Total	270,00	240,0	228,0	88,89%	95,00%	84,44%
G061310	Acuicultura	2022/2023	Home	120,00	96,0	96,0	80,00%	100,00%	80,00%
			Muller	168,00	162,0	162,0	96,43%	100,00%	96,43%
			Total	288,00	258,0	258,0	89,58%	100,00%	89,58%
G061401	Contaminación mariña	2022/2023	Home	96,00	96,0	96,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	180,00	174,0	168,0	96,67%	96,55%	93,33%
			Total	276,00	270,0	264,0	97,83%	97,78%	95,65%
G061402	Dinámica oceánica	2022/2023	Home	114,00	108,0	36,0	94,74%	33,33%	31,58%
			Muller	180,00	168,0	72,0	93,33%	42,86%	40,00%
			Total	294,00	276,0	108,0	93,88%	39,13%	36,73%
G061403	Xeoloxía mariña aplicada	2022/2023	Home	84,00	84,0	84,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	96,00	90,0	90,0	93,75%	100,00%	93,75%
			Total	180,00	174,0	174,0	96,67%	100,00%	96,67%
G061404	Xestión mariña e litoral	2022/2023	Home	90,00	90,0	90,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	102,00	102,0	96,0	100,00%	94,12%	94,12%
			Total	192,00	192,0	186,0	100,00%	96,88%	96,88%
G061405	Pesqueiras	2022/2023	Home	156,00	126,0	96,0	80,77%	76,19%	61,54%
			Muller	168,00	144,0	66,0	85,71%	45,83%	39,29%
			Total	324,00	270,0	162,0	83,33%	60,00%	50,00%
G061406	Análise de concas	2022/2023	Home	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061407	Bioloxía de peixes e mariscos	2022/2023	Home	42,00	42,0	42,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	66,00	66,0	66,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	108,00	108,0	108,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061408	Economía e lexislación	2022/2023	Home	24,00	18,0	18,0	75,00%	100,00%	75,00%
			Muller	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	30,00	24,0	24,0	80,00%	100,00%	80,00%
G061409	Métodos en análise xeográfica	2022/2023	Home	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	18,00	18,0	18,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061411	Parasitoxía e microbioloxía mariña	2022/2023	Home	54,00	54,0	54,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	60,00	60,0	54,0	100,00%	90,00%	90,00%
			Total	114,00	114,0	108,0	100,00%	94,74%	94,74%
G061412	Recursos xenéticos mariños	2022/2023	Home	54,00	54,0	54,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Muller	54,00	54,0	54,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	108,00	108,0	108,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061413	Teledetección	2022/2023	Muller	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
G061981	Prácticas externas	2022/2023	Home	30,00	24,0	24,0	80,00%	100,00%	80,00%
			Muller	42,00	42,0	42,0	100,00%	100,00%	100,00%
			Total	72,00	66,0	66,0	91,67%	100,00%	91,67%
G061991	Traballo de Fin de Grao	2022/2023	Home	288,00	84,0	84,0	29,17%	100,00%	29,17%
			Muller	264,00	108,0	108,0	40,91%	100,00%	40,91%
			Total	552,00	192,0	192,0	34,78%	100,00%	34,78%

Asignatura		Sexo	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias	Nº Convocatorias
			Non Presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra	Apto por compensación
			--	F	C	B	A	A+	C
G060501	Fisioloxía de organismos mariños	Muller		1					
		Total		1					
G060902	Bioloxía de peixes e mariscos	Home	1						
		Total	1						
G060904	Métodos en análise xeográfica	Home	1						
		Total	1						
G060908	Teledetección oceanográfica	Home	1			1			
		Total	1			1			
G060505	Química aplicada ao medio mariño I	Home	1						
		Total	1						
G060604	Química aplicada ao medio mariño II	Home			1				
		Total			1				
G060702	Dinámica oceánica	Home		1					
		Muller		2	2			1	
		Total		3	2			1	
G060905	Modelización	Home	1						
		Total	1						
G060504	Oceanografía xeolóxica I	Home	1						
		Total	1						
G060502	Oceanografía biolóxica I	Home	1						
		Muller			1				
		Total	1		1				
G060601	Oceanografía biolóxica II	Muller			2				
		Total			2				
G060503	Oceanografía física I	Home	1						
		Muller	2						

		Total	3						
G060602	Oceanografía física II	Home		1					
		Muller	1	1	1				
		Total	1	2	1				
G060703	Pesqueiras	Home	1	2			1		1
		Muller	2	2	4	1	1		1
		Total	3	4	4	1	2		2
G060801	Acuicultura	Home	1	1					
		Muller				1			
		Total	1	1		1			
G060907	Recursos xenéticos mariños	Home	1						
		Total	1						
G060906	Parasitoxía e microbioloxía mariña	Home	1						
		Total	1						
G060704	Xestión mariña e litoral	Home	2						
		Total	2						
G060701	Contaminación mariña	Home	2						
		Muller			2				
		Total	2		2				
G060903	Economía e lexislación	Home	1						
		Total	1						
G060909	Xeoloxía mariña aplicada	Home	2						
		Muller						1	
		Total	2					1	
G060901	Análise de conchas	Home	1						
		Muller				1			
		Total	1			1			
G060991	Traballo de Fin de Grao	Home	2		1	2			1
		Muller	13		3	6			
		Total	15		4	8			1
G060318	Prácticas externas	Home	1						
		Total	1						
G061101		Home	3	15	11	4			1

	Biología:	Muller	1	10	33	3			
	Biología I	Total	4	25	44	7			1
G061102	Física: Física I	Home	6	7	18	8			
		Muller	2	2	33	8			1
		Total	8	9	51	16			1
G061103	Xeología:	Home	2	1	20	6	1		
	Xeología I	Muller		1	26	12	3		
		Total	2	2	46	18	4		
G061104	Matemáticas:	Home	3	10	17	10			
	Matemáticas I	Muller	2	4	22	12			3
		Total	5	14	39	22			3
G061105	Química:	Home	8	20	17	2			1
	Química I	Muller	3	15	29	10			
		Total	11	35	46	12			1
G061106	Biología:	Home	2	2	15	9	1		1
	Biología II	Muller	1	2	14	23	2		2
		Total	3	4	29	32	3		3
G061107	Estatística	Home	7	17	21	3			1
		Muller	6	13	22	10			
		Total	13	30	43	13			1
G061108	Xeología:	Home	3	3	18	5			
	Xeología II	Muller	3	1	28	12			
		Total	6	4	46	17			
G061109	Matemáticas:	Home	10	23	6	3	2		2
	Matemáticas II	Muller	3	16	21	6	2		1
		Total	13	39	27	9	4		3
G061110	Química:	Home	5	17	10	5			1
	Química II	Muller	3	11	24	9			2
		Total	8	28	34	14			3
G061201	Bioquímica	Home		6	17	3			
		Muller	2	10	16	8			
		Total	2	16	33	11			
G061202		Home	1	15	13	2			

	Botánica mariña	Muller	1	16	10	9			
		Total	2	31	23	11			
G061203	Física: Física II	Home	4	12	8				
		Muller	2	12	19	4			
		Total	6	24	27	4			
G061204	Oceanografía química I	Home	3	9	17	1	2		
		Muller	1	7	20	7	1		
		Total	4	16	37	8	3		
G061205	Sedimentoloxía	Home	3	4	22	1			
		Muller	4	3	25				
		Total	7	7	47	1			
G061206	Ecoloxía mariña	Home	3	17	9	2			
		Muller	1	22	15			1	
		Total	4	39	24	2		1	
G061207	Medios sedimentarios costeiros e mariños	Home	2	10	10	3	1		
		Muller	2	9	12	12	2	1	
		Total	4	19	22	15	3	1	
G061208	Principios de microbioloxía mariña	Home	2	7	5	11			
		Muller	1	11	8	12	1		
		Total	3	18	13	23	1		
G061209	Oceanografía química II	Home	6	11	6	10			
		Muller	1	11	10	21	1		
		Total	7	22	16	31	1		
G061210	Zooloxía mariña	Home	4	10	6	10			
		Muller	1	11	13	11	1		
		Total	5	21	19	21	1		
G061301	Oceanografía biolóxica I	Home			8	7			
		Muller			7	10	1		
		Total			15	17	1		
G061302	Oceanografía física I	Home	2	5	6	7			
		Muller	1	19	4	6	1		
		Total	3	24	10	13	1		
G061303		Home	1	4	11	7			

	Oceanografía xeolóxica I	Muller			9	11			
		Total	1	4	20	18			
G061304	Química aplicada ao medio mariño I	Home	3	2	7	8		1	
		Muller	1	3	9	13	1		
		Total	4	5	16	21	1	1	
G061305	Fisioloxía de organismos mariños	Home		1	5	10			
		Muller	2	1	10	12	1		
		Total	2	2	15	22	1		
G061306	Oceanografía biolóxica II	Home	4	4	9	10			
		Muller	1	2	15	10		1	
		Total	5	6	24	20		1	
G061307	Oceanografía física II	Home	8	6	7	8			
		Muller	5	17	11	2	1	2	
		Total	13	23	18	10	1	2	
G061308	Oceanografía xeolóxica II	Home	2		5	12			
		Muller	1	1	3	13	4	1	
		Total	3	1	8	25	4	1	
G061309	Química aplicada ao medio mariño II	Home	3	1	7	6			
		Muller	2	1	14	11			
		Total	5	2	21	17			
G061310	Acuicultura	Home	4		8	8			
		Muller	1		11	16			
		Total	5		19	24			
G061401	Contaminación mariña	Home			7	6	2	1	
		Muller	1	1	13	11	4		
		Total	1	1	20	17	6	1	
G061402	Dinámica oceánica	Home	1	12	3	2		1	
		Muller	2	16	7	3	2		
		Total	3	28	10	5	2	1	
G061403	Xeoloxía mariña aplicada	Home			3	9		2	
		Muller	1		1	12	2		
		Total	1		4	21	2	2	
G061404		Home			4	10		1	

	Xestión mariña e litoral	Muller		1	1	12	2	1	
		Total		1	5	22	2	2	
G061405	Pesqueiras	Home	5	5	7	8		1	
		Muller	4	13	6	5			1
		Total	9	18	13	13		1	1
G061406	Análise de concas	Home				1	1		
		Muller				2			
		Total				3	1		
G061407	Bioloxía de peixes e mariscos	Home				4	2	1	
		Muller			2	7	2		
		Total			2	11	4	1	
G061408	Economía e lexislación	Home	1		2		1		
		Muller						1	
		Total	1		2		1	1	
G061409	Métodos en análise xeográfica	Home					1		
		Muller				2		1	
		Total				2	1	1	
G061411	Parasitoloxía e microbioloxía mariña	Home			4	4		1	
		Muller		1	8	1			
		Total		1	12	5		1	
G061412	Recursos xenéticos mariños	Home				8		1	
		Muller				8		1	
		Total				16		2	
G061413	Teledetección	Home	1						
		Muller				1		1	
		Total	1			1		1	
G061981	Prácticas externas	Home	1				4		
		Muller				2	5		
		Total	1			2	9		
G061991	Traballo de Fin de Grao	Home	17		1	3	2	1	
		Muller	13		3	3	2	1	
		Total	30		4	6	4	2	

II.7. Número de egresados.




Figura 38. Histórico dos valores do número de egresados desagregado por sexo.

O número de egresados ao longo do histórico da titulación é de 29 alumnos de media. Dende o curso 2017-18 ata o curso 2020-21, o número de egresados foi aumentando e alcanzou o valor máis alto no histórico da titulación, 40 (21 homes e 19 mulleres, Figura 38). Neste curso 2022-2023 o número volve a diminuír ata os 29 egresados (11 homes e 18 mulleres), a pesar do altos valores das taxas académicas e a diminución da duración media dos estudos.

II.8. Conclusións respecto dos indicadores académicos.

Se revisamos as cualificacións por materia, os resultados resúmense na Figura 39, na que se mostra a distribución de cualificacións obtidas polo alumnado por curso académico. Obsérvase que estas teñen un patrón moi regular para os distintos cursos académicos excepto do curso 2019-20, onde se observan diferenzas nas porcentaxes de suspensos e notables. Para o resto, a porcentaxe de suspensos oscila entre o 24 e o 29%, o de aprobados mantense entre o 41 e o 46%, o de notables entre un 23 e 26%, sobresalientes nun 3% e matrículas de honra un 2%. O curso 2019-20 foi moi excepcional, xa que se produciu un descenso dos suspensos a un 14%, a porcentaxe de aprobados e matrículas de honra non cambiou, e o de notables e sobresalientes aumentou ata un 34% e 5%, respectivamente.

Neste curso 2022-23, destaca o menor número de suspensos, cun 24,5%, que é o segundo valor máis baixo da serie se non se ten en conta os resultados do curso 2019-20. Tamén destaca o aumento do número de notables, cun 28,2%, que é o valor máis alto da serie sen contar a porcentaxe do curso 2019-20.




Figura 39. Histórico da distribución das cualificacións por curso académico.

Os resultados das taxas académicas foron unha das causas da revisión do Plan de estudos e supuxeron accións de mellora que se poden resumir da seguinte maneira:

Baixas taxas de rendemento

- A distribución das materias no Novo Plan de estudos estiveron encamiñadas a mellorar as taxas de rendemento dalgunhas materias máis difíciles de superar da titulación.
- Realización de enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso para poder evidenciar as causas

Baixas taxas de rendemento no TFG

- O coordinador do TFG informa o alumnado de 3.º e 4.º curso sobre unha matrícula responsable

Alta taxa de abandono

- Actividades de divulgación para promocionar as Ciencias do Mar como unha opción atractiva para realizar os seus estudos
- Actividades que divulguen a versatilidade que ofrece a titulación de Ciencias do Mar á hora de buscar emprego.

As taxas académicas de éxito (77%) e rendemento (72%) do Grao son superiores aos obtidos nos últimos cursos, superando o valor obxectivo da taxa de rendemento para este curso 2022-23 (65%) pero estando por debaixo no caso da taxa de éxito (80%). Os valores da taxa de avaliación mantiveronse constantes nos últimos cursos, con valores superiores ao 85%, pero neste curso 2022-23 foi superior aos valores dos últimos cursos (92%). Igualmente, a taxa de eficiencia seguía unha lixeira tendencia descendente, pero neste curso 2022-23 aumentou ata superar o valor obxectivo da titulación cun valor dun 86%. Esta mellora das taxas académicas teñen dúas causas principais:

- Durante os cursos académicos da pandemia do Covid-19, o profesorado mellorou o seu material docente, deseñando novas actividades para facer en liña e mellorando as presentacións para que puideran ter unha mellor visibilidade a través das aulas virtuais do campusremotouvigo.gal.

- Unha mellor disposición do alumnado para o estudo e a realización de tarefas de aprendizaxe. Despois dos anos seguintes ao confinamiento, o alumnado mostraba un cansancio e un desánimo hacia o estudo, en gran parte debido a la organización da docencia semi-presencial e as medidas de seguridade impostas para un desenvolvemento seguro da actividade docente.

A taxa de abandono oscila entre o 20-30%, e atopábase en cursos anteriores unha certa correlación coa nota media de acceso á titulación, o que á súa vez é debido aos baixos valores da taxa de adecuación. Todo isto supón a entrada á titulación dun elevado número de estudantes cunha preferencia diferente aos estudos de Grao en Ciencias do Mar, polo que nos cursos seguintes abandonan a titulación. Tamén dáse o caso de que unha proporción significativa do alumnado que elixe o Grado en Ciencias do Mar como primeira opción ten as notas de acceso máis baixas, e posteriormente atopa dificultades á hora de superar as materias.

En canto aos indicadores por curso, a tendencia observada é que seguen sendo máis baixos en 1º e 2º curso e melloran significativamente en 3º e 4º curso.

Se analizamos indicadores por materia, despois das variacións sufridas nos cursos 2019-20 e 2020-21 pola situación excepcional pola pandemia do Covid-19 e os cambios do plan de estudos, os valores volven a manterse en valores similares aos obtidos nos cursos anteriores ao 2019-20.

Como se mencionou anteriormente, o centro aprobou en Xunta de Facultade unha serie de enquisas para o alumnado co obxecto de recadar información sobre o seu traballo académico desenvolvido para cada materia, e así poder ter un coñecemento máis preciso co fin de mellorar as taxas de académicas.

A taxa de avaliación non se tivo en conta posto que os valores son moi altos en todas as materias e débese a que os alumnos preséntanse aos exames sabendo que o feito de facelo non lles produce ningún tipo de prexuízo.

II.9. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12).

A información relativa á inserción laboral en egresados de Ciencias do Mar corresponde aos titulados desde o curso 2013/2014 a 2015/2016, e os titulados do curso 2018/2019 no informe da Universidade de Vigo. Por tanto, é a primeira vez que se dispón de información de inserción laboral desde a implantación do Grao.

A páxina web do **Ministerio de Universidades** ofrece unicamente datos de taxa de afiliación e taxa de afiliación media á SS, en porcentaxe, por ámbito de coñecemento na Universidade de Vigo, para os egresados dos cursos 2013-14 ao 2017-18 e aos que se lles fai un seguimento ata os 4 anos posteriores á graduación <https://www.universidades.gob.es/indicadores-de-afiliacion-a-la-seguridad-social-de-los-egresados-universitarios/>. Isto permite comparar os resultados da titulación de Grao en Ciencias do Mar coas outras titulacións de grao da Universidade de Vigo no ámbito das Ciencias. Os datos mostran un aumento progresivo co tempo da taxa de afiliación á SS nos Titulados do Grao da Universidade de Vigo no ámbito das Ciencias desde o primeiro ata o cuarto ano posterior á graduación. Así mesmo, obsérvase que, no primeiro ano posterior á graduación, a porcentaxe de afiliación no

Grupo Baixo (non titulados) é, en xeral, superior ao resto, pero a medida que transcorren os anos esta porcentaxe diminúe á vez que aumenta a porcentaxe de afiliados no Grupo Titulados. Esta variación é un bo indicador do período de adaptación necesario de moitos egresados cara ao mundo laboral e que esa experiencia adquirida permítelles atopar traballos máis acordes coa súa titulación. Tamén convén destacar a maior porcentaxe de mulleres egresadas con afiliación á SS fronte aos homes.

O **Instituto Nacional de Estadística, INE**, achega datos xerais sobre o sistema universitario español, realizando informes anuais que posteriormente son utilizados polo Ministerio de Educación, e están dispoñibles na súa web. No seu informe de 2019, ofrece datos sobre os titulados en Grao en Ciencias do Mar de todas as Universidades de España que terminaron os seus estudos o curso 2013-14 ([INEbase / Mercado laboral / Outras operacións de mercado laboral / Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios / Resultados/ Enquisa 2019](http://inecbase.com/mercado-laboral/outras-operacions-de-mercado-laboral/enquisa-de-insercion-laboral-de-titulados-universitarios/resultados/enquisa-2019)). Estes distinguen cifras absolutas e relativas, e definen a metodoloxía das enquisas e outros datos de interese.

Nesta páxina evidénciase que unha proporción importante dos/as egresados/as en Ciencias do Mar están a traballar (77,7%). Os egresados que están na situación “Inactivo” están a realizar estudos de Máster e outros. O 37% dos/as graduados/as en Ciencias do Mar son asalariados con contrato permanente ou temporal, o 82,5% traballan a tempo completo, e a maioría traballa en “Actividades profesionais, científico e técnicas”, seguido de “Educación”. Ademais, o 65,9% de graduados/as traballan en ámbitos relacionados coa súa propia área de estudos ou relacionada, o 63,1% traballan en empregos que requiren unha formación universitaria, o 53,2% cobran salarios que oscilan entre os 1000 e o 1499 €/mes e un pouco máis do 20% cobran por encima do 1500 €/mes.

A **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG**, ofrece na súa páxina web (<http://www.acsug.es/gl/insercion/graduados/eil1314>) información sobre os titulados/as no Sistema Universitario de Galicia durante os cursos académicos 2014-2015 e 2013-2014, que fixeron o depósito do título de Grao ao longo dos anos 2015 e 2014 e que foron entrevistados nos anos 2018 e 2022, respectivamente. A poboación dos graduados do curso 2013-14 foi de 24 graduados/as dos que 10 realizaron a enquisa (41,7%, 3 homes e 7 mulleres), e a poboación dos graduados do curso 2014-15 foi de 19 graduados dos que 10 (52,6%, 5 homes e 5 mulleres) realizaron a enquisa. A diferenza dos datos do INE, aquí están recollidos os datos da titulación de Grao en Ciencias do Mar da Universidade de Vigo, tal e como ocorre nos datos do Ministerio de Universidades.

Os resultados sobre a inserción laboral son similares aos que se mostran no Instituto Nacional de Estadística e o Ministerio de Universidades, sobre todo para os egresados no curso 2014-15. O tempo para atopar emprego descendeu nos egresados do curso 2014-15 con respecto ao 2013-14, de 13,40 a 8,08 meses. Así mesmo, predomina o traballo indefinido fronte ao eventual e non hai egresados con contratos en prácticas. Ademais, todos os egresados entrevistados desenvolven nos seus traballos funcións maioritariamente a nivel universitario. Un dato negativo é a diferenza de salario neto mensual de 400 euros ao mes entre os homes e as mulleres.

Hai que destacar que a maioría dos/as egresados/as entrevistados/as volverían cursar estudos universitarios e que unha gran maioría deles/as volverían estudar o Grao de Ciencias do Mar na Universidade de Vigo, a pesar de que a metade deles non elixiran esta Titulación como primeira opción, o cal está en sintonía cos datos de adecuación.

No **Portal de Transparencia da Universidade de Vigo**, (Estatísticas) https://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/III_EG_2019-20_gl.pdf, pódese acceder ao informe sobre *“Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao curso 2019-20”* de Luís Espada Recarey e Víctor Manuel Martínez Cacharrón. Este informe está editado polo Consello Social da Universidade de Vigo e foi elaborado a partir dos resultados dunha enquisa realizada entre outubro e novembro de 2022. Para o caso da titulación de Grao en Ciencias do Mar, participaron na enquisa 39 persoas tituladas. A partir dos resultados deste informe, pode observarse que o 52,6% dos egresados enquisados teñen un emprego e un 21,1% están en situación de inactividade. Desa porcentaxe de empregados, o 70,0% fano en Galicia, un 20% noutras comunidades autónomas (Canarias e Madrid) e un 10% noutro país (Noruega). A maioría dos empregados teñen contrato indefinido (57,1%) e realizan a súa actividade na empresa privada (70,0%), de tipo mediana empresa (33,3%). O tempo empregado para buscar emprego foi en todos os casos inferior a 6 meses, que é o mesmo tempo no que dúas terceiras partes das persoas empregadas necesitaron para atopar emprego. Con todo, o tempo medio requirido para atopar emprego foi moito maior nas mulleres.

Os resultados sobre as condicións laborais son variados. Aínda que unha porcentaxe alto traballa a tempo completo, soamente un terzo dos/as egresados/as enquisados/as teñen un contrato indefinido, e outro terzo ten unha antigüidade no posto superior aos 12 meses. Os sectores laborais e os departamentos nos que desempeñan os seus traballos tamén son moi variados, onde destaca lixeiramente as actividades científicas e departamentos de I+D+i. A maioría dos/as egresados/as ten empregos acordes coa súa cualificación e mostran satisfacción co traballo desempeñado. Con todo, a metade dos/as egresados/as enquisados/as traballan en actividades relacionadas coa titulación.

Finalmente, aínda que a maioría dos/as egresados/as enquisados/as mostran satisfacción cos estudos realizados, e coas súas competencias e que recomendarían estudar a titulación de Grao en Ciencias do Mar, un punto que non consideramos satisfactorio é o referido á inserción laboral, xa que os/as egresados/as teñen a percepción de que a capacitación dos estudos (2,84 puntos), a súa melloría da inserción laboral (2,11 puntos) e a súa melloría do nivel socio-laboral (2,32 puntos) non son favorables, e que xa está a ser motivo de mellora desde a dirección do centro. Co fin de cambiar esta apreciación a Dirección do Centro está a organizar a organizar unhas xornadas sobre saídas profesionais para o alumnado de Grao e Máster onde antigos alumnos/as expoñen as súas experiencias á hora de enfrontarse á procura de emprego e, ademais, mostran ao alumnado os variados campos profesionais onde poden optar a postos de traballo grazas á súa formación multidisciplinar.

Outras fontes importantes de información sobre a inserción laboral dos egresados son a valoración da Titulación por parte dos empregadores, que xa foi comentada no apartado II.1.g, e os **Informes Finais das Prácticas Externas** que as empresas realizan sobre os estudantes. Os datos actualizados móstranse na Táboa 20 para os cursos 2012-13 a 2022-2023.

Neste curso 2022-23 implantouse unha nova modalidade de de avaliación, con dous novos ítems a avaliar polos/as titores/as das empresas: “Relación coa contorna laboral” e “Receptividade a críticas”. En xeral, os resultados son positivos, con valores superiores a 4 sobre 5 en todos os casos. Estes datos reflicten que as empresas ou institucións onde os alumnos realizan as prácticas externas valoran o traballo realizado por estes alumnos, así como as competencias e habilidades que adquiren durante

os seus estudos de Grao, e que os capacita satisfactoriamente para acceder ao mercado de traballo. Con todo, os valores deste curso han descendido moi notablente con respecto aos cursos anteriores, sendo os máis baixos da serie histórica, xunto todo o contrario que no curso anterior que foron os máis altos. Consideramos que os efectos da pandemia da Covid-19 e a desmotivación xeral do alumnado pasou factura nestas cualificacións.

Táboa 20. Histórico de cualificacións que realizan as empresas ao alumnado de Grao en Ciencias do Mar.

Valoración das empresas	2022 -23	2021 -22	2020 -21	2019 -20	2018 -19	2017 -18	2016 -17	2015 -16	2014 -15	2013 -14	2012 -13
Capacidade técnica	4,27	4,71	4,64	4,53	4,54	4,33	4,43	4,25	4,47	4,64	4,13
Capacidade de aprendizaxe	4,53	5,00	4,87	4,67	4,75	4,58	4,67	4,75	4,67	4,92	4,50
Administración de traballos	4,21	4,80	4,71	4,53	4,74	4,50	4,65	4,54	4,39	4,71	4,29
Habilidade de comunicación oral e escrita	4,05	4,76	4,67	4,40	4,63	4,17	4,57	4,38	4,31	4,79	4,13
Sentido da responsabilidade	4,57	4,95	4,80	4,73	4,75	4,67	4,62	4,75	4,47	4,93	4,63
Facilidade de adaptación	4,50	4,95	4,87	4,80	4,92	4,67	4,64	4,75	4,67	5,00	4,38
Creatividade	4,13	4,90	4,79	4,33	4,61	4,33	4,52	4,29	4,62	4,71	4,25
Iniciativa	4,05	4,81	4,80	4,47	4,67	4,33	4,50	4,17	4,47	4,86	4,38
Implicación persoal	4,43	4,90	4,87	4,73	4,83	4,83	4,68	4,63	4,67	4,93	4,63
Motivación	4,37	5,00	4,87	4,80	4,75	4,75	4,64	4,67	4,73	4,86	4,50
Capacidade de traballo en equipo	4,53	5,00	4,86	4,67	4,88	4,67	4,82	4,71	4,67	4,79	4,38
Puntualidade	4,73	4,90	4,87	4,93	4,92	4,67	4,86	4,75	4,80	4,93	4,50
Asistencia	4,78	5,00	4,87	4,87	4,75	4,75	4,73	4,79	5,00	4,93	4,75
Formación adquirida na práctica	4,40	4,90	4,79	4,60	4,75	4,50	4,71	4,63	4,60	4,57	4,63
A formación universitaria axústase ao posto	4,17	4,71	4,60	4,53	4,50	4,42	4,45	4,38	4,33	4,79	4,63
Relación co contorno laboral	4,67										
Receptividade a críticas	4,67										

II.10. Resultados relacionados aos recursos humanos.

II.10.a. Cualificación do PDI (I50-4).

No curso 2022-23, o profesorado está formado por 51 homes e 50 mulleres, e as súas categorías profesionais móstranse na Figura 40. Ao menos o 80% do profesorado ten o título de Doutor. Sería desexable unha maior proporción de mulleres no cadro de Profesorado Titular, Catedráticos/as de Universidade e Contratados/as Doutores/as (36 homes e 24 mulleres). Un 60% do total de profesorado




Figura 41. Histórico das categorías de profesorado nos últimos cursos académicos.

II.10.b. Resultados de investigación (I50-5) e de carácter académico.

1. Quinquenios




Figura 42. Históricos dos valores de quinquenios de docencia.

O número total de quinquenios (Figura 42) aumentou este curso 2022-23 a 281, obtendo o valor máis alto do histórico da titulación. Ademais, a proporción de quinquenios por profesor aumentou desde os 3,6 quinquenios no curso 2014/15 ata os 4,7 dos últimos cursos 2021-22 e 2022-23.

2. Sexenios




Figura 43. Históricos dos valores de sexenios de investigación.

O número total de sexenios do profesorado do centro ven incrementándose continuamente dende o comezo do Grao, alcanzando os 196 neste curso 2022-23, tal e como se mostra na Figura 43. O número de sexenios conseguidos polos homes parece aumentar de maneira regular ao longo do tempo, mentres que o número de sexenios conseguidos polas mulleres é máis variable ao longo do histórico da titulación. Neste curso 2022-23 o número de sexenios das mulleres descendeu ata o 65, tres menos que os conseguidos no curso anterior, 2021-22.




Figura 44. Históricos dos valores de porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total.

A relación PDI con sexenios fronte a PDI total mantén unha tendencia ascendente desde o curso 2017-18 (Figura 44). No curso 2022-23 esta relación aumentou 0,2 puntos con respecto ao curso anterior, obtendo un valor de 88,3%. Aínda así, esta porcentaxe é unha das máis elevadas entre as titulacións

<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>	I6 Porcentaxe de participación do PTXAS do Centro en plans de formación.	Grao: >50%	52%
	I25 Índices de satisfacción coa orientación recibida no Centro.	Grao: >3,0	2,50

<i>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</i>	I39 Grao de satisfacción cos RRHH.	Grao: >3,0	4,00
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable

Liña estratéxica do Centro:

- Facilitar o desenvolvemento profesional do profesorado da Facultade.

Obxectivos de Calidade do Centro

- ✓ Incentivar ao profesorado a presentarse á avaliación polo programa DOCENTIA (quinquenal).

VALORACIÓN: B, Se alcanza

<i>Procedementos do SGC asociados</i>	<i>Indicadores e evidencias</i>	<i>Valor obxectivo</i>	<i>Valor alcanzado</i>
<i>PE02-P1 Xestión do PDI</i> <i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	I7 Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal).	Grao: >2,0	2,0

Obxectivo estratéxico institucional 26. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria

Liña estratéxica do Centro:

- Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido, captando un volume de estudantado con talento e axustado a la oferta de prazas.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Grao: O alumnado matriculado de novo ingreso por preinscrición debe ser de 70 ± 5 . Un 75% do alumnado debe acceder á titulación de Grao co título de Bacharel e probas de acceso a universidade. Nota mínima de acceso igual ou superior 6,0 puntos, e nota media de acceso igual o superior a 7,7 puntos. Taxa de adecuación igual o superior ao 65%.
Mestrado O alumnado matriculado de novo ingreso por preinscrición debe ser igual o superior a 12. A nota media de acceso igual o superior a 7,2 puntos.

VALORACIÓN: D, Non se alcanza

<i>Procedementos do SGC asociados</i>	<i>Indicadores e evidencias</i>	<i>Valor obxectivo</i>	<i>Valor alcanzado</i>
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	I1 Matrícula de novo ingreso por preinscrición.	Grao: 70 ± 5	79
	I10-2 Taxa de abandono (CURSA).	Grao: <25%	23,4

<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>	I11 Relación oferta/demanda de prazas.	Grao: 3	1
<i>AC-0104 P1 Accesos e admisión I02</i>	I21 Taxa de abandono (VERIFICA).	Grao: <20,0%	33,3%
<i>AC-0201 P1 Matrícula I02</i>	I22 Taxa de abandono por cambio de estudos.	Grao: <2,0	6,50
	I34 Nº Accións de promoción realizadas.	Grao: >10	33
	I35 Nota media de acceso.	Grao: >7,7	8,78
	I50-2 Nota mínima de acceso.	Grao: >6,0	5,04
	E3 Informe/documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso.	Grao: Valoración favorable	Favorable
E19 Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida.	Grao: Valoración favorable	Favorable	

Liña estratéxica do Centro:

- Fomentar a implicación do alumnado no esforzo de superación das materias, a participación nas actividades organizadas no centro e representación nos órganos colexiados, co fin de obter o máximo rendemento académico e persoal.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Implantar accións para a participación do alumnado en titorías personalizadas e no programa PAT-PIUNE.
- ✓ Implantar accións que promociónen a participación do alumnado en actividades organizadas na Facultade e para conseguir a máxima representación do alumnado nos órganos colexiados.

VALORACIÓN: C, Se alcanza parcialmente

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	I10 Indicadores de resultados.	Grao: >63,4	74,6
<i>DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza I05</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Grao: >3,5	3,60
<i>DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05</i>	I36 Nº Alumnado titorizado.	Grao: >75%	69,4%
	I37 Enquisa propia dos PAT.	Grao: >50%	-

<p><i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i></p> <p><i>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</i></p> <p><i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i></p>	<p>E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).</p>	<p>Grao: Valoración favorable</p>	<p>Favorable</p>
---	--	-----------------------------------	------------------

Obxectivo estratéxico institucional 29. Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo

Liña estratéxica do Centro:

- Manter unha boa canle de comunicación entre a Facultade e a Delegación de Alumnos, así como outras asociacións estudantís para integralas na participación das actividades da Facultade.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Grao e Mestrado: A Facultade actuará como enlace entre o Servizo de Extensión Universitaria e a Delegación de Alumnos e outras asociacións estudantís para a promoción de actividades extra académicas.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Grao: >3,5	3,60
<p><i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i></p> <p><i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i></p>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable

Eixo estratéxico: ORGANIZACIÓN E RECURSOS

Obxectivo estratéxico institucional 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias

Liña estratéxica do Centro:

- Optimizar a xestión e o uso dos espazos docentes e de investigación.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Grao e Mestrado: Deseño de horarios de docencia que permitan a optimización dos espazos docentes e de investigación.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza I05</i>	I13 Media de alumnos por grupo de docencia.	Grao: <34,7	32,4
	I24 Índices de satisfacción cos recursos materiais e servizos.	Grao: >3,0	3,92
<i>IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos I03</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E18 Información sobre os recursos materiais directamente relacionados coa titulación	Grao: Valoración favorable	Favorable

✓ Grao: Redución do número de alumnado na docencia nos grupos A, B e C.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza I05</i>	I13 Media de alumnos por grupo de docencia.	Grao: <33,7	32,4
<i>IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos I03</i>			
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>			

Obxectivo estratéxico institucional 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria

Liña estratéxica do Centro:

- Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno, de comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria.

Obxectivos de calidade do Centro

✓ Garantir a máxima participación dos grupos de interese nos órganos colexiados.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
---------------------------------------	---------------------------------	------------------------	------------------------

DE-02 P1 Seguimento e medición I04	E5 Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos da: - Comisión Académica/ Comisión de titulación - Comisión de Garantía de Calidade - Xunta de Facultade	Grao: Valoración favorable	Favorable
DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04			
MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04			
XD-01 P1 Control dos documentos I01			
XD-02 P1 Control dos rexistros I01			
MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05			

✓ A Comisión de Calidade debe asumir un maior liderado e involucrar ao resto do Centro.

VALORACIÓN: C, Se alcanza parcialmente

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
DE-02 P1 Seguimento e medición I04	I4 Resultados dos indicadores do SIGC	Grao: >35,0	31,1
DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04	I29 Nº de titulacións en proceso de deseño, verificación, modificación ou acreditación.	Grao: 1	1
MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04	I31 Nº accións de mellora asociadas a la titulación	Grao: 10	17
	I32 Nº titulacións con avaliación favorable de informes de avaliación.	Grao: 1	1
XD-01 P1 Control dos documentos I01	I41 Porcentaxe de rexistros actualizados/curso académico.	Grao: >95%	100%
XD-02 P1 Control dos rexistros I01			
MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05	I42 Porcentaxe de accións de mellora finalizadas en prazo.	Grao: >80%	-

✓ Difusión de toda a información referente á Facultade (convocatorias de reunións dos órganos colexiados, actas de reunións, e outras informacións) a través da subida de documentos á páxina web da facultade e/ou por outros medios electrónicos.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
---------------------------------------	---------------------------------	------------------------	------------------------

<p>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</p> <p>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</p> <p>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</p> <p>XD-01 P1 Control dos documentos I01</p> <p>XD-02 P1 Control dos rexistros I01</p> <p>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</p>	<p>E9 Páxina web da Universidade/ Centro/titulación (Debe estar incluída, como mínimo, a información referida no anexo II)</p>	<p>Grao: Valoración favorable</p>	<p>Favorable</p>
---	--	-----------------------------------	------------------

Eixo estratéxico: RELACIÓN COA SOCIEDADE

Obxectivo estratéxico institucional 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.

Liña estratéxica do Centro:

- Mellora de proxección a nivel social das titulacións organizadas tanto dentro como fora da Universidade.
 - Obxectivos de calidade do Centro**
 - ✓ Grao e Mestrado: Participación en actividades de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Grao: >3,5	3,60
DE-02 P1 Seguimento e medición I04	I34 Nº Accións de promoción realizadas.	Grao: 10	33
DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable
DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05	E19 Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida.	Grao: Valoración favorable	Favorable

Liña estratéxica do Centro:

- Programa MEET: titorización do estudantado de ingreso a través do programa mentoring, con especial atención ao de primeiro curso. Definir as bases para o programa de titorización.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Grao: Participación do alumnado no programa de mentorización.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Grao: >3,5	3,60
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E19 Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Grao: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>			

Liña estratéxica do Centro:

- Amosar perfís destacados das persoas egresadas para fomentar a súa visibilidade.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Organización de xornadas sobre saídas profesionais, onde o alumnado egresado expoña a súa experiencia profesional ao alumnado de Grao e Mestrado.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Grao: >3,5	3,60
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Grao: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>			

III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO – SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS.

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do Plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu un correcto desenvolvemento da docencia para a adquisición das competencias por parte do alumnado.

No curso 2021-22, finalizou o proceso de implantación da nova titulación de acordo á nova Memoria do Título de Graduado en Ciencias do Mar. Isto implica unha serie de cambios dos que se esperan melloras nalgunhas das taxas nas que se observan valores baixos, tales como as taxas de rendemento e graduación, así como na satisfacción nalgunhas preguntas da enquisa de satisfacción coa titulación, tal e como se verá a continuación. Os resultados obtidos neste curso 2022-23 parecen esperanzadores, despois duns cursos anómalos debido a anomalía no desenvolvemento da docencia como consecuencia da pandemia da Covid-19.

Durante os anos que se vén impartindo a Titulación de Grao nesta Facultade, unha media dun 35% do alumnado que veñen cursar o Grao en Ciencias do Mar proceden doutras comunidades autónomas distintas de Galicia. O alumnado que accede á titulación de Ciencias do Mar adoita ter un perfil de ingreso adecuado, onde cerca dun 80% do alumnado accede a través do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, e a práctica totalidade do alumnado accede cursando estudos previos en ramas afíns ás Ciencias, polo que se lles supón que veñen coa preparación adecuada para realizar os estudos de Grao en Ciencias do Mar. As notas media e mínima de acceso tiveron unha progresión positiva nos últimos cursos académicos, o cal débese a entrada de alumnas/os con mellor nota de acceso, pero unha porcentaxe significativa dese alumnado non solicitou cursar Ciencias do Mar en primeira opción. Con todo, neste curso 2022-23 a taxa de adecuación descendeu ata un 53,1%, o que non favorece a entrada de alumnado que solicitou estudar este Grao como primeira opción.

Por outra parte, o número medio de alumnos que veñen cursar estudos na Titulación de Grao en Ciencias do Mar procedentes de programas de mobilidade nacionais e/ou estranxeiros amentou lixeiramente con respecto aos cursos anteriores, debido á situación da pandemia orixinada pola Covid-19.

A práctica totalidade do profesorado cumpre correctamente coa redacción das Guías Docentes, nas que se establecen con claridade o desenvolvemento das actividades docentes, así como os criterios de avaliación. Neste curso 2022-23, mantívose a incorporación dunha adenda nas guías docentes para poder adaptar a docencia a nova situación xerada tras o peche do Centro motivado pola pandemia do Covid-19, e todo o profesorado adaptou os seus métodos de avaliación para o caso de ter que facer os exames de maneira non presencial o a súa substitución pola elaboración de traballos. Así mesmo, obsérvase que a maioría das actividades reflectidas na guía docente do curso 2022-23 son aquelas que se reflectiron na Memoria do Título. O profesorado, no seu continuo proceso de aprendizaxe nos seus labores de investigación e documentación, así como na súa adaptación das actividades para a mellora nos resultados de aprendizaxe, prepara e desenvolve novas actividades coas que facilitar a aprendizaxe de competencias e habilidades do alumnado. Con todo, obsérvase que nas metodoloxías de avaliación producíronse moitas máis modificacións que no caso anterior das actividades docentes. Estas modificacións débense, principalmente, dúas razóns:

1.- Os cambios producidos na aplicación Docnet fan que haxa diferenzas na propia listaxe de actividades de avaliación para elaborar a guía docente (editado en 2010), así como na listaxe de actividades que foi utilizado para elaborar a memoria verificada do título. A modo de exemplo, a actividade *Exame de tipo test*, xa non aparece como actividade de avaliación á hora de elaborar a guía docente na aplicación Docnet, polo que o profesorado seleccionou a actividade *Probas de resposta curta* para especificar as probas de avaliación deste tipo.

2.- Na aplicación Docnet, as propias metodoloxías docentes poden seleccionarse como actividades avaliábeis. Desta maneira, aparecen nas guías docentes de moitas materias as actividades *Lección Maxistral*, *Seminarios*, *Presentacións*, *Traballos Tutelados*, e *Debate*, entre outras, como avaliábeis, as cales non aparecen na listaxe de actividades de avaliación da guía para a elaboración da guía docente. Nas guías docentes destas materias, o profesorado especifica as metodoloxías de avaliación utilizadas para cualificar estas actividades e practicamente non difiren das actividades docentes recollidas na memoria verificada do título.

Na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación indica que os/as poucos/as alumnos/as que participan nela

(11%) mostran certa satisfacción coa titulación (3,20 puntos, 60%), mentres que no caso dos egresados estes valores aumentan (3,36 puntos, 100%). Os horarios da titulación, o calendario de probas de avaliación e a utilidade das prácticas da titulación obtiveron as peores puntuacións. Con respecto ao calendario das probas de avaliación, apróbase en Xunta de Facultade a proposta que chega ao Decanato desde a Delegación de Alumnos/as. Ademais, para mellorar os horarios da titulación, unha das modificacións máis importantes que se realizaron na nova Memoria do Grao en Ciencias do Mar consistiu en pasar todas as materias optativas ao segundo semestre de 4º curso, e pasar a materia obrigatoria de Acuicultura do 2º semestre de 4º curso ao 2º semestre de 3º curso, o que permite facer unha repartición máis uniforme das materias nos horarios. Ademais, para futuros cursos, vaise intentar distribuír as horas de docencia A, B e C en tres franxas horarias definidas, quedando as horas de docencia de aula (A) entre as 9 e as 12 da mañá, as de seminarios (C) entre as 12 e as 14 horas, e a docencia de laboratorio entre as 15 e as 18 horas.

Con todo, non debemos esquecer a dificultade da confección destes horarios por varias razóns: 1. a gran multidisciplinidade científica existente nas materias que conforman tanto o Grao como o Mestrado dificulta en gran medida o poder compaxinar as actividades de prácticas de laboratorio, saídas de barco/campo (moi dependentes doutros factores, tales como as mareas o a dispoñibilidade do barco), visitas a centros tecnolóxicos, entre outras, que realizan os alumnos nas diferentes materias; 2. as limitacións de espazos tanto de aulas como laboratorios, que son os que dispoñen os Departamentos para a docencia práctica das titulacións de Química e Bioloxía, e outras; 3. as facilidades que se deben dar ao profesorado para que poidan realizar campañas oceanográficas e saídas de campo, co fin de que poidan realizar os seus traballos de investigación e que os aspectos que se valoran no profesorado sigan mellorando, e sen esquecer as actividades de xestión ás que están obrigados. Por estas razóns, é polo que se tentaron ao longo dos cursos distintas fórmulas para unha confección dos horarios das materias da maneira máis satisfactoria posible para todos os grupos de interese.

Nos últimos cursos académicos o estudantado do Grao en Ciencias do Mar mostra preferencia polo programa de intercambio Erasmus+ Estudos seguido do Programa Propio de intercambio con América Latina. O programa de mobilidade nacional SICUE foi elixido por 27 estudantes. É de destacar que ata o curso 2021-2022 ningún estudante optara por mobilidade ISEP con USA. Tras un esforzo por parte do Decanato en dar visibilidade a tan esixente programa, conseguiuase que unha estudante no curso 2021-22 e un estudante no curso 2022-23 realizasen o seu terceiro ano académico na Western Washington University con moi bos resultados académicos.

En xeral, o noso estudantado do Grao en Ciencias do Mar opta en maior medida por estancias no primeiro cuadrimestre en universidades estranxeiras, seguida pola realización de todo o curso académico. Isto está condicionado, probablemente, porque as mobilidades realízanse os dous últimos cursos do grao. Se escollen realizar a mobilidade no terceiro ano, a tendencia é a irse o curso completo ou o primeiro cuadrimestre mentres que, se a mobilidade realízase no cuarto ano, gran parte do estudantado desprázase o primeiro cuadrimestre condicionados pola realización do TFG en 2.º cuadrimestre que, segundo o regulamento de mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar, ten que ser realizado e defendido na UVIGO.

En canto á orixe do estudantado visitante nos últimos cursos académicos, pódese apreciar que a nosa facultade é un destino atractivo para estudantes estadounidenses que veñen a través do programa ISEP, seguidos dos e as estudantes alemáns. Respecto á orixe do estudantado nacional, destaca o alumnado proveniente da Universidade de Alacant. Probablemente, o programa de Innovación Educativa que temos con esa universidade “Ti ao Mediterráneo, eu ao Atlántico”, no que os estudantes de 2.º curso de Ciencias do Mar da Universidade de Alacant veñen unha semana para realizar prácticas de campo á Universidade de Vigo nun programa conxunto entre o profesorado de ambas as universidades, promova o intercambio.

O número de materias para as que se solicitaron recoñecemento de créditos a través da Comisión de Docencia e Validacións ao longo do curso 2022-23 é de 3 sobre 2412 que cursou o alumnado da titulación, o que indica que a maioría dos alumnos cursan as materias en calquera das súas formas habituais establecidas nas normativas vixentes.

Neste curso 2022-23, non se rexistraron queixas, suxestións ou parabéns na caixa correspondente.

Con todo isto, pode concluírse o seguinte:

- Os obxectivos xerais e específicos do título seguen tendo plena vixencia e que seguen garantindo o respecto aos dereitos fundamentais de igualdade entre homes e mulleres e os principios de igualdade de oportunidades e accesibilidade.
- As competencias establecidas seguen cumprindo os requisitos da profesión establecidas na memoria do título e que seguen estando en consonancia cos requirimentos no ámbito de coñecemento na maior parte dos países da nosa contorna. Estudáranse as suxestións de cambio propostas polo profesorado das distintas materias.
- O Plan de Estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada. Obsérvanse certos desaxustes entre as actividades de avaliación que figuran na memoria verificada e nas guías docentes, que se deben ao aumento de opcións que ofrece a aplicación Docnet para elaborar as

<p>devanditas guías docentes. Estes cambios incorporaranse como futuras modificacións da memoria do título.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A taxa de adecuación do alumnado entrante é baixa, a pesar de que a taxa de preferencia alcanzou para o curso 2022-23 un 117%. • O título conta con mecanismos de coordinación docente suficientes para analizar se o desenvolvemento do Plan de Estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes. Estes mecanismos permitiron establecer as accións de mellora oportunas. • As normativas son apropiadas e suficientes para o desenvolvemento da actividade académica e consideran que a aplicación das normas é adecuada e contribúe á mellora dos valores dos indicadores. <p>Por todo iso, consideramos que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é C, CÚMPRESE PARCIALMENTE.</p>	
Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Taxa de adecuación baixa, o que xera altas taxas de abandono.	<p>Impulsar o Plan de promoción da titulación como vía para tratar de captar estudantes con altos expedientes académicos, incrementando a nota mínima e media de acceso.</p> <p>Actividades divulgativas no 1.º curso para animar ao alumnado para continuar os seus estudos nesta Titulación.</p>
Desaxustes nas actividades de avaliación reflectidas nas guías docentes e na Memoria Verificada do Título, a pesar de que é unha cuestión máis de forma que de fondo.	Axustar as actividades de docencia e avaliación, tal e como están reflectidas nas guías docentes, como unha modificación non substancial da titulación.
Actualización das competencias reflectidas na memoria da titulación e a súa transición a resultados de aprendizaxe.	Reunións cos coordinadores de materia para realizar a transición de competencias a resultados de aprendizaxe e reflectilos como modificación non substancial da titulación.
Regulamento TFG desactualizado.	Revisión e adaptación do regulamento interno do TFG da Facultade.
Rúbricas TFG desactualizadas	Deseño de novas rúbricas para a avaliación do TFG, así como para a adxudicación de matrículas de honra.
A pesar de non ser un punto débil, consideramos que se debería ampliar o número de materias en inglés, para aumentar o alumnado estranxeiro entrante en programas de mobilidade.	Ofertar un total de 60 créditos de docencia en inglés, repartidos nos dous semestres.
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título.</p> <p>E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación de acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.</p> <p>E3: Perfil de ingreso do alumnado.</p> <p>E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).</p> <p>E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade</p> <p>E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).</p> <p>QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1: Matrícula de novo ingreso por preinscrición</p> <p>I2: No caso de mestrado, número de estudantes de Novo ingreso por titulación de</p>	

procedencia

I3: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I3-1: Estudantes estranxeiros

I20, I23: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I35: Nota media de acceso.

I50-2: Nota mínima de acceso.

III-1: Ocupación.

III-2: Preferencia.

III-3: Adecuación.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira correcta a todos os grupos de interese as características do programa e os procesos que garanten a calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguindo o procedemento DO 0301 P1 “Información pública e rendición de contas” do SGIC, a Facultade de Ciencias do Mar conta cun Plan Operativo de información pública (E8: Plan operativo de información pública) aprobado en primeiro lugar en Comisión de Calidade do 30 de novembro de 2020, e despois en Xunta de Facultade do 21 de decembro de 2020. Este plan ten como obxectivo garantir que a información relevante dos títulos que se imparten no centro está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpre cos requisitos establecidos tanto polo propio Centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Dentro deste plan, identifícase a información relevante que debe publicar o Centro, periodicidade na revisión e actualización da información e identifica as canles de publicidade para cada titulación do centro. Este plan ten duración indefinida e é revisado anualmente.

A canle de información pública principal é a páxina web da Facultade de Ciencias do Mar (mar.uvigo.es), aínda que tamén se complementa con outras canles de información, tales como a páxina web Universidade de Vigo (uvigo.gal), taboleiros de anuncios e pantalla de información, así como listas de distribución de correo electrónico (PDI, PAS, Alumnos) da Facultade de Ciencias do Mar. Ademais, desde o curso 2016-17 habilitáronse diversos espazos nas plataformas de tele-docencia da UVIGO, TEMA e Moovi, denominados “Xunta de Facultade”, “Coordinación de Grao”, “Coordinación de curso” (un para cada curso e outro para todo o Grao) e “PAT”. Estes espazos utilízanse para facer chegar información, borradores provisionais de documentos a discutir, documentación para as actividades docentes, etc., directamente ao profesorado e ao alumnado.

Nos informes de seguimento interno realizados pola Área de Calidade nos cursos anteriores, os avaliadores propoñían aspectos mellorables na web do Centro que foron emendados. Isto levou a unha reestruturación significativa da web do centro para adaptala aos requisitos de ACSUG e UVIGO, actualizando ademais os contidos.

No informe de revisión interna, nos últimos cursos valorábase positivamente a documentación do SGIC dispoñible na web. Unicamente expúñanse como aspectos mellorables a información relativa ás estruturas docentes no curso 2020-21 e unha actualización de datas no curso 2021-22.

A actualización e mellora da web recolleuse reiteradamente nos plans de mellora asociados aos informes de seguimento do título. Isto permitiu ir mellorando os contidos e accesibilidade á información. Algúns dos cambios suxeridos tras a auditoría para a Acreditación do Grao son os seguintes:

- Páxina web acorde co formato da Universidade de Vigo
- Actualizouse a páxina web coa memoria vixente do título
- Actualizouse e mellorou o apartado referido ás infraestruturas docentes
- Abriuse unha pestana exclusiva para a acollida do alumnado estranxeiro, “Incoming students”.
- Móstranse, en gráficas, as taxas relacionadas coas titulacións

En xeral, a páxina web do Centro é o mecanismo principal para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características o programa e dos procesos que garanten a súa calidade. Así mesmo, a páxina web é a primeira fonte de acceso á información que utiliza o alumnado e o PDI para informarse sobre aspectos relacionados coa titulación. Nas enquisas de satisfacción do alumnado, egresados e PDI, as cuestións relacionadas coa información e transparencias son avaliadas con puntuacións satisfactorias.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
A pesar de que a páxina web está en permanente proceso de actualización, detectamos que se pode mellorar incluíndo outra información de interese como, por exemplo, datos e actividades sobre a empregabilidade.	Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.
Evidencias nas que se baseou a valoración:	
E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) Páxina web do centro en proceso de modificacións.	
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública. Última actualización 4/9/2015 e segue estando vixente.	
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública.	
Indicadores nos que se baseou a valoración:	
I26: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía de calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de modo eficaz, a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p> <p>Coa implantación do grao no curso 2009-10, a Universidade de Vigo a través da súa Área de Calidade, e coa participación dos centros, desenvolveu un SGIC. Este sistema foi revisado, simplificado e actualizado durante estes anos. Ademais, existe unha aplicación do SGIC onde se almacenan os rexistros xerados polo desenvolvemento dos procedementos, así como unha aplicación para a xestión dos Plans de Mellora para os centros e titulacións e, ademais, unha aplicación específica para a caixa de correos de queixas, suxestións e parabéns centralizado para todos os centros e servizos. A Universidade de Vigo conta ademais cunha Área de Estudos e Programas encargada de proporcionar información sobre os indicadores do SGIC. Todo iso, facilita significativamente a recollida de información (evidencias, indicadores, reclamacións, suxestións, etc.), a análise do título e a detección de puntos débiles e as consecuentes propostas de mellora.</p> <p>Todos os procedementos foron implantados na Facultade de Ciencias do Mar e desenvólvense segundo o establecido, tal e como se pode ver a partir das evidencias xeradas, moitas delas dispoñibles na web do centro. Ademais, desde o curso 2021-22, actualizáronse algúns procedementos do SGIC, e as accións de mellora non estiveron suficientemente actualizadas. Polo tanto, desde a Dirección do Centro e por recomendación da Área de Calidade no seu Informe de Revisión Interna, propúxose como acción de mellora a finalización das accións implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe:</p> <p><i>Melloras relativas á Facultade</i></p> <p>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</p> <ul style="list-style-type: none"> - Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese - Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.
--

Os avances realizados na Facultade nos últimos anos permiten optar a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade. Un dos aspectos a mellorar neste aspecto é a de promover a cultura da calidade nos grupos de interese.

MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05

- *Reservar uns minutos das últimas clases de cada semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten as enquisas correspondentes.*

Esta acción empréndese como consecuencia de baixos resultados nalgúns ítems das enquisas de satisfacción dos usuarios, así como a baixa participación dalgúns grupos de interese nas devanditas enquisas.

DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04

- *Mellorar a percepción dos empregadores sobre as capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar.*

Esta acción considerámoa necesaria para que os futuros empregadores adquiran consciencia das competencias e habilidades dos titulados en Ciencias do Mar, e que permitirá, a súa vez, atraer novo alumnado con mellores notas de ingreso.

DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05

- *Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.*
- *Solicitude de reactivación de promoción e visibilización do programa Meet-UVigo.*
- *Accións para a orientación profesional do alumnado. Xornadas sobre saídas profesionais.*
- *O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgúns das coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.*
- *Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.*

Obsérvase unha baixa participación do alumnado e do profesorado nas actividades do PAT. Esta acción convén relacionala coa participación do alumnado dos últimos cursos no programa MEET-UVigo no que a Facultade de Ciencias do Mar participa desde o curso 2018-19, co obxectivo de que o alumnado dos primeiros cursos adquira a consciencia da importancia da súa titorización como ferramenta para a mellora do seu rendemento académico. Para iso, convén incluír unha actividade de presentación do PAT durante a semana na que realizan o Curso Cero.

DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05.

- *Plan de ampliación dos contidos da páxina web.*

Esta acción permitiu facer unha revisión exhaustiva da páxina web cunha presentación máis asequible para os grupos de interese, tal e como se comentou no Criterio 2.

PE-01 P1 Xestión do PAS I04

- *Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.*

Nos últimos anos, houbo un descenso do número de persoal PAS na Facultade, a pesar das demandas realizadas pola Administradora de Centro para mellorar os servizos da Facultade.

IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos I03

- *Provisión de orzamento para a mellora e revisión das instalacións eléctricas das aulas.*

O emprego por parte do alumnado de equipos informáticos para o seguimento das clases e das actividades docentes requiren a necesidade de que teñan puntos de acceso para recargar as baterías destes equipos.

Melloras relativas á Titulación de Grao en Ciencias do Mar

DO-0102 P1 Seguimento e mellora das titulacións I05.

- *Axustar as actividades de docencia e avaliación, tal e como están reflectidas nas guías docentes, como unha modificación non substancial da titulación.*
- *Reunións cos coordinadores de materia para realizar a transición de competencias a resultados de aprendizaxe e reflectilos como modificación non substancial da titulación.*
- *Revisión e adaptación do regulamento interno do TFG da Facultade.*
- *Diseño de novas rúbricas para a avaliación do TFG, así como para a adxudicación de matrículas de honra.*
- *Ofertar un total de 60 créditos de docencia en inglés, repartidos nos dous cuadrimestres.*

As dúas primeiras accións de mellora xorden como consecuencia das baixas taxas de rendemento nalgúns cursos e materias, entre elas o TFG. A terceira acción de mellora xorde como consecuencia dunha taxa de abandono moi alta na titulación de Grao en Ciencias do Mar.

DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04

- *Impulsar o Plan de Promoción e Difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso.*
- *Actividades divulgativas no 1º curso para animar ao alumnado a continuar os estudos nesta Titulación*

A primeira acción xorde pola mesma razón que a de “Mellorar a percepción dos empregadores sobre as

capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar”, e a segunda é consecuencia dos altos valores obtidos nas taxas de abandono da titulación.

Estas accións de mellora non estiveron suficientemente actualizadas e, desde a Dirección do Centro e por recomendación da Área de Calidade no seu Informe de Revisión Interna, propónse como acción de mellora a finalización das accións implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe.

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa reunión do 24 de abril de 2019, aprobou un novo procedemento para o sistema QSF para toda a Universidade e que é xestionado pola Unidade de Análise e Programas da Universidade de Vigo. Desde o curso 2018-19 rexistráronse un total de 8 queixas, unha suxestión e unha felicitación, as cales foron contestadas seguindo o procedemento establecido.

Algúns dos valores obxectivo do documento “Política e Obxectivos da Facultade de Ciencias do Mar” terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das titulacións de Grao e Mestrado.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
A pesar de que o SGC está ben estruturado e de que se levan a cabo accións de promoción entre os diferentes grupos de interese, detéctase pouca proactividad na cultura da calidade	Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese
	Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade 30/10/2017 e 21/2/2018.

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos).

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados non estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública).

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (non seu caso).

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I20: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese.

I4: Resultados dous indicadores do sistema de calidade do centro.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación conta cun total de 91 profesores (curso 2022-23), que abarca todas as áreas de coñecemento relativas ás materias do título. Aproximadamente o 60% deste persoal é persoal estable (Catedráticos/as, Titulares ou Contratados/as Doutor), uns 19% investigadores postdoutorais e un 21% de investigadores predoutorais. O profesorado estable cubriu nos últimos cursos entre o 70% (curso 2019-20) e 87% (curso 2016-17) da docencia, e os docentes non doutores realizan fundamentalmente tarefas de apoio á docencia práctica, sempre cun coordinador de materia doutor. Consideramos que isto é un aspecto fundamental na formación dos egresados e futuro profesorado da Universidade.

Nos últimos cursos o número de catedráticos na titulación foi aumentando, en detrimento do número do

Profesorado Titular de Universidade, como consecuencia da promoción do profesorado na súa categoría profesional. Así mesmo, obsérvase un aumento do profesorado en formación nos últimos cursos, aspecto que consideramos positivo e fundamental para garantir a renovación do profesorado. Con todo, a porcentaxe de profesorado doutor na titulación mantívose en torno a un 80% nos últimos cursos académicos.

Ademais, a maioría destes docentes ten a súa investigación vinculada ás Ciencias Mariñas o que repercute directamente en beneficio da titulación, xa que garante a posta ao día no seu ámbito de traballo e a transmisión de coñecementos de vangarda ás súas tarefas docentes. Esta posta ao día é especialmente importante xa que as Ciencias Mariñas convertéronse nos últimos anos nunha área de especial interese, como revelan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada en 2015 pola ONU (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>). É un ámbito en constante avance e onde aínda é necesario ampliar o coñecemento. Así, os nosos docentes actualizan constantemente os contidos das materias para incorporar estes avances, garantindo a adquisición das competencias propostas.

O número de quinquenios de docencia, así como a proporción de quinquenios por profesor/a mantén unha tendencia a aumentar ao longo do histórico da titulación. Co respecto á porcentaxe de sexenios fronte ao número de sexenios potenciais, os últimos anos produciuse un aumento desta porcentaxe despois dun estancamento durante os cursos 2015-16 ao 2018-19. En detrimento desde bo dato está en que este aumento produciuse soamente nos homes. A participación do profesorado en programas de formación segue un descenso desde o curso 2019-20.

O número de PAS mantívose en 13 persoas ao longo do histórico da titulación. Prodúcese aumentos puntuais debido á contratación temporal de persoal por acumulación de tarefas. Mantéñense as proporcións do PAS segundo a súa cualificación. Seguen manténdose as demandas de maior persoal de administración e servizos na Facultade tal como reflíctese nos autoinformes de acreditación dos cursos 2016-17 e 2022-23. A implantación do grao, con novos procedementos administrativos, así como a introdución das novas tecnoloxías no ámbito administrativo-docente (aplicativos para matriculación, para xestión de TFGs, para xestión económica, realización de pedidos, sinatura electrónica das actas, etc.) introduciu nos centros numerosas tarefas administrativas novas que, non implicaron o correspondente incremento de persoal. Neste sentido, é preciso solicitar todos os anos máis persoal por acumulación de tarefas na Área de Postgrao, mentres que outras Áreas da Universidade están infrautilizadas. Para emendar estas deficiencias, elaborado pola Administradora do Centro. Polo tanto, propónse como acción de mellora ofrecer toda colaboración e apoio á Administradora de Centro para que as súas peticións de maior número de persoal de administración e servizos sexan atendidas.

A pesar de todo isto, desde a dirección do Centro, destácase que nas enquisas de alumnos e profesorado valórase positivamente o traballo desempeñado polo PAS. Doutra banda, a contratación de PAS na Universidade depende doutras dependencias nas que a Dirección do Centro non ten participación algunha. Polo que se conclúe que o Centro considera que o traballo realizado polo PAS é satisfactorio pero insuficiente pola falta de persoal.

Dentro do Centro valórase moi positivamente que, na práctica totalidade do histórico de datos, obsérvase que cada ano máis da metade do PAS participe en programas de formación. Nos dous últimos anos produciuse unha diminución da porcentaxe de PAS en formación, atribuíble ás restricións nos interiores de Centros e dependencias da Universidade motivadas pola pandemia da Covid-19.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Sobrecarga docente no profesorado de 1.º curso ao superar o número alumnado matriculado en primeira matrícula o número de prazas ofertadas.	Negociar co Vicerreitorado de Organización Académica a ampliación de grupos na PDA.
Falta de persoal de administración e servizos.	Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

A Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG, notificou ás Universidades do SUG que ao abeiro do artigo 30 do RD 822/2021, de 28 de setembro, acordou, a través da reunión da CGIACA celebrada o 29 de febreiro, requirir ás universidades que completen as solicitudes de modificación non substancial tramitadas en decembro, engadindo no apartado 4 da solicitude a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021. Para o curso 2023-24 a Facultade recibirá os impresos para enviar a solicitude á ACSUG para facer esta modificación non substancial.

O Plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e materias previstas na memoria verificada. Obsérvanse certos desaxustes entre as actividades de avaliación que figuran na memoria verificada e nas guías docentes, que se deben ao aumento de opcións que ofrece a aplicación Docnet para elaborar as devanditas guías docentes. Estes cambios incorporaranse como futuras modificacións da memoria do título xunto coa modificación de competencias a súa transición a resultados de aprendizaxe, distinguindo entre competencias, habilidades e contidos. Isto realizarase en aplicación do disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, no próximo curso académico.

TITULACIÓN DE MESTRADO
UNIVERSITARIO EN
OCEANOGRAFÍA pola UCA,
ULPGC e UVIGO

V. DATOS E INDICADORES.

V.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23,24, 25, 26 e 39).

A información dispoñible sobre as enquisas de satisfacción coa titulación foi proporcionada polo Portal de Transparencia da UVIGO (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5>). Neste curso cambiáronse novamente as preguntas dalgunhas enquisas con respecto a anos anteriores.

V.1.a. Índice de participación (I50-1).




Figura 49. Índice de participación na enquisa de satisfacción coa Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía para os distintos grupos de interese.

Na Figura 49 móstrase a participación do alumnado, egresados/as, PDI e PAS nas enquisas de satisfacción coa titulación de Mestrado durante os distintos cursos. O esforzo realizado durante os últimos anos para incentivar a participación non é todo o frutífera que se espera. Por un lado, a participación do alumnado neste curso 2022-23 aumentou ata un 50% (3 homes e 4 mulleres); e tamén aumentou a participación do PAS, pasando dun 6% no curso 2021-22 ata un 12% no presente curso (2 mulleres). Pola outra banda, a participación do PDI descendeu nas últimas enquisas realizadas, desde un 60% no curso 2018-19 ata un 41% no curso 2022-23; e tamén descendeu a participación dos egresados, dun 30% no curso 2021-22 ata un 20% (2 mulleres) neste curso 2022-23.

Nas enquisas propias da titulación, é de destacar que a participación do alumnado na enquisa sobre a xornada de acollida foi do 100% (9 mulleres e 3 homes), xa que esta enquisa é realizada presencialmente ao finalizar esta xornada de acollida. Así mesmo, a participación do alumnado na enquisa sobre o TFM é moi baixa, cunha media de 2 alumnas/os ao longo do histórico da titulación, así como neste curso 2022-23. Finalmente, na enquisa aos Titores sobre o TFM a participación foi aumentando progresivamente ata 11 enquisadas/os, que é o máximo do histórico da titulación.

V.1.b. Índice de satisfacción sobre a titulación (I20).

A Figura 50 mostra o histórico de puntuacións medias obtidas nesta enquisa nos anos que leva impartíndose a Titulación de Mestrado en Oceanografía. A puntuación xeral do índice de satisfacción do alumnado deste curso 2022-23 é satisfactoria con 3,68 puntos (3,42 homes e 3,88 mulleres), pero non é a máis alta de todo o histórico, con 3,95 puntos (3,88 homes e 3,97 mulleres) alcanzada no curso 2020-21. A puntuación do índice de satisfacción xeral dos egresados neste curso 2022-23 é de 4,19 puntos (2 mulleres realizaron a enquisa), que casi alcanza a máxima puntuación no histórico obtida no curso 2018-19, con 4,25 puntos. A puntuación do índice de satisfacción xeral do PDI supera os 4 puntos desde a realizada no curso 2018-19, obtindo neste curso 2022-23 a máxima puntuación no histórico da titulación, con 4,33 puntos (4,20 homes e 4,65 mulleres). Finalmente, o índice de satisfacción do PAS con la titulación considérase moi positivo, con puntuación de 4,00 e 4,16 puntos nos cursos 2020-21 e 2022-23, respectivamente.

O índice de satisfacción da enquisa ao alumnado sobre a xornada de acollida obtense co valor medio dos resultados, e o valor para este curso 2022-23 é de 4,8 puntos sobre 5, que é algo menor as puntuacións dos cursos anteriores, por encima de 4,9 puntos. O grado de satisfacción do alumnado có TFM é elevado mantívose por encima de 4,6 puntos entre os cursos 2017-18 e 2020-21, pero neste curso 2022-23 a puntuación obtida é de 4,36, algo superior á do curso 2021-22 con 4,3 puntos. Se valora a satisfacción do alumnado co TFM como moi positiva. Finalmente, a valoración global do grao de satisfacción dos titores có desenvolvemento do TFM e coa formación do estudantado do Mestrado é de 4,36 puntos para este curso 2022-23. Este valor é máis baixo cos obtidos en cursos anteriores pero o resultado considerámolo satisfactorio, puesto que a participación dos titores nesta enquisa é cada vez maior.




Figura 50. Índices de satisfacción nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía para os distintos grupos de interese.

Nas seguintes táboas, correspondentes ás enquisas de satisfacción do alumnado, egresados/as, PDI e PAS, os valores obtidos nas respostas márcanse en azul escuro cando o valor é igual ou superior a 4,5

puntos; en azul claro cando a puntuación é superior aos 4,0 puntos, e inferior a 4,5; en verde escuro cando o valor é igual ou superior a 3,5 e inferior a 4,0; en verde claro cando o valor é igual ou superior a 3,0 e inferior a 3,5; en laranxa claro cando o valor é igual ou superior a 2,5 e inferior a 3,0; en laranxa escuro cando o valor atópase entre un valor igual ou superior a 2,0 e inferior a 2,5; e en vermello cando o valor é inferior a 2,0. Así mesmo, os enunciados das cuestións marcados en gris indican que estes cambiaron con respecto a enquisas de cursos anteriores pero que os resultados obtidos nesas ítems poden ser comparables e son interesantes de destacar.

V.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I20-1, I13-1, I24-1, I25-1, I26-1 e I39-1).

Na Táboa 28 móstranse os resultados da enquisas realizadas durante os últimos tres cursos académicos. Os resultados pasaron no curso 2019-20 de ser realmente malos en practicamente todos os aspectos nos que o alumnado foi preguntado, de modo que o resultado desta enquisa sería motivo suficiente para plantexar unha modificación do plan de estudos desta titulación, a pasar a obter uns resultados moi satisfactorios nunha gran parte dos aspectos preguntados nos cursos seguintes.

Neste curso 2022-23 obtense a máxima puntuación en todas as preguntas do bloque 5, referido aos recursos materiais e servizos. Tamén obtense boas puntuacións nas preguntas do bloque 2 coa excepción da pregunta 8 sobre “A utilidade da páxina web da titulación”, que pode atribuírse aos problemas de acceso á páxina web que houbo ao principio do curso e que se comentou no apartado 1.2.b. Con todo, a mellora na puntuación sobre a pregunta 7 sobre “A facilidades para atopar contidos na páxina web”, indica que a transferencia de contidos desde a dirección masteroceanografia.com á páxina web da Facultade, mar.uvigo.es foi unha mellora importante.

Os aspectos que deben ser mellorados de acordo ás opinións do alumnado, relativos á pregunta 1, sobre “A distribución e orde das materias no plan de estudos”. Este aspecto debe ser tido en conta á hora de renovar a acreditación da Titulación, xa que todo o alumnado que participou na enquisa refírense nas preguntas abertas a que esta Titulación de Mestrado podería ser máis longa, tres semestres, e así poder dispoñer de máis tempo para a asimilación dos conceptos e para a dedicación ao TFM.

As preguntas 10 e 11 sobre o Bloque 3, referidas ao Sistema de Garantía de Calidade, non tiveron boa puntuación no curso 2021-22, pero este curso estas puntuación melloraron ata os 3,75 puntos. A pesar de que o alumnado non presentou ningunha Queixa no buzón QSP, todas as insatisfaccións do alumnado foron presentadas dereitamente á Coordinadora do Mestrado, que atendeu as súas peticións con a maior boa vontade que lle foi posible.

Finalmente, é de destacar que 2 de cada 3 estudantes enquisados están satisfeitos coa titulación.

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta “**En xeral, que é o que máis valora da titulación?**”, hai dúas respostas (en castelán): “Nada, no he aprendido nada” e “Las salidas de campo y barco y las pocas prácticas en el laboratorio.”

La docencia con gente profesional del CSIC y de la propia universidad. El buen ambiente que hay, en su mayoría, entre el profesorado y el alumnado.”

Na pregunta “Que melloras se poderían incorporar á titulación?”, todas as respostas (5) están referidas a que o mestrado podería ter unha maior duración, suxiriendo en todos os casos que fora dun ano e medio para poder assimilar mellor os coñecementos adquiridos.

Na pregunta “Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres”, a dúas respostas comentan sobre as dificultades no segundo semestre para compaxinar a redacción de traballos, a realización do TFM, e outras actividades que oferta a Facultade como actividades complementarias; así como una demanda de máis horas de saídas de campo e prácticas de laboratorio.

Táboa 28. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do alumnado coa titulación.

Enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación de Mestrado en Oceanografía pola UCA, ULPG e Uvigo				2022-23			2021-22			2020-21			2019-20			
Poboación:		Estudantado que cursa por primeira vez proveñente dun grao														
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)														
Curso académico				H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio	
Participación				3	4	50%	0	2	20%			45%			50%	
Dimensións	Bloques	Cuestións	Respostas	3,42	3,88	3,68	-	3,52	3,52	3,88	3,97	3,95	1,96	2,23	2,10	
1	Xestión da titulación	1 Organización e desenvolvemento	1 A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	2,67	2,75	2,71	-	2,00	2,00	2,00	2,75	2,60	2,33	2,00	2,17
			2 A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5	3,33	3,75	3,57	-	1,00	1,00	1,00	3,00	2,60	1,00	2,67	1,83
			3 Os horarios da titulación	De 1 a 5	3,00	3,75	3,43	-	1,00	1,00	2,00	3,25	3,00	3,67	2,33	3,00
			4 O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5	3,33	4,00	3,71	-	3,00	3,00	5,00	4,00	4,20	2,67	2,33	2,50
			5 A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5	3,33	3,00	3,14	-	4,00	4,00	-	4,25	4,25	2,00	2,33	2,17
			6 A orientación académica recibida no plan de acción tutorial	De 1 a 5	3,33	3,00	3,17	-	3,00	3,00	4,00	3,50	3,67	1,00	1,33	1,20
	2 Información e transparencia	7 A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	3,33	4,50	4,00	-	2,50	2,50	5,00	4,75	4,80	1,00	2,33	1,67	
		8 A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	3,33	3,50	3,43	-	4,00	4,00	5,00	4,75	4,80	1,33	2,33	1,83	
		9 A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	De 1 a 5	4,00	4,00	4,00	-	4,00	4,00	5,00	4,00	4,20	1,00	2,00	1,50	
		- A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)	De 1 a 5							2,00	3,75	3,40	1,67	1,67	1,67	
		10 A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	4,00	3,50	3,75	-	2,50	2,50							
3 Sistema de garantía de calidade	11 A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	3,50	4,00	3,75	-	2,50	2,50								
	- As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.	De 1 a 5							5,00	4,33	4,50	2,00	1,50	1,80		
2	Recursos	5 Recursos materiais e servizos	12 A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	3,33	4,00	3,71	-	5,00	5,00	5,00	4,67	4,75	3,00	2,67	2,83
			13 As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5	3,67	4,50	4,14	-	5,00	5,00	5,00	4,50	4,60	2,33	3,00	2,67
			14 Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5	3,50	4,50	4,17	-	5,00	5,00	4,00	4,50	4,40	2,00	2,67	2,33
			15 Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5	4,67	4,50	4,57	-	5,00	5,00	5,00	4,50	4,60	3,67	2,67	3,17
			16 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	4,00	4,50	4,29	-	5,00	5,00	5,00	4,50	4,60	1,33	2,33	1,83
3	Resultados	6 Resultados de aprendizaxe	17 A formación adquirida	De 1 a 5	3,00	4,00	3,57	-	4,00	4,00	3,00	3,25	3,20	1,67	2,33	2,00
			18 O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5	2,67	3,75	3,29	-	3,50	3,50	3,00	3,25	3,20	1,00	1,33	1,20
				Si	Non		100%			100,00%	75,00%	80,00%	17%	83%		
En xeral, a calidade da titulación				19 En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	67%	33%									
				20 En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta											
				21 Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación	Resposta aberta											
				23 Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta											

V.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-2, I25-2, I26-2 e I39-2).

Na Táboa 29 móstranse os resultados das enquisa realizada. Ao contrario que ocorreu nesta enquisa o curso 2020-21 (estudantes que finalizaron os seus estudos no curso 2019-20), a puntuación obtida para os seguintes curso considerámolas de satisfactorias. A práctica totalidade das puntuacións nos ítems a valorar superan os 3,5 puntos para este curso 2022-23, alcanzando puntuacións superiores aos 4 puntos en gran parte das preguntas.

A puntuación máis baixa obtense na pregunta 5, sobre “A orientación laboral recibida” destacando a necesidade de que a acción de mellora sobre as xornadas sobre saídas profesionais debería facerse máis alcanzable ao estudantado de mestrado.

O 50% das egresadas que contestaron a enquisa de satisfacción coa titulación, recomendarían esta titulación a outra persoa.

Táboa 29. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción dos egresados coa titulación.

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2022-2023													
Persoas que remataron os seus estudos de mestrado en 2021-2022													
Poboación:		2020-2021			2019-2020								
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)		H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total			
		Satisfacción											
		Participación											
		0	2	20%	0	3	30%	20%	25%	23%			
Dimensións	Bloques	Cuestións			Curso 2021-22			Curso 2020-21					
		Questionario curso 2021-22	Respostas	H	M	Total	H	M	Total				
1	Xestión da titulación	1 Organización e desenvolvemento	1 A distribución das materias do plan de estudos	De 1 a 5	-	3,50	3,50	-	3,67	3,67	3,00	2,50	2,67
			2 O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	4,00	4,00	2,00	3,00	2,67
			3 As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	De 1 a 5	-	3,50	3,50	-	3,33	3,33	1,00	3,00	2,33
			4 A orientación académica recibida	De 1 a 5	-	4,00	4,00	-	2,33	2,33	2,00	3,00	2,67
			5 A orientación profesional e laboral recibida	De 1 a 5	-	1,50	1,50	-	2,67	2,67	----	2,00	2,00
			6 Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5	-	-	-	-	3,67	3,67	----	1,00	1,00
	2 Información e transparencia	7 A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	3,67	3,67	2,00	3,00	2,67	
		8 A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	4,00	4,00	1,00	3,00	2,33	
		9 A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	-	4,50	4,50	-	4,33	4,33				
		10 A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	-	4,50	4,50	-	4,33	4,33				
3 Sistema de garantía de calidade	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc..)	De 1 a 5							4,00	1,00	2,50		
		De 1 a 5											
2	Recursos	4 Recursos humanos	11 O desempeño do profesorado	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	4,33	4,33	2,00	3,00	2,67
			12 A atención do persoal de administración e servizos	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	3,67	3,67	5,00	3,00	3,67
		5 Recursos materiais e servizos	13 As aulas e laboratorios	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	4,33	4,33	4,00	2,50	3,00
			14 Espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC...)	De 1 a 5	-	4,00	4,00	-	4,33	4,33	5,00	2,50	3,33
			15 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	-	5,00	5,00	-	3,00	3,00	5,00	2,50	3,33
3	Resultados de aprendizaxe	16 A formación adquirida	De 1 a 5	-	3,50	3,50	-	4,00	4,00	3,00	2,50	2,67	
		17 A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	-	3,00	3,00	-	4,33	4,33	2,00	2,50	2,33	
4	Prácticas e experiencia	7 Prácticas externas	18 Realizou algunha práctica externa	Si / Non	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC
				0,0%	100,0%	0,0%	33%	33%	33%	0%	100%	0%	
				H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	
			19 Formación adquirida na práctica	De 1 a 5				-	5,00	5,00	----	----	----
			20 Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación	De 1 a 5				-	4,00	4,00	----	----	----
			21 Duración das prácticas	De 1 a 5				-	5,00	5,00	----	----	----
	8 Situación actual	22 Indique cales destas opcións reflicten a súa situación laboral ou académica na actualidade	Elixir unha opción	a) Estudiante	0%	a) Estudiante	33%						
			b) Opositor	0%	b) Opositor	0%							
			c) Empregado/a por conta propia	0%	c) Empregado/a por conta propia	0%							
		d) Empregado/a por conta allea	0%	d) Empregado/a por conta allea	0%								
		e) En busca de emprego	100%	e) En busca de emprego	67%								
		f) Outros	0%	f) Outros	0%								
	- Traballa ou traballou nalgún ámbito relacionado coa titulación?	Si / Non							Si	NON	NS/NC		
									33%	0%	67%		
	- Indique o tempo que lle levou atopalo	Menos de 3 meses/ Entre 3 a 12 meses/ Máis dun ano							Menos de 3 meses	Entre 3 e 12 meses	Máis dun 1 ano		
											100%		
Preguntas abertas	23 Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC	Si	NON	NS/NC		
			50%	50%	0%	100%	0%	0%	33%	67%	0%		
	24 En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta											
	25 Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta											
26 Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta												

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **“En xeral, que é o que máis valora da titulación?”**, as dúas respostas referíronse ao acollemento do persoal académico aos estudantes extranxeiros e a calidade do profesorado.

Na pregunta **“Que melloras se poderían incorporar á titulación?”**, a única resposta está referida á falta de orientación laboral.

Na pregunta **“Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres”**, non houbo respostas.

V.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-3, I24-3 e I26-3).

Esta enquisa realízase bianualmente e na Táboa 30 móstranse os resultados das enquisas realizadas nos tres últimos cursos académicos que foi realizada.

Como pode observarse, as puntuacións superan os 4,0 puntos en todas as preguntas realizadas ao PDI, e melloraron na totalidade dos bloques e nas preguntas realizadas, polo que o PDI está moi satisfeito coa Titulación, tal e como o manifesta o 94% do PDI enquisado.

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **“En xeral, que é o que máis valora da titulación?”**, a única resposta a boa oferta académica e o nivel de coñecemento ofrecido ao alumnado.

Na pregunta **“Que melloras se poderían incorporar á titulación?”**, as respostas dun PDI está referida á posibilidade de favorecer a invitación de investigadores españois e extranxeiros, así como a organización dun ciclo de seminarios sobre temas referidos á titulación.

Na pregunta **“Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres”**, non houbo respostas.

Táboa 30. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do PDI coa titulación.

Enquisa de Satisfacción do Profesorado coas Titulacións Oficiais curso 2022-23														
Poboación:		Profesorado que imparte docencia en graos e mestrados segundo o POD												
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)												
					Curso 2020-21			Curso 2018-19						
Indique, por favor, por que razóns...				Participación	Poboación	Porcentaxe	Participación	Poboación	Porcentaxe	Participación	Poboación	Porcentaxe		
				16	39	41%	32 19/13	61	52,46%	41 25/16	68	60,29%		
Dimensións	Bloques	Cuestións		4,20	4,65	4,33	4,16	3,87	4,05	4,08	3,96	4,03		
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos	3,82	4,80	4,13	4,11	4,17	4,13	4,08	4,27	4,15
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,82	4,40	4,00	4,26	3,27	3,90	4,04	3,53	3,85
				3	Os horarios da titulación	3,82	4,60	4,06	3,89	3,83	3,87	3,84	3,73	3,80
				4	O calendario das probas de avaliación	4,36	5,00	4,56	4,42	4,18	4,33	4,32	4,07	4,23
				5	As prácticas realizadas nas materias da titulación	4,36	5,00	4,53	4,00	4,00	4,00	3,82	4,13	3,95
				6	A orientación académica programada no plan de acción tutorial	4,00	4,33	4,08	4,06	3,33	3,80	3,91	3,75	3,85
	2	Información e transparencia	7	A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	4,27	4,60	4,38	4,41	4,33	4,38	4,40	4,27	4,35	
			8	A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	4,18	4,40	4,25	4,41	4,33	4,38	4,46	4,27	4,38	
			9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	4,30	5,00	4,36	4,31	4,18	4,26	4,09	4,00	4,05	
			10	A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais...)	3,80	5,00	4,00	4,07	3,89	4,00	3,76	3,69	3,74	
	3	Sistema de garantía de calidade	11	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)	4,00	4,00	4,00	4,44	3,55	4,10	4,25	3,79	4,08	
2	Recursos humanos	4	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	4,73	5,00	4,81	4,47	4,00	4,31	4,20	4,19	4,20	
			13	A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado	3,82	4,40	4,00	3,39	2,92	3,20	3,52	3,43	3,49	
	5	Recursos materiais e servizos	14	As aulas e o seu equipamento	4,55	4,60	4,56	4,42	4,27	4,37	4,28	4,40	4,33	
			15	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	4,33	4,25	4,31	4,16	3,91	4,07	4,04	3,79	3,95	
			16	Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento	4,50	5,00	4,67	4,44	4,08	4,30	4,40	4,07	4,28	
17	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	4,70	5,00	4,80	4,44	4,18	4,34	4,52	4,25	4,41				
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos)	4,27	4,40	4,31	3,84	3,64	3,77	3,84	3,81	3,83
				19	A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas	4,09	4,50	4,20	3,50	3,36	3,45	3,57	3,63	3,59
Xerais	Preguntas abertas	20	En xeral, estou satisfeito coa titulación	SI	NON									
		21	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	94%	6%		94,12	100,00	96,43	86,96	87,50	87,18		
		22	Que melloras se poderían incorporar á titulación?											
		23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres											

V.1.f. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4).

Esta enquisa realízase bianualmente e na Táboa 31 móstranse os resultados das enquisas realizadas nos dous últimos cursos académicos que foi realizada.

Como pode observarse, as puntuacións superan os 4,0 puntos en todas as preguntas realizadas ao PDI, e melloraron na práctica totalidade dos bloques e nas preguntas realizadas, polo que o PAS está moi satisfeito coa titulación.

A puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre “A dotación do PAS adscrito”. Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.

As respostas abertas poden resumirse da seguinte maneira.

Con respecto á pregunta “En xeral, que é o que máis valora das Titulacións do Centro?”, non houbo respostas.

Na pregunta “Que accións considera que se deberían de incorporar para a mellora das Titulacións do Centro?”, a única resposta refírese a necesidade de aumentar o número de PAS para evitar a repercusión de exceso de traballo noutras áreas da administración do edificio de ciencias experimentais, por ter que facerse cargo de tarefas relacionadas co mestrado e que non lles corresponden.

Táboa 31. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do PAS coa titulación

Enquisa de satisfacción do PAS coas titulacións curso 2022-2023												
Poboación:		Persoal de Administración e Servizos en activo nos centros con relación coa titulación de Mestrado en Oceanografía pola UCA, ULPGC e Uvigo										
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)										
						Curso 2020-21						
						Satisfacción	H	M	Total	H	M	Total
						Participación	0%	14%	12%	0%	7%	6%
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:												
Dimensións	Bloques	Cuestións		Respostas								
1	Xestión da titulación	1	Información xeral sobre o centro e as súas titulacións	1	A información dispoñible para o alumnado	De 1 a 5	----	4,50	4,50	----	4,00	4,00
				2	A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo	De 1 a 5	----	4,50	4,50	----	3,00	3,00
				3	A información dispoñible na páxina web do centro	De 1 a 5	----	4,50	4,50	----	4,00	4,00
	2	Comunicación	4	A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións	De 1 a 5	----	5,00	5,00	----	5,00	5,00	
			5	A comunicación co alumnado	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	5,00	5,00	
			6	A comunicación co profesorado	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	5,00	5,00	
			7	A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico	De 1 a 5	----	4,50	4,50	----	5,00	5,00	
2	Recursos	3	Recursos humanos	8	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións.	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	3,00	3,00
				9	A dotación do PAS adscrito	De 1 a 5	----	3,33	3,33	----	3,00	3,00
	4	Recursos materiais e servizos	10	As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	3,00	3,00	
11			As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo	De 1 a 5	----	4,50	4,50	----	4,00	4,00		
3	Xeral	5	Xestión da calidade	12	A información dispoñible sobre a xestión da calidade	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	4,00	4,00
				13	As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	4,00	4,00
				14	As vías de participación para a mellora da calidade	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	4,00	4,00
		6	Xeral	15	A xestión das titulacións	De 1 a 5	----	4,00	4,00	----	4,00	4,00
Preguntas abertas												
4	Preguntas abertas	7		23	Que é que é o que máis valora das titulacións?	Resposta aberta				H	M	Sen respostas
				24	Que melloras considera que se deberían incorporar ás titulacións?	Resposta aberta						

V.1.g. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre a xornada de acollida.

Na Táboa 32 móstrase o histórico de resultados obtidos nesta enquisa nos últimos cursos académicos. Os resultados obtidos en todas as cuestións son moi satisfactorios. As preguntas cunha puntuación menor foron a número 1 e 3, cun valor medio de 4,6, sendo en todo caso un valor moi alto. Cabe destacar o mantemento dunha alta puntuación nos últimos anos como consecuencia do esforzo por proporcionar unha información máis completa e detallada durante a xornada de acollida. Seis dos sete estudantes indicaron estar moi satisfeitos (máxima valoración) coa xornada e un indicou estar bastante satisfeito (segunda mellor valoración posible). As presentacións de profesores e as súas liñas de investigación de cara a escoller o tema e o profesor do TFM é unha mellora que ofrece bos resultados.

Táboa 32. Histórico de resultados obtidos nos últimos cursos académicos nesta enquisa (preguntas en castelán)

	2022/23	2021/22	2020/21	2019/20
1-La información sobre el máster que voy a cursar me resultó útil	4,6	5	4,9	5
2-La información ofrecida sobre las instalaciones, servicios y funcionamiento de la Universidad me resultó útil	4,9	5	4,80	4,89
3-La información presentada sobre los aspectos académicos del título me aclaró dudas	4,6	4,86	4,6	5
4-La actitud de los responsables de la presentación fue correcta	5	5	5	5
5-Me sentí acogido y atendido durante el desarrollo de las jornadas	5	5	5	5
6-La organización de la presentación fue apropiada	4,8	5	4,4	5
7-La implicación del SGC de la facultad con la titulación me ha resultado adecuada	4,7	4,86	4,9	5

V.1.h. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa ao alumnado sobre o TFM.

Móstrase na Táboa 33 o histórico de valores medios de cada pregunta. No caso de respostas de SI/NO, o SI conta como 5 e o NON como 1. O grado de satisfacción do alumnado có TFM é moi elevado, sendo un 4,63 no curso 2017-18, un 4,87 en 2018-19, 4,71 en 2019-2020, 4,67 en 2021-22, e 4,2 en 2022-23. O valor cae no curso 2022-23 por primeira vez por debaixo do 4,6 que era o valor máis baixo obtido no curso 2017-18. Compre indicar que os resultados derivan de dúas enquisas realizadas e que son moi contrastadas, unha cun promedio de 5 e a segunda cun promedio de 3,4. Esta segunda enquisa parece estar relativamente sesgada, dada a baixa valoración na cuestión máis obxectiva, que é a número 5, referida a información proporcionada sobre o TFM, que recibe a mínima puntuación de 1. O estudiantado recibe información sobre o TFM de forma continua, dende o día da xornada de acollida, teñen unha titoría presencial tras a asignación de liñas na que poden consultar todas as dúbidas. A información está actualizada na web, no espazo de coordinación e na materia TFM.

Táboa 33. Histórico de resultados obtidos na enquisa sobre o TFM (preguntas en castelán).

	22-23	21-22	20-21	19-20	18-19	17-18
1. Satisfacción con la formación recibida para la realización del TFM	3,5	4,33	-	4,67	5	5
2. Satisfacción general con la formación previa recibida para la elaboración de la memoria y su defensa	4	4,33	-	4,67	5	4
3. Crees que has estado a la altura de la exigencia del trabajo	5	5	-	5,0	5	5
4. Satisfacción con el trabajo desarrollado	5	4,66	-	4,33	4,5	5
5. Satisfacción con la información facilitada sobre el TFM (Web, charlas, etc.)	3	4	-	4	4,5	3
6. Satisfacción general con el tutor/a	4	5	-	5	5	5
7. Tu tutor/a se ha mostrado interesado/a por tu trabajo.	4	5	-	5	5	5
8. ¿Ha sido fácil contactar con tu tutor/a?	5	5	-	5	5	5

V.1.i. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa aos Titores sobre o TFM.

A continuación, na Táboa 34 móstrase o valor medio de cada pregunta e a lista de cuestións realizadas. No caso de respostas de SI/NON, o SI conta como 5 e o NON como 1. Os resultados obtidos son moi satisfactorios.

A valoración global neste curso é de 4,4, lixeiramente superior á do curso anterior, pero continúa a reflexar unha lixeira baixada la valoración dos/as titores/as respecto aos últimos anos, que foron de 4,9 no curso 2020-2021, 4,7 no 2019-20, 4,8 no 2018-19. Aínda así, este resultado pode considerarse satisfactorio.

A pregunta que ten una valoración máis baixa, aínda que por riba de 4 puntos, é a referida á posibilidade de contratar aos estudantes por parte do titor/a, e parece responder a un descenso do grao de satisfacción coa formación do estudando do Mestrado. Dous de entre 9 que responderon á pregunta 3, indican que non contratarían ao estudante.

En canto a baixada na valoración das preguntas 2 (un 4,2) e 1 (4,3) respecto a valoración de cursos pasados, creemos que pode deberse a un descenso no nivel de formación adquirida nos graos polos estudantes ou ben a un nivel excesivo dos obxectivos do TFM por parte do profesorado, no sentido de que podería ocorrer que o nivel de exixencia do profesorado sea maior ao esperado nun mestrado. A satisfacción dos titores coa información recibida acadou a valoración máis alta (4,6).

Táboa 34. Histórico de resultados da enquisa de satisfacción dos Tutores do TFM.

	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19
1. Satisfacción con la formación general del alumno	4,3	4,4	4,9	4,9	5,0
2. Satisfacción general con la formación previa del alumno para el desempeño de la actividad desarrollada en el TFM	4,2	4,3	4,6	4,7	5,0
3. Si le hiciera falta personal, ¿contrataría al estudiante que ha desarrollado el TFM?	4,1	4,1	5,0	4,3	5,0
4. Satisfacción con la información facilitada sobre el TFM	4,6	4,3	4,9	4,9	4,0
5. Satisfacción general con el trabajo realizado por el alumno	4,6	4,4	5,0	4,9	5,0

V.1.j. Conclusións respecto dos resultados das enquisas.

Os esforzos na difusión das enquisas de satisfacción coas titulacións (EST) por parte do Centro deben seguir manténdose para non repetir a non participación dos egresados nos dous cursos anteriores. Por iso, este esforzo vaise a manter no próximo curso, sendo responsables desta difusión o Coordinador de titulación e a Dirección do Centro.

Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados obtidos na enquisa deste curso 2022-23 son moi bos en xeral, pero a maior preocupación do alumnado é sobre a duración do curso de mestrado. En efecto, a puntuación obtida na pregunta 1 sobre “A distribución e orde das materias no plan de estudos” é moi baixa, e este aspecto debe ser tido en conta á hora de renovar a acreditación da Titulación, xa que todo o alumnado que participou na enquisa refírense nas preguntas abertas a que esta Titulación de Mestrado podería ser máis longa, tres semestres, e así poder dispoñer de máis tempo para a asimilación dos conceptos e para a dedicación ao TFM.

Enquisa de satisfacción dos/as egresados/as. Ao contrario que ocorrira no curso 2020-21, os resultados da EST para o alumnado egresado do Mestrado nesta enquisa nos cursos 2021-22 e 2022-23 son tomados con satisfacción pola Coordinación do Máster e a Dirección do Centro, xa que acadáronse moi boas puntuacións na maioría dos ítems. Aínda así, convén reforzar actividades de orientación profesional e académica ao longo do curso.

Enquisa de satisfacción do PDI. Os resultados da EST do PDI para o mestrado, relativos ao curso 2020-21 son valorados moi positivamente pola Dirección do Centro, onde se acadou unha puntuación lixeiramente superior aos 4 puntos, e unha tendencia crecente por segundo ano consecutivo.

Hai unha serie de ítems nos que o PDI da titulación de Mestrado en Oceanografía mostra a súa maior insatisfacción. Unha das preguntas con peores puntuacións é a referida á coordinación entre materias, insatisfacción que será comunicada aos coordinadores das materias. Outra das insatisfaccións do PDI é sobre a oferta de formación permanente para o profesorado, polo que comunicaremos esta inquietude á Área de Formación e Innovación Educativa.

Enquisa de satisfacción do PAS. A opinión do PAS sobre a titulación pode considerarse, en xeral, moi satisfactoria. Con todo, a puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre “A dotación do PAS adscrito”. Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.

Enquisa sobre a xornada de acollida. Os resultados obtidos na enquisa realizada tras a xornada de acollida son moi satisfactorios. É motivo de parabén o bo traballo realizado neste aspecto pola Coordinadora do Mestrado na organización desta xornada de acollida.

Enquisa ao alumnado sobre o TFM. Os resultados obtidos nesta enquisa nos curso anteriores foron moi satisfactorios e concordan cos bos resultados académicos que o alumnado obtén nesta Materia e a moi boa calidade dos traballos científicos que desenvolven. Os bos resultados da enquisa realizada aos/ás Titores/as do TFM mostran o grao de implicación do alumnado durante o desenvolvemento dos seus traballos de investigación. Unha das cuestións peor valoradas nos último dous cursos, fan referencia a percepción que teñen os estudantes coa formación previa e recibida para a elaboración do TFM. Pensamos que este resultado pode estar relacionado co pouco tempo de que dispoñen os estudantes dun mestrado de 1 ano para a elaboración do TFM. Neste sentido, insistiremos en transmitir aos titores/as dos TFM a necesidade de dimensionar adecuadamente a carga de traballo do TFM. Por outra banda, pensamos que a baixa valoración na pregunta 5 pode ser froito dun sesgo derivado dunha soa resposta extremadamente baixa, continuaremos a esforzarnos por proporcionar toda a información necesaria ao estudantado e profesorado, non só a través das páxinas web da Facultade e do propio Mestrado en Oceanografía, así como na plataforma de teledocencia *Moovi*, senón tamén a través de emails recordando todos os procedementos e datas relevantes.

Outro aspecto mellorable é o índice de participación desta enquisa, do mesmo xeito que ocorre no resto das enquisas realizadas. No curso 20-21 a participación foi nula e neste curso só 2 alumno/as participaron na enquisa, a pesar de enviar a enquisa a través do email ata en 3 ocasións. Continuaranse as labores de promoción na participación do alumnado das enquisas realizadas para todos os grupos de interese da Facultade de Ciencias do Mar.

Enquisa aos/ás titores/as sobre o TFM O único aspecto que pode invitar á reflexión é a baixada na valoración dos/as titores/as das carencias formativas dos/as estudantes titorizados/as, reflectida nas dúas primeiras preguntas, e que poden ter que ver cos anos de pandemia que sufriron estes estudantes na finalización dos estudos de grao. Alternativamente, estimamos a posibilidade de que os profesores esixan un nivel superior ao esperado no mestrado, polo que trasladaremos ao profesorado a necesidade de adecuar o TFM as competencias e contidos recollidos nas guías docentes. É motivo de parabén o bo traballo realizado neste aspecto tanto a Coordinadora do Mestrado como aos/ás Titores/as que dirixen os TFM. A participación nesta enquisa segue manténdose alta.

V.2. Enquisa de avaliación docente (EAD) (EVIDENCIA 17, INDICADOR 43).

O acceso aos datos deste apartado atópase na secretaría virtual da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=informes&accion=InformeEadTitulacion>)



Figura 51. Índice de participación na enquisa de avaliación docente na Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía.

Na Figura 51 móstrase o índice de participación nas enquisas de avaliación docente (EAD) para o Mestrado Universitario en Oceanografía. Hai que destacar o alto índice de participación (91%) no curso 2017-18 e o descenso producido nos seguintes cursos académicos ata un 14,1% no curso 2020-21. O descenso na participación máis importante prodúcese a partir do curso 2019-20 (marcado en vermello), no que comezaron a realizarse estas enquisas de forma telemática e non presencial, tal e como ocorre tamén nas enquisas e avaliación docente do Grao, o que desanima a participación nestas enquisas. No curso 2021-22 a participación aumentou moi lixeiramente co respecto ao curso anterior, ata un 23,5% (non hai datos desagregados por sexo) e, neste curso 2022-23, o informe indica que a porcentaxe de participación foi dun 110,6%, polo que este dato non se vai engadir na Figura 51.




Figura 52. Valoración Global na enquisa de avaliación docente (EAD).

O cuestionario da enquisa de avaliación docente cambiou desde o curso 2019-20 con respecto as enquisas de cursos anteriores, reducíndose a 10 preguntas e desaparecendo a dimensión referida ás

condicións materiais, tales como as aulas, laboratorios e outros. Esta decisión considerámola apropiada porque a dimensión sobre as condicións materiais non dependen do profesorado que imparte a súa docencia. A valoración global desta enquisa para o curso 2022-23 é de 4,42 puntos, que está dentro dos valores obtidos ao longo do histórico da titulación, tal como se mostra na Figura 52.

Os resultados da enquisa móstranse na Táboa 35, na que se inclúen os valores totais da Facultade e da Universidade por titulacións. Desde o curso 2022-21, non se facilitan datos desagregados por sexo. Obsérvase que a puntuación global obtida en todos os ítems indica que, en xeral, o alumnado ten unha moi boa opinión sobre a labor realizada polo profesorado ao que se fixo a enquisa de avaliación docente. Compáranse estes datos cos resultados para os valores globais obtidos nas titulacións de mestrado da Universidade, obtendo valores superiores en todos os casos.

A puntuación máis baixa obtense na pregunta 4 sobre “As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia”. As causas de que esta sexa a cuestión menos valorada pode deberse tanto a dificultade de organizar os horarios, a cantidade de materia impartida ao longo do curso, como á dificultade que ten o profesorado para compatibilizar esta docencia coas doutras titulacións, sobre todo cando son materias impartidas por varios docentes.




Figura 53. Avaliación da actividade docente do profesorado por dimensións. Histórico desde a implantación da titulación (dende o curso 2015-16).

A Figura 53 recolle o histórico de resultados das EADs para o Mestrado en Oceanografía (curso 2015-16 a 2022-23) por dimensións. Nela apréciase que a tendencia é similar para as distintas dimensións, con valores máximos no curso 2017-18 e no curso 2021-22. Como se observa en dita gráfica, todos as dimensións avaliadas obteñen unha puntuación que supera os 4 puntos.

Pódese concluír que a Titulación de Mestrado conta cun moi bo cadro de persoal de profesorado encargado das labores docentes, e pódese incluír como punto forte da titulación.

Táboa 35. Resultados obtidos na Enquisa de Avaliación Docente (EAD) para o Profesorado da Titulación de Mestrado en Oceanografía.

Ítem	Titulación		Centro	Universidade		
	1º curso	Global	Global	Grao	Mestrado	Global
1. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4,60	4,60	4,34	4,17	4,30	4,19
2. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por mais de un/ha profesor/a)	4,60	4,60	4,34	4,05	4,26	4,09
3. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	4,54	4,54	4,08	3,99	4,13	4,02
4. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	4,28	4,28	4,15	3,97	4,11	4,00
5. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4,39	4,39	4,19	3,99	4,14	4,02
6. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	4,34	4,34	4,34	4,17	4,23	4,18
7. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	4,42	4,42	4,30	4,00	4,25	4,12
8. As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe.	4,43	4,43	4,18	3,98	4,08	4,00
9. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4,44	4,44	4,40	4,30	4,34	4,30
10. En xeral, estou satisfeito co seu labor docente.	4,30	4,30	4,18	4,02	4,14	4,04

V.3. Resultados do perfil de ingreso (EVIDENCIA 3, INDICADORES 1, 2 e 35).

V.3.a. Preinscrición e admisión (I1).




Figura 54. Taxa de ocupación.

Das 20 prazas ofertadas cubríronse 12 de novo ingreso, representando unha taxa de ocupación dun 60%. Esta taxa mantense en valores similares ao longo do histórico da titulación, tal e como se mostra na Figura 54, cun valor medio dun 49,6%. O número de alumnas/os matriculadas/os é baixo con

relación ao número de prazas ofertadas. Isto é debido as opcións que teñen os alumnos a matricularse nas outras Universidades coas que se comparte este Máster, e que despois poden cursar o segundo semestre a especialidade ofertada pola Universidade de Vigo.



Figura 55. Taxas específica e total de captación.

Das/os 12 alumnas e alumnos matriculados no mestrado, dúas mulleres proceden da titulación de Grao en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, e outra máis procedente da titulación de Grao en Ciencias do Mar doutra Universidade. Isto indica que as taxas específicas e totais de captación para este curso 2022-23 son dun 0,13% dun 0,19% de mulleres, respectivamente, tal e como se mostra na Figura 55. Os valores destas taxas sempre oscilan entre uns valores similares ao longo do histórico da titulación.




Figura 56. Taxas específica e total de transición de Grao a Mestrado

A taxa específica de transición grao-mestrado do mesmo centro mantense en valores similares ao longo do histórico da titulación, con valores do 6,25% para a taxa específica e dun 9,38% para a taxa total, tal e como se mostra na Figura 56.

Os valores destas taxas indican que o alumnado de Grao en Ciencias do Mar da Universidade de Vigo sigue percibindo o Mestrado Universitario en Oceanografía como unha formación continuista e opta por diversificar a súa formación noutros ámbitos máis específicos e diferentes ao que é estrictamente o estudo da Oceanografía. Isto é un feito que ocorre con todo o alumnado en xeral, tendo en conta que, por outra banda, a maioría do alumnado que se matricula no Mestrado en Oceanografía procede doutras titulacións.

V.3.b. Perfil do estudantado (I2) e nota media de acceso (I35).

Táboa 36. Modalidade de ingreso do alumnado de Mestrado.

Estudios realizados no estranxeiro	Muller	1
Graduado en Bioloxía	Muller	1
Graduado en Ciencias do Mar	Muller	2
Graduado en Ciencias Ambientais	Muller	1
Graduado en Bioloxía	Muller	1
Graduado en Ciencias Ambientais	Muller	1
Graduado en Ciencias do Mar	Home	2
	Muller	1
Graduado universitario no Espazo Europeo de Educación Superior	Home	1
	Muller	1




Figura 57. Histórico de notas medias de acceso á titulación

<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i> <i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i> <i>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</i> <i>XD-01 P1 Control dos documentos I01</i> <i>XD-02 P1 Control dos rexistros I01</i> <i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	E5 Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos da: - Comisión Académica/ Comisión de titulación - Comisión de Garantía de Calidade - Xunta de Facultade	Mestrado: Valoración favorable	Favorable

- ✓ A Comisión de Calidade debe asumir un maior liderado e involucrar ao resto do Centro.

VALORACIÓN: C, Se alcanza parcialmente

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	I4 Resultados dos indicadores do SIGC	Mestrado: >36,0	29,3
<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>	I29 Nº de titulacións en proceso de deseño, verificación, modificación ou acreditación.	Mestrado: 1	1
<i>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</i>	I31 Nº accións de mellora asociadas a la titulación	Mestrado: 5	14
<i>XD-01 P1 Control dos documentos I01</i>	I32 Nº titulacións con avaliación favorable de informes de avaliación.	Mestrado: 1	1
<i>XD-02 P1 Control dos rexistros I01</i>	I41 Porcentaxe de rexistros actualizados/curso académico.	Mestrado: >95%	100%
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	I42 Porcentaxe de accións de mellora finalizadas en prazo.	Mestrado: >80%	-

- ✓ Difusión de toda a información referente á Facultade (convocatorias de reunións dos órganos colexiados, actas de reunións, e outras informacións) a través da subida de documentos á páxina web da facultade e/ou por outros medios electrónicos.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E9 Páxina web da Universidade/ Centro/titulación (Debe estar incluída, como mínimo, a información referida no anexo II)	Mestrado: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>			
<i>MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04</i>			
<i>XD-01 P1 Control dos documentos I01</i>			
<i>XD-02 P1 Control dos rexistros I01</i>			
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>			

Eixo estratéxico: RELACIÓN COA SOCIEDADE

Obxectivo estratéxico institucional 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.

Liña estratéxica do Centro:

- Mellora de proxección a nivel social das titulacións organizadas tanto dentro como fora da Universidade.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Grao e Mestrado: Participación en actividades de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Mestrado:>3,50	4,09
	I34 Nº Accións de promoción realizadas.	Mestrado: 10	10
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Mestrado: Valoración favorable	Favorable
<i>DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04</i>		Mestrado: Valoración favorable	Favorable
<i>DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05</i>	E19 Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida.	Mestrado: Valoración favorable	Favorable

Liña estratéxica do Centro:

- Amosar perfís destacados das persoas egresadas para fomentar a súa visibilidade.

Obxectivos de calidade do Centro

- ✓ Organización de xornadas sobre saídas profesionais, onde o alumnado egresado expoña a súa experiencia profesional ao alumnado de Grao e Mestrado.

VALORACIÓN: B, Se alcanza

Procedementos do SGC asociados	Indicadores e evidencias	Valor obxectivo	Valor alcanzado
<i>MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05</i>	I20 Índices de enquisas de satisfacción.	Mestrado: >3,5	4,09
<i>DE-02 P1 Seguimento e medición I04</i>	E13 Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e evolución).	Mestrado: Valoración favorable	Favorable
<i>DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04</i>		Mestrado: Valoración favorable	Favorable

Coa elaboración dun novo Documento Estratéxico para a Facultade de Ciencias do Mar, unha vez aprobado o documento estratéxico da Universidade de Vigo, sería conveniente ampliar os obxectivos de calidade para o centro es as súas titulacións.

VI. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO–SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS.

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia neste mestrado continúa desenvolvéndose de acordo coa Memoria vixente do título. Non se observan evidencias que suxiran a modificación da Titulación.

O número de alumnas/os matriculados é baixo con relación ao número de prazas ofertadas, aínda que o número de novos matriculados neste curso 2022-23 é de 12 alumnas e alumnos (460%). O baixo número de alumnado matriculado ao longo do histórico da titulación é debido as opcións que teñen os alumnos a matricularse nas outras Universidades coas que se comparte este mestrado, e que despois poden cursar no segundo semestre a especialidade ofertada pola Universidade de Vigo. A taxa de transición aumentou con respecto aos dos cursos anteriores, cun 9,38%; este valor é debido a que o alumnado de Grao en Ciencias do Mar sigue percibindo o Mestrado Universitario en Oceanografía como unha formación continuista.

O perfil de ingreso do alumnado matriculado é correcto, dentro dos ámbitos de coñecemento estudados no Grao e con boas cualificacións de acceso. A nota de acceso (excluíndo aos matriculados no prazo extraordinario) é moi variable oscilou entre 5,403 e 7,770. A nota media global de acceso foi algo superior á do cursos precedente, cun valor neste curso 2022-23 de 6,737, pero é dos valores máis baixos do histórico da titulación. Neste mestrado, durante o presente curso, contamos cun alumno procedente doutros países pero non procede de ningún programa de mobilidade.

Non hai alumnas/os que soliciten recoñecemento de créditos nesta titulación.

O profesorado presenta as súas guías docentes en tempo e forma. Son revisadas pola coordinadora do mestrado previamente á súa aprobación na CAM. Detéctanse algunhas incoherencias entre os sistemas de avaliación reflectidos na guía docente con aqueles que se levan a cabo posteriormente.

A Comisión Académica do Mestrado e os coordinadores do mestrado das distintas sedes reúnen habitualmente para facer un seguimento do desenvolvemento da titulación ao longo do curso. O máis salientable das reunións de coordinación do mestrado e, fundamentalmente, das reunións de coordinación entre as sedes do mestrado, foi a decisión de simplificar a páxina web do mestrado (masteroceanografia.com) e redireccionar os links ás correspondentes páxinas web das Facultades.

Non houbo rexistros na caixa QSP relacionadas coa docencia durante este curso 2022-23, e as cuestións relacionadas con este aspecto na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación reciben unha boa puntuación, comparado coa do ano anterior.

Os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa titulación son, en xeral, moi bos. A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación é a que normalmente ten a peor puntuación, con unha puntuación neste curso 2022-23 máis alta que no curso anterior. A única puntuación por debaixo dos 3 puntos obtense na preguntas referidas á distribución el orde das materias do plan de estudos. O alumnado considera que a carga lectiva no segundo semestre e excesiva e que é difícil de compaxinar coa realización do TFM. Por tanto, o alumnado suxire ampliar a duración do mestrado a tres semestres e estudarase esta posibilidade entre as tres sedes do mestrado.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Insatisfacción do alumnado coa distribución e orde das materias no plan de estudos.	Estudiar a viabilidade de alongar a duración do mestrado a tres semestres.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación dá acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado.

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando ou número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1: Matrícula de novo ingreso por preinscripción.

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia.

I3: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados, e outros).

I3-1: Estudantes estranxeiros.

I20, I23: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I35: Nota media de acceso.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira correcta a todos os grupos de interese as características do programa e os procesos que garanten a calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre ou título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguindo o procedemento DO 0301 P1 “Información pública e rendición de contas” do SGIC, a Facultade de Ciencias do Mar conta cun plan operativo de información pública (E8: Plan operativo de información pública) aprobado en primeiro lugar en Comisión de Calidade do 30 de novembro de 2020, e despois en Xunta de Facultade do 21 de decembro de 2020. Este plan ten como obxectivo garantir que a información relevante dos títulos que se imparten no centro está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpre cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Dentro deste plan, identifícase a información relevante que debe publicar o centro, periodicidade na revisión e actualización da información e identifica as canles de publicidade para cada titulación do centro. Este plan ten duración indefinida e é revisado anualmente.

Nos informes de revisión interna dos últimos cursos, realizados pola Área de Calidade, valorábase positivamente a documentación do SGIC dispoñible na web. Os avaliadores propoñían aspectos mellorables na web do centro que foron emendados. Isto levou a unha reestruturación significativa da web do centro para adaptala aos requisitos de ACSUG e UVIGO, actualizando ademais os contidos. A actualización e mellora da web recolleuse reiteradamente nos plans de mellora asociados aos informes de seguimento do título. Isto permitiu ir mellorando os contidos e accesibilidade á información.

Algúns dos cambios máis significativos desde a implantación do Grao son os seguintes:

- Páxina web acorde co formato da Universidade de Vigo
- Actualizouse a páxina web coa memoria vixente do título
- Actualizouse e mellorou o apartado referido ás infraestruturas docentes
- Abriuse unha pestana exclusiva para a acollida do alumnado estranxeiro, “Incoming students”.
- Móstranse, en gráficas, as taxas relacionadas coas titulacións

As canles de información pública principal no mestrado en Oceanografía son a páxina web da Facultade de Ciencias do Mar (mar.uvigo.es) e a páxina web do Mestrado en Oceanografía (masteroceanografia.com), aínda que tamén se complementa con outras canles de información, tales como a páxina web Universidade de Vigo (uvigo.gal), taboleiros de anuncios e pantalla de información, así como listas de distribución de correo electrónico (PDI, PAS, Alumnos) da Facultade de Ciencias do Mar. Este aspecto non foi ben valorado na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación no curso 2021-22. Isto foi debido a que se transferiron gran parte deses contidos desde a dirección masteroceanografia.com á páxina web da Facultade, mar.uvigo.es. Este aspecto foi mellor valorado no presente curso 2022-23, despois das reformas realizada nas páxinas web nas que se atopa a información sobre o mestrado.

Non houbo rexistros no buzón QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública durante este curso 2021-2022. En xeral, a páxina web do centro é o mecanismo principal para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características o programa e dos procesos que garanten a súa calidade. Así mesmo, a páxina web é a primeira fonte de acceso á información que utiliza o alumnado e o PDI para informarse sobre aspectos relacionados coa titulación. Nas enquisas de satisfacción do alumnado, egresados e PDI, as cuestións relacionadas coa información e transparencias son avaliadas con puntuacións satisfactorias.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
A pesar de que a páxina web está en permanente proceso de actualización, detectamos que se pode mellorar incluíndo outra información de interese como, por exemplo, datos e actividades sobre a empregabilidade.	Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II). R1- DO0301PI: Plan operativo de información pública. QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública.	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I26: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía de calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de modo eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coa implantación do grao no curso 2009-10, a Universidade de Vigo a través da súa Área de Calidade, e coa participación dos centros, desenvolveu un SGIC. Este sistema foi revisado, simplificado e actualizado durante estes anos. Ademais, existe unha aplicación do SGIC onde se almacenan todas as evidencias xeradas polo desenvolvemento dos procedementos, así como unha aplicación para a xestión dos plans de mellora para os centros e titulacións e, ademais, unha aplicación específica para a caixa de correos de queixas, suxestións e felicitacións centralizado para todos os centros e servizos. A Universidade de Vigo conta ademais cunha Área de Estudos e Programas encargada de proporcionar información sobre os indicadores do SGIC. Todo iso, facilita significativamente a recollida de información (evidencias, indicadores, reclamacións, suxestións, etc.), a análise do título e a detección de puntos débiles e as consecuentes propostas de mellora.

Nas enquisas de satisfacción dos egresados e do PDI, estes grupos de interese outorgan unha boa puntuación as preguntas do Bloque 3, referidas ao Sistema de Garantía de Calidade. Con todo estas preguntas no foron ben valoradas na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación. A pesar de que o alumnado non presentou ningunha Queixa no buzón QSP, todas as insatisfaccións do alumnado foron presentadas dereitamente á Coordinadora do Mestrado, que atendeu as súas peticións con a maior boa vontade que lle foi posible, pero o alumnado non o considerou suficiente.

Todos os procedementos foron implantados na Facultade de Ciencias do Mar e desenvólvense segundo o establecido, tal e como se pode ver a partir das evidencias xeradas, moitas delas dispoñibles na web do centro. Ademais, desde o curso 2016-17, actualizáronse algúns procedementos e dentro dos procedementos do SGIC, o Centro desenvolveu algunhas accións de mellora como:

Melloras relativas á Facultade á Titulación do Mestrado en Oceanografía.

DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05.

Dentro deste procedemento desenvólvense tres accións de mellora:

- Mellorar a información sobre as funcións do PAT aos novos estudantes da Facultade de Ciencias do Mar.

- *Accións de mellora para promocionar o PAT e participación do alumnado no programa de mentorización MEET-Uvigo*

- *Deseño dunha batería de actividades do PAT ao longo do curso académico.*

Obsérvase unha baixa participación do alumnado e do profesorado nas actividades do PAT. Esta acción convén relacionala coa participación do alumnado co obxectivo de que o alumnado dos primeiros cursos adquiera a consciencia da importancia da súa titorización como ferramenta para a mellora do seu rendemento académico. Para iso, convén incluír unha actividade de presentación do PAT durante xornada de acollida.

DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05.

- *Revisión páxina web e outras canles de información.*

Esta acción permitiu facer unha revisión exhaustiva da páxina web, actualizándoa ao novo formato da páxina web da Universidade de Vigo e cunha presentación máis asequible para os grupos de interese, tal e como se comentou no Criterio 2.

DE-02 P1 Seguimento e medición I04.

Propuxéronse dúas accións de mellora:

- *Axiliar a subida de documentos de calidade á aplicación de rexistros.*

- *Recopilación de históricos de taxas, indicadores e outros, e a súa posterior publicación na páxina web.*

Estas dúas accións permitiron manter o Sistema de Garantía de Calidade actualizado e facilitar o acceso a datos relativos á Calidade na Facultade e as súas titulacións.

MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05.

A partir deste procedemento puxéronse en marcha cinco accións de mellora.

- *Promover a participación nas enquisas de satisfacción.*

- *Promoción do emprego da caixa de correos QSP como vía para facer melloras dentro da Facultade e as súas titulacións.*

- *Revisión de horarios das titulacións.*

- *Organización coa área de emprego e emprendemento de accións para a formación cara á empregabilidade.*

- *Potenciar a difusión de actividades extracurriculares.*

Estas accións emprendéronse como consecuencia de baixos resultados nalgúns ítems das enquisas de satisfacción dos usuarios, así como a baixa participación dalgúns grupos de interese nas devanditas enquisas.

Estas accións de mellora non estiveron suficientemente actualizadas e, desde a Dirección do Centro e por recomendación da Área de Calidade a través do seu Informe de Revisión Interna, proponse como acción de mellora a finalización das accións implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe.

A maioría dos obxectivos de calidade da Facultade e practicamente a totalidade dos obxectivos da titulación de Mestrado en Oceanografía cumprense satisfactoriamente.

A Facultade de Ciencias do Mar continuará traballando na divulgación do Sistema de Calidade como ferramenta de mellora das súas Titulacións.

Algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos da Facultade de Ciencias do Mar" terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das titulacións de Grao e Mestrado.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
As accións de mellora non están suficientemente actualizadas a data de hoxe	Finalización das accións de mellora implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe.
A pesar de que o SGC está ben estruturado e de que se levan a cabo accións de promoción entre os diferentes grupos de interese, détéctase pouca proactividad na cultura da calidade	Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese
	Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos).

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dous programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados non estudante, garantía e mellora da calidade dous recursos humanos, garantía e mellora da calidade dous recursos materiais e servizos e información pública).

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (non seu caso).

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I20: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese.

I4: Resultados dous indicadores do sistema de calidade do centro.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación conta cun total de 38 profesores (26 homes e 12 mulleres), que abarca todas as áreas de coñecemento relativas ás materias do título. O 100% do profesorado da titulación é doutor, cumprindo a meta proposta nos obxectivos de calidade do Centro. Un 18% de persoal docente no mestrado é externo e imparte un 22,0% das horas de docencia totais. Trátase de persoal altamente cualificado e que provén maioritariamente de Centros de Investigación no ámbito mariño de Galicia, principalmente do Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC.

Ademais, a maioría destes docentes ten a súa investigación vinculada ás Ciencias Mariñas o que repercute directamente en beneficio da titulación, xa que garante a posta ao día no seu ámbito de traballo e a transmisión de coñecementos de vangarda ás súas tarefas docentes. Esta posta ao día é especialmente importante xa que as Ciencias Mariñas convertéronse nos últimos anos nunha área de especial interese, como revelan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada en 2015 pola ONU (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>). É un ámbito en constante avance e onde aínda é necesario ampliar o coñecemento. Así, os nosos docentes actualizan constantemente os contidos das materias para incorporar estes avances, garantindo a adquisición das competencias propostas.

O número de quinquenios de docencia mantén unha tendencia crecente e o número de sexenios mantense por encima do 80% ao longo do histórico da titulación. O número de sexenios do profesorado incrementouse de 54 no curso 2015-16, mantendo unha tendencia crecente ata os 87 no presente curso 2022-23, que é o valor máis alto do histórico da titulación. Este incremento é menos salientable ao representar a porcentaxe de sexenios conseguidos con respecto ao número de sexenios potenciais, pero que alcanzou un 82,1% neste curso 2022-23.

O número de profesores/as participando en programas de formación diminuíu ata 6, que está por debaixo da tendencia habitual ao longo do histórico da titulación. Dous profesores participaron en programas de mobilidade. Malia este número pareza moi baixo, moitos docentes deste mestrado realizan estancias en outros centros de investigación e esta é a causa deste baixo número.

O número de PAS mantívose en 13 persoas ao longo do histórico da titulación. Prodúcense aumentos puntuais debido á contratación temporal de persoal por acumulación de tarefas. Mantéñense as proporcións do PAS segundo a súa cualificación. As demandas de maior persoal de administración e servizos na Facultade reflectidas nos autoinformes de acreditación dos cursos 2016-17 e 2022-23. A implantación do grao, con novos procedementos administrativos, así como a introdución das novas tecnoloxías no ámbito administrativo-docente (aplicativos para matriculación, para xestión de TFGs, para xestión económica, realización de pedidos, sinatura electrónica das actas, etc.) introduciu nos centros numerosas tarefas administrativas novas que, non implicaron o correspondente incremento de persoal. Neste sentido, é preciso solicitar todos os anos máis persoal por acumulación de tarefas na Área de Postgrao, mentres que outras Áreas da Universidade están infrautilizadas. Para emendar estas deficiencias, elaborado pola Administradora do Centro. Proponse como acción de mellora ofrecer toda colaboración e apoio á Administradora de Centro para que as súas peticións de maior número de persoal de administración e servizos sexan atendidas.

A pesar de todo isto, desde a dirección do Centro, destácase que nas enquisas de alumnos e profesorado valórase positivamente o traballo desempeñado polo PAS. Doutra banda, a contratación de PAS na Universidade depende doutras dependencias nas que a dirección do Centro non ten participación algunha. Polo que se conclúe que o Centro considera que o traballo realizado polo PAS é satisfactorio pero insuficiente pola falta de persoal.

Dentro do Centro valórase moi positivamente que, na práctica totalidade do histórico de datos, obsérvase que cada ano máis da metade do PAS participou en programas de formación. Nos dous últimos anos produciuse unha diminución da porcentaxe de PAS en formación, atribuíble ás restricións nos interiores de Centros e dependencias da Universidade motivadas pola pandemia da Covid-19.

Pode concluírse que o persoal do PDI e PAS da Facultade de Ciencias do Mar é un punto forte da titulación polo que non se requiren propostas de mellora neste criterio.

Puntos débiles detectados:

Falta de persoal de administración e servizos.

Accións de mellora a implantar:

Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre ou profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). Non caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.

E16: Información sobre ou persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.).

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA).

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I5: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas.

I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I7: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.

I8: Evolución dous indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título).

I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, e outros).

I20, I39: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e ou PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI.

I43: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución.

I50-4: Cualificación do PDI.

I50-5: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio).

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas e recursos materiais destinados ao proceso formativo son, en xeral, adecuadas.

A aula onde se imparte a docencia de mestrado conta con computadora, televisión de gran formato, conexión a internet e equipamento para videoconferencia. A aula está equipadaas con mobiliario individual de mesas e cadeiras o que facilita o traballo en grupo tanto durante a docencia regrada de teoría e seminarios, como no desenvolvemento de traballos autónomos. Ademais, na facultade dispoñe de dous salóns de graos e a Sala de Xuntas. O alumnado e o profesorado contan coa plataforma de tele-docencia Moovi baseada en Moodle, o que permite facer facilitar documentación para o seguimento das clases e realización de tarefas de traballo autónomo. Ademais, continuouse o emprego dunha plataforma para a impartición de docencia teórica, práctica e seminarios (campusremotouvigo.gal) naqueles casos que fora necesario, así como para a atención dos alumnos en Tutorías. Os equipos informáticos revísanse regularmente seguindo un plan de mantemento e renóvanse ou repoñen cando se considera necesario. Este plan de mantemento é levado a cabo polo persoal informático do Centro. O informático do centro, de maneira sistemática, encárgase de revisar as instalacións docentes e mantelas en perfecto funcionamento, sobre todo nos períodos previos ao comezo da docencia dos dous semestres, comunicando ao Decanto as incidencias nos equipos para emendalas canto antes. De igual maneira, antes de comezar os períodos de actividade docente, o informático pide ao profesorado usuario das aulas informáticas o software necesario para proceder á súa instalación nos equipos.

Para facilitar os espazos onde o estudantado poida facer traballos en grupo, as aulas adoitan estar abertas, e no caso de que se atopen pechadas, o alumnado pode pedir unha chave en conserxería deixando constancia do seu nome e DNI. Neste mesmo sentido, a Biblioteca conta con tres salas con capacidade para 8 estudantes que poden ser reservadas directamente no mostrador da Biblioteca.

A Facultade de Ciencias do Mar conta cunha aula de informática de uso exclusivo con 26 postos de traballo, outra de 24 postos de uso compartido coa facultade de Bioloxía. As computadores en ambas as son portátiles, permitindo así poder ser usadas para outras actividades. A primeira, repártese entre a docencia regrada (prioritaria) e o acceso libre para

traballo autónomo do estudante. Neste segundo caso, cóntase cun bolsreiro informático que se responsabiliza da aula no devandito horario. Existe unha web para a xestión das aulas de informática do edificio de Ciencias Experimentais que engloba a Facultade de Bioloxía, Química e Ciencias do Mar (<http://iciencias.uvigo.es/j25/index.php/aulas>), onde está dispoñible a ocupación durante o curso. As reservas desta aula, así como dos salóns de graos e Salón de Actos do Centro xestionáanse a través das secretarías dos Decanatos das tres Facultades.

Os laboratorios docentes están asignados ás áreas de coñecemento que imparten docencia na Facultade, sendo estas as que xestionan o seu uso e os investimentos que se fan nas mesmas coa dotación da repartición económica que se asigna e aproba na Xunta de Facultade. Contamos cun total de 15 laboratorios dotados co material necesario para o desenvolvemento das prácticas dos diferentes ámbitos das ciencias do mar (biolóxico, xeolóxico, físico e químico) e teñen capacidade para albergar grupos de 24 estudantes. Todos contan con equipos informáticos e de proxección con conexión a internet e están distribuídos en varias plantas dos Sectores B, C e D do edificio de Ciencias Experimentais.

A Facultade ten acceso a instalacións a pé de mar (Estación Mariña de Toralla: <https://cim.uvigo.gal/ecimat/a-estacion-de-ciencias-marinhas-de-toralla/>), así como no Centro de Apoio Científico á Investigación CACTI, contando co apoio de técnicos altamente cualificados no manexo de equipos punteiros en diferentes ámbitos científicos. A Facultade conta tamén cun almacén onde se estiban os equipos que se usan nas saídas ao mar como: draga Shipeck; draga Van Veen; box-corer; core de gravidade; patín epibentónico; bou de varas; material de mostraxe, etc.

Unha boa parte das prácticas do Grao consisten en saídas ao campo, ben en autobús ben en barco. Unha das saídas en autobús máis salientables é a que realizan na materia Procesos Xeolóxicos, onde o alumnado realiza unha visita dunha semana a comarca de Tabernas (Almería) xunto co alumnado das Sedes de Cádiz e Al Palmas de Gran Canaria para estudar a xeoloxía do lugar. Nas saídas en barco, lévase aos alumnos para coñecer as técnicas e instrumentación básica de obtención de datos e mostras. Ademais, a saída en barco máis importante é a realizada no B.I.O. Ángeles Alvariño (<https://www.ieo.es/es/flota>), actualmente xestionado polo IEO. Doutra banda, cabe resaltar, que o 18 de xaneiro de 2023, a Universidade de Vigo formalizou un contrato co estaleiro Rodman Polyships para a construción dun buque oceanográfico de última xeración de 19,5 m de eslora por 5,4 m de manga con propulsión híbrida enchufable, por un valor de 1,5 millóns de euros, que se espera estea operativo na primeira metade de 2024 (<https://www.gciencia.com/universidade-gl/asi-sera-o-novo-buque-oceanografico-de-ultima-xeracion-da-uvigo/>). Sen dúbida, isto facilitará o acceso do noso alumnado para poder facer as prácticas de mar minorando os custos das mesmas, ademais de contribuír de maneira relevante á investigación do noso PDI.

O centro conta cun servizo de préstamo de computadores portátiles que se ceden temporalmente ao alumnado. Este servizo está xestionado desde a Secretaría do Decanato, requirindo un investimento anual para mantemento e adquisición de novos equipos (partida 625).

A Biblioteca da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca>) actualiza anualmente os fondos bibliográficos para garantir que os alumnos/as dispoñan da bibliografía básica das materias do título. A adquisición de libros realízase mediante dúas vías: directamente pola Biblioteca a partir da bibliografía recomendada nas guías docentes do grao, e a partir de solicitudes directas do PDI. A biblioteca de Ciencias Experimentais conta con 220 postos de estudo, ten un horario de 8.30 a 20.45 horas, e conta con preto de 30.000 recursos entre: libros en papel e electrónicos; revistas en papel e electrónicas; CDs; DVDs; TFGs; TFM; mapas; guías; etc.

Dentro do procedemento PA07: “Xestión dos recursos materiais”, o rexistro IT01-PA07 “Criterios de selección de recursos materiais e provedores”, descríbese a xestión dos recursos materiais por parte do Centro. Así, dentro da partida 626 (equipamento informático: impresoras, escáner, USB, etc.), o Centro realiza o mantemento dos equipamentos docentes das aulas (computadores, canóns, pantallas de televisión, lousas, etc.), sendo responsable desta xestión o Decano. A partida 625 (mobiliario e equipamento) repártese en dúas accións principais:

- Plan Renove, que consiste no mantemento e mellora do mobiliario de despachos de titorías.
- Dotación de laboratorios docentes. Dentro desta acción, a dirección propuxo, con éxito, á Xunta de Facultade a reserva dunha cantidade para ir renovando os Vellox proxectores de espello batente por pantallas de televisión de gran formato a partir do curso 2021-22.

No primeiro caso, o Decanato solicita información das necesidades do PDI, a través dun correo electrónico. Ata o de agora, as peticións non superaron o orzamento existente, polo que non foi necesario establecer criterios de priorización. No segundo caso, o orzamento repártese entre as áreas de coñecemento que imparten docencia na titulación, en función dos ECTS impartidos, cada área encárgase de renovar o equipamento docente nos seus laboratorios, recibindo a Administradora de Centro as follas de inventario dos equipamentos adquiridos. A dirección do Centro, xunto coa administración do mesmo, executa a adquisición dos pedidos efectuados mediante a súa tramitación a través da aplicación de Xestión Económica da Secretaría Virtual da UVigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=xestioneconomica>

Anualmente, a Administradora de Centro elabora a “Memoria económica anual” onde aparecen as partidas orzamentarias destinadas entre outros conceptos, a recursos materiais.

Todo este esforzo e investimento por parte do centro na actualización dos recursos materiais é moi ben valorado polo profesorado, alumnado e os egresados, con valoracións por encima de 4 puntos na maioría das preguntas das enquisas de satisfacción coa titulación.

O Centro conta coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, ramplas, ancho de portas, cuartos de baño adaptados, entre outros) para permitir unha normal participación das persoas con necesidades especiais, de acordo coa normativa vixente.

O centro conta cun Plan de Acción Titorial (PAT) desde a implantación do Grao, sendo o curso 2021-22 o seu décimo terceiro ano de implantación. Con todo, a Xunta de Facultade segue considerando que este plan non funciona adecuadamente. Normalmente o alumnado de mestrado acude a Coordinadora do mestrado para calquera asunto relacionado coa organización e desenvolvemento da titulación, pero non pregunta sobre aspectos relacionados coa orientación académica. Na maioría dos casos, o medio de facer estas consultas é a través do correo electrónico. Por iso, durante os últimos cursos, abordáronse varias accións para tentar mellorar o funcionamento desta titorización. Entre elas:

- Modificouse a asignación de estudantes. Da titorización do alumnado de mestrado encárgase a Coordinadora do Mestrado.
- Sistemáticamente, durante a xornada de acollida ao alumnado, preséntaselles o PAT.
- Nomeouse unha segunda Coordinadora de PAT para apoiar os labores da actual.

A orientación profesional e laboral facilitada polo Centro está considerada insuficiente polo alumnado, tal como se reflicte nas enquisas de satisfacción dos egresados, na que o ítem “orientación profesional e laboral” resulta sempre dos peores valorado. Por iso, realizáronse diferentes accións de mellora con resultados dispares:

- Xornadas sobre Saídas Profesionais, durante os cursos 2020-21 e 2021-22. Nestas xornadas, egresados da Facultade, que desempeñan labores profesionais de tipo científico-técnico, expoñen ao alumnado a súa experiencia profesional e de procura de emprego. Desafortunadamente a asistencia do alumnado do mestrado a estes eventos foi nula pola incompatibilidade de horarios.
- Xunto coa Área de Emprego e Emprendemento, durante o curso 2021-22 organizáronse dous talleres presenciais na propia facultade. O primeiro levaba por título “CV e carta de presentación” e realizouse o 10/01/2022; o segundo “Como e onde buscar traballo” realizado o 03/02/2022. Neles participaron 16 e 9 estudantes respectivamente. Dado o interese que o alumnado mostrou en principio, tentouse organizar outro taller para ser impartido tamén nas instalacións da Facultade, pero nesta ocasión non se anotou ninguén.
- Desde o curso 2021-22 colaborouse coa área de Emprego e Emprendemento, e xunto coas facultades de Bioloxía e Química, en organizar de maneira activa a Feira EMPREGOinCAMPUS que tivo lugar en marzo de 2023.

Os responsables do título consideran que os servizos de atención ao estudante proporcionados polo Servizo de Alumnado (relativos a informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado, entre outros) son apropiados para dirixir e orientar aos estudantes nestes temas.

A páxina web da Facultade conta cun apartado de “alumnado novo” onde se inclúe a información básica sobre o Curso Cero, Benvida, Matrícula, Plan de Acción Titorial, Planificación académica (calendario, exames guías docentes, etc.), Planos da Facultade e Avisos.

Ademais, a Coordinadora do mestrado organiza un acto de acollida onde se lle presenta ao alumnado novo a estrutura e órganos de goberno da Universidade e da Facultade; o plan de estudos; os programas de mobilidade; algunhas recomendacións de interese como o acceso á plataforma de docencia Moovi, ao Campus Remoto, etc.; o Plan de Acción Titorial, o Sistema de Garantía de Calidade, e o profesorado ten a oportunidade de presentar os seus propostas de TFM. Esta xornada de acollida está moi ben valorada polo estudiantado entrante.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Falta de enchufes para a alimentación de dispositivos portátiles e tablets nas aulas.	Provisión de orzamento para a mellora e revisión das instalacións eléctricas das aulas.
Baixa asistencia do alumnado e pouca participación do profesorado nas actividades do PAT.	Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título.
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT.
 E20: Listaxe dous centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título.
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia.
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde realízanse as prácticas externas.

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I13: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva, e outros).
 I24: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos.

CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados da aprendizaxe alcanzados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe alcanzados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As guías docentes entregáronse en tempo e forma pola práctica totalidade do profesorado e foron revisadas pola Coordinadora do Mestrado, previa a súa aprobación na Xunta de Facultade. Ao longo do desenvolvemento da titulación non se produciron incidencias na docencia relacionadas con este aspecto. Así as competencias do título seguen cumprindo o establecido no RD 139/2007 e correspóndense co nivel MECES do título.

Na Facultade de Ciencias do Mar existe un protocolo para a revisión e elaboración das guías docentes. Previo á apertura da aplicación DOCNET, a coordinadora de mestrado revisa que en cada unha das guías docentes a relación de coordinadores de materia sexa a actualizada. Así mesmo, envía un correo aos/as coordinadores/as de curso onde, ademais do anuncio de apertura e prazos internos de revisión, establécense unhas directrices xerais para a elaboración das guías. Posteriormente, os coordinadores de curso envían un correo informativo aos coordinadores de materia co anuncio de apertura da aplicación DOCNET e as directrices xerais a considerar.

No curso 2022-2023, animábase a todos os profesores responsables de materia participar no plan “English Friendly” e que así se indique na guía docente. Todo o profesorado do Grao acepta, o cal constitúe un importante avance no Plan de Internacionalización da UVIGO.

En xeral, o protocolo de revisión e elaboración das guías docentes do Centro mostrouse eficiente e satisfactorio, aínda que o profesorado mostrou o seu malestar respecto á dificultade no manexo da aplicación DOCNET e a deficiente ferramenta de tradución da devandita aplicación.

As taxas de rendemento, avaliación e éxito para o curso 2022-23 adoitan reflectir a tendencia habitual no histórico da titulación, onde todos os resultados son moi satisfactorios.

As cualificacións nos Traballos de Fin de Mestrado que se defenderon foron moi altas, valorando a calidade científica dos traballos presentados, o que é a mellor evidencia para avaliar os resultados da aprendizaxe no Mestrado Universitario en Oceanografía. A taxa de rendemento nesta materia foi aumentando ao longo dos cursos anteriores.

As cualificacións obtidas nas materias son altas, xa que o alumnado que se matricula do mestrado ten unha boa preparación para o estudo das variadas disciplinas científicas deste Mestrado.

A taxa de éxito neste curso 2022-23 e ao longo do histórico da titulación, sempre estivo nun 100%, ao igual que ocorre coa taxa de éxito de todas as materias da titulación neste curso. Polo que se pode considerar un punto forte desta titulación.

Nas enquisas de satisfacción coa titulación, as puntuación nas preguntas sobre esta dimensión son satisfactorias para os tres grupos de interese que son enquisados.

Estas evidencias mostran que os resultados da aprendizaxe son moi positivos e non hai puntos débiles neste aspecto.

A valoración é MOI SATISFACTORIA respecto ao esforzo na mellora das guías docentes e aos resultados por materia.

Puntos débiles detectados:

Non hai puntos débiles neste Criterio.

Accións de mellora a implantar:

Non precisa.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias.

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación).

E25/: Informes de cualificación por materia.

EA11: Informes de prácticas.

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese. Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción.

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia).

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓ E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co o deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar si os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Programa formativo e resultados de aprendizaxe

Das 20 prazas ofertadas cubríronse o 60%, sendo a taxa específica de captación do mesmo centro do 0,13% e a taxa de transición de grao a mestrado do 9,4%. Estes datos de captación e de transición de grao a mestrado son similares aos do curso anterior. Os alumnos procedentes doutras titulacións cursaron os seus estudos en Graos en Bioloxía ou Ciencias Ambientais, polo que se lles supón que viñeron coa preparación adecuada para realizar os estudos de Mestrado en Oceanografía.

Os resultados dos indicadores e cualificacións por materia móstranse na sección V.5.d (páxina 159). As taxas de éxito, rendimento e avaliación son do 90-100% en todas as materias, excepto o Traballo Fin de Mestrado, que é do 78,6%. No que se refire ás cualificacións por materia, entran dentro da variabilidade normal de calquera poboación de alumnado.

A taxa de graduación, que nos primeiros cursos estaba en torno a un 50%, aumentou dende o curso 2018-19 ata un 93%, e ata un 100% no curso académico 2019-2020, que é o mesmo valor obtido neste curso 2022-23. A duración media dos estudos neste curso é de 1,00 anos e o valor medio do histórico está en 1,20 anos, o que se debía a retrasos na presentación do TFM por parte do alumnado.

Índices de satisfacción

Os esforzos na difusión das enquisas de satisfacción coas titulacións (EST) por parte do Centro deben seguir manténdose para non repetir a non participación dos egresados nos dous cursos anteriores. Por iso, este esforzo vaise a manter no próximo curso, sendo responsables desta difusión o Coordinador de titulación e a Dirección do Centro.

Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados obtidos na enquisa deste curso 2022-23 son moi bos en xeral, pero a maior preocupación do alumnado é sobre a duración do curso de mestrado. En efecto, a puntuación obtida na pregunta 1 sobre “A distribución e orde das materias no plan de estudos” é moi baixa, e este aspecto debe ser tido en conta á hora de renovar a acreditación da Titulación, xa que todo o alumnado que participou na enquisa refírense nas preguntas abertas a que esta Titulación de Mestrado podería ser máis longa, tres semestres, e así poder dispoñer de máis tempo para a asimilación dos conceptos e para a dedicación ao TFM.

Enquisa de satisfacción dos/as egresados/as. Ao contrario que ocorrira no curso 2020-21, os resultados da EST para o alumnado egresado do Mestrado nesta enquisa nos cursos 2021-22 e 2022-23 son tomados con satisfacción pola Coordinación do Máster e a Dirección do Centro, xa que acadáronse moi boas puntuacións na maioría dos ítems. Aínda así, convén reforzar actividades de orientación profesional e académica ao longo do curso.

Enquisa de satisfacción do PDI. Os resultados da EST do PDI para o mestrado, relativos ao curso 2020-21 son valorados moi positivamente pola Dirección do Centro, onde se acadou unha puntuación lixeiramente superior aos 4 puntos, e unha tendencia crecente por segundo ano consecutivo.

Hai unha serie de ítems nos que o PDI da titulación de Mestrado en Oceanografía mostra a súa maior insatisfacción. Unha das preguntas con peores puntuacións é a referida á coordinación entre materias, insatisfacción que será comunicada aos coordinadores das materias. Outra das insatisfaccións do PDI é sobre a oferta de formación permanente para o profesorado, polo que comunicaremos esta inquietude á Área de Formación e Innovación Educativa.

Enquisa de satisfacción do PAS. A opinión do PAS sobre a titulación pode considerarse, en xeral, moi satisfactoria. Con todo, a puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre “A dotación do PAS adscrito”. Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.

Enquisa sobre a xornada de acollida. Os resultados obtidos na enquisa realizada tras a xornada de acollida son moi satisfactorios. É motivo de paraben o bo traballo realizado neste aspecto pola Coordinadora do Mestrado na organización desta xornada de acollida.

Enquisa ao alumnado sobre o TFM. Os resultados obtidos nesta enquisa nos cursos anteriores foron moi satisfactorios e concordan cos bos resultados académicos que o alumnado obtén nesta Materia e a moi boa calidade dos traballos científicos que desenvolven. Os bos resultados da enquisa realizada aos/as Tutores/as do TFM mostran o grao de implicación do alumnado durante o desenvolvemento dos seus traballos de investigación. Unha das cuestións peor valoradas nos último dous cursos, fan referencia a percepción que teñen os estudantes coa formación previa e recibida para a elaboración do TFM. Pensamos que este resultado pode estar relacionado co pouco tempo de que dispoñen os estudantes dun mestrado de 1 ano para a elaboración do TFM. Neste sentido, insistiremos en transmitir aos tutores/as dos TFM a necesidade de dimensionar adecuadamente a carga de traballo do TFM. Por outra banda, pensamos que a baixa valoración na pregunta 5 pode ser froito dun sesgo derivado dunha soa resposta extremadamente baixa, continuaremos

a esforzarnos por proporcionar toda a información necesaria ao estudantado e profesorado, non só a través das páxinas web da Facultade e do propio Mestrado en Oceanografía, así como na plataforma de teledocencia *Moovi*, senón tamén a través de emails recordando todos os procedementos e datas relevantes.

Enquisa de avaliación docente.

Os resultados obtidos nesta enquisa, malia a baixa participación do alumnado, son, en xeral, moi satisfactorios, cunha puntuación de 4,42 puntos, o que indica que o alumnado ten unha moi boa opinión sobre a labor realizada polo profesorado.

Valores de inserción laboral

O 100% simultaneaba os estudos de mestrado con un traballo, polo que o 100% dos enquisados terminaron os seus estudos con experiencia laboral, onde un 25% dos/as enquisados/as estaba ocupado ao empezar os estudos.

O 75% (duas mulleres e un home), finalizan os estudos en situación de emprego (traballo por conta allea, a tempo completo e con contrato indefinido) e o 25% restante en inactividade. Dese 75%, o 25% traballa no sector privado, o 25% no sector público e o outro 25% estuda e traballa. Un traballa como empregado non cualificado e os outros dous como empregados cualificados. Dúas persoas traballan nalguna gran empresa e a outra nunha mediana empresa. Dúas persoas traballan en algo relacionado coa súa formación nun traballo que consideran moi satisfactorio, e a outra traballa en algo sen relación coa súa formación, que está sobrecualificada para as tarefas que desenvolve e considera o seu traballo insatisfactorio. Sobre o tempo para arranxar emprego: o 25% xa traballaba, o 50% levoulles entre 6 e 12 meses, e o 25% restante entre 1 e 2 anos, polo que o tempo medio de arranxar emprego foi de 9,75 meses. Das tres persoas enquisadas que traballaban, dúas fano en Galicia e a outra fora desta Comunidade Autónoma. A antigüidade media dos egresados no seu posto de traballo é duns 16 meses. O 75% considera a satisfacción dos estudos de mestrado como aceptábel e o outro 25% considerao moi satisfactorio. Un 25% considera como insatisfactorio as competencias adquiridas durante o mestrado, o 50% as considera como aceptábel, e o outro 25% as considera como moi satisfactorias. A satisfacción coa capacitación dos estudos de mestrado para desenvolver a profesión, o 25% considera que é aceptábel, un 25% considera que é satisfactoria e o 50% restante considera que é moi satisfactoria. O 50% considera que a satisfacción coa melloría na inserción laboral é aceptábel, un 25% considéraa satisfactoria e o outro 25% moi satisfactoria. Estes mesmos resultados se obteñen cuando se pregunta pola satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral segundo os estudos de mestrado. A situación socio-laboral aos 12 meses de finalizar os estudos de mestrado foi dun 50% en emprego a tempo completo (25% sector público e 25% sector privado) nunha comunidade autónoma fora de Galicia, e un 50% de inactividade (25% por coidado dun familiar e 25% por estudos).

Convén destacar a desinformación que ten o alumnado sobre as posibilidades de emprego que ten o alumnado ao finalizar os seus estudos de mestrado. Esta demanda tamén consta no apartado V.2.d. na enquisa de satisfacción dos egresados coa titulación, na pregunta sobre “a orientación profesional e laboral recibida na titulación”, cunha puntuación de 2,67 puntos. As Xornadas sobre saídas profesionais dedicadas ao alumnado de Grao non son accesibles para o alumnado de mestrado porque se organizan en horario de mañá, polo que conviría ampliar esta acción de mellora máis exclusiva para o alumnado de mestrado.

O 50% das egresadas que contestaron a enquisa de satisfacción coa titulación neste curso 2022-23, recomendarían esta titulación a outra persoa.

Puntos débiles detectados:	Accións de mejora a implantar:
Insatisfacción do alumnado coa falta de coordinación entre materias.	Recompilar a información desde a Coordinación do Mestrado e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias.
Insatisfacción dos egresados coa orientación académica recibida.	Reforzar as actividades PAT-PIUNE como medio para mellorar a orientación académica do alumnado.
Insatisfacción dos egresados coa orientación profesional da titulación.	Accións para orientar ao alumnado na súa orientación profesional. Xornadas sobre saídas profesionais. O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.

	Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.
A empregabilidade dos egresados en Ciencias do Mar pódese considerar moderadamente satisfactoria, pero é mellorable.	Creación dun grupo de traballo para a elaboración dun Plan de Difusión da Titulación dirixido aos empregadores, con obxecto de difundir as competencias e habilidades que teñen os Titulados de Ciencias do Mar.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico. I10: Evolución dous indicadores de resultados: I10-1 Taxa de graduación. I10-2 Taxa de abandono. I10-3 Taxa de eficiencia. I10-4 Taxa de rendemento. I10-5 Taxa de éxito. I10-6 Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial, O SISTEMA NON O PERMITE). I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso. I12: Resultados de inserción laboral. I50-3: Duración media dos estudos.	

VII. MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS.

Modificacións na titulación: Mestrado Universitario en Oceanografía.

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas non centro*

Incluiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Os cambios principais que se realizan están relacionados co desenvolvemento da titulación, principalmente na confección dos horarios e algúns outros aspectos relacionados coa difusión da titulación. De acordo cos indicativos académicos da titulación, non procede realizar outro tipo de cambios.

VIII. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES) (EVIDENCIA 12).

**Cada titulación deberá incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou cursos anteriores. A aplicación [de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas*

As accións de mellora dos cursos anteriores non estiveron suficientemente actualizadas e, desde a Dirección do Centro e por recomendación da Área de Calidade no seu Informe de Revisión Interna, propónse como acción de mellora a finalización das accións implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe.

Denominación da acción de mellora	Ano académico	Centro	Titulación	Programa	Ano académico de finalización	Estado
Implantar accións para promocionar o uso da Caixa QSP como vía para facer melloras, tanto no Centro como nas súas Titulacións	2020/2021	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Aumentar a difusión das actividades extracurriculares por parte da Dirección do Centro: xa sexa revisando a páxina web do Centro, o difundindo a información doutras dependencias e servizos da Universidade encargadas destas actividades que achega ao Decanato	2020/2021	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Accións de promoción e divulgación dos aspectos positivos do PAT como axuda e orientación ao alumnado.	2020/2021	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións		Finalizada

Mellorar a información sobre as funcións do PAT aos novos estudantes da Facultade Ciencias do Mar	2020/2021	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións		Finalizada
Procédese á revisión e actualización da páxina web da Facultade así como das outras canles para facilitar a información sobre aspectos de dentro e fora da Titulación	2019/2020	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Axilizar a dinámica dos procedementos de calidade para que a documentación estea subida nos rexistros ao seu debido tempo	2019/2020	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada
Actividades divulgativas encamiñadas a animar a aqueles alumnos que non elixiron o Grao en Ciencias do Mar en primeira opción, a continuar os seus estudos nesta Titulación	2019/2020	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Revisión sistemática dos equipos informáticos antes de comezar a docencia de cada semestre	2019/2020	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10M153V01 - Máster Universitario en Oceanografía	Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada
Mellora na organización de horarios para que o alumnado dispoña de máis dedicación ao TFM	2019/2020	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10M153V01 - Máster Universitario en Oceanografía	Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada
Organización coa Oficina de Orientación ao emprego (OFOE) de actividades sobre empregabilidade	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Estudo para o deseño de enquisas para avaliar as causas das baixas taxas de rendemento	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada

Recopilación de datos históricos (tasas, indicadores, e outros) da Facultade e a súa publicación na páxina Web	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Establecemento dunha batería de actividades a desenvolver ao longo do PAT	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada
Campaña de captación de mentores entre o alumnado dos últimos cursos de Grao	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Seguimento das titulacións	2021/2022	Finalizada
Elaboración dun documento guía para orientar ao alumnado e titores durante o desenvolvemento do TFM	2018/2019	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10M153V01 - Máster Universitario en Oceanografía	Seguimento das titulacións	2019/2020	Finalizada
Promover a orientación do alumnado ao mercado de traballo.	2017/2018	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións		Finalizada
Revisión dos horarios das Titulacións	2017/2018	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións		Finalizada
O coordinador do TFG informará ao alumnado de 3º curso para que se matriculen coa responsabilidade de que van a poder realizar a súa lectura e defensa no curso académico no que realmente poidan presentalo.	2017/2018	310 - Facultade de Ciencias do Mar	V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Seguimento das titulacións	2020/2021	Finalizada
Fomentar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción	2017/2018	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Seguimento das titulacións		Finalizada

IX. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS.

**As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

Ao longo deste informe, e despois da revisión realizada á Facultade e a Titulación de Grao en Ciencias do Mar para a súa renovación da acreditación, propónse novas accións de mellora que se mostran a continuación, una vez considerada a necesidade de considerar concluídas as anteriores. As propostas de mellora que non están referidas a unha titulación específica, deben aplicarse para as Titulacións de Grao e Mestrado.

Denominación da acción de mellora	Ano académico	Centro	Titulación	Programa	Estado
Impulsar o Plan de Promoción e Difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Actividades divulgativas no 1º curso para animar ao alumnado a continuar os estudos nesta Titulación	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Axustar as actividades de docencia e avaliación, tal e como están reflectidas nas guías docentes, como unha modificación non substancial da titulación.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Reunións cos coordinadores de materia para realizar a transición de competencias a resultados de aprendizaxe e reflectilos como modificación non substancial da titulación.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Revisión e adaptación do regulamento interno do TFG da Facultade.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Diseño de novas rúbricas para a avaliación do TFG, así como para a adxudicación de matrículas de honra.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación

Ofertar un total de 60 créditos de docencia en inglés, repartidos nos dous cuadrimestres.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Negociar coa Vicerreitoría de Organización Académica a ampliación de grupos na PDA, especialmente no 1º curso.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Solicitud de reactivación de promoción e visibilización do programa Meet-UVigo.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Provisión de orzamento para a mellora e revisión das instalacións eléctricas das aulas.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación

Sensibilizar ao estudiantado de 3º curso de que faga unha matrícula planificada e responsable do TFG.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Seguir e aumentar, de ser posible, o número de horas da bolsa docente asignada á Facultade, no recoñecemento interno ao profesorado pola súa participación nos tribunais de TFG.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, onde se avalíen a dedicación do alumnado ao estudo e pódanse observar as melloras para realizar para aumentar o rendemento académico do alumnado.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Reservar uns minutos das últimas clases de cada semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten as enquisas correspondentes.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Mellora da coordinación entre materias na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Deseño de horarios por franxas horarias nas que se impartirán as horas de docencia A, B e C.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Mellorar a puntuación na enquisa de avaliación docente para os cursos 2º e 4º.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Mellorar a orientación académica do alumnado.	2022/2023		V10G060V01 - Grao en Ciencias do Mar	Acreditación	En preparación
Accións para a orientación profesional do alumnado. Xornadas sobre saídas profesionais.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación

O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación
Mellorar a percepción dos empregadores sobre as capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar.	2022/2023	310 - Facultade de Ciencias do Mar		Acreditación	En preparación

X. OUTROS DATOS (que queira resaltar o Centro).

A Facultade de Ciencias do Mar, así como algún do seu profesorado, participou nas seguintes actividades:

- EDUGAL do 26 ao 28 de Outubro de 2022 en Pontevedra na que a Facultade participou con un stand.

Data	Lugar	Ponente	Centro estudos	Hora
25/11/2022	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES República Oriental de Uruguay	12:10-13:00
2/12/2022	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Politécnico de Vigo	12:10-13:00
13/12/2022	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES A Sangriña (A Gurada)	10:00-10:55
19/02/2022	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Félix Muriel (Rianxo)	11:30-12:30
21/12/2022	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	Colexio Illa de Tambo (Marín)	12:20-13:20
3/02/2023	Aula 14 Fac. CC do Mar	Michel Nombela	IES Mos	12:20-13:20
7/02/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Rodeira	12:20-13:20
10/02/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	CPR Rosalía de Castro	12:20-10:00
16/02/2023	Aula 14 Fac. CC do Mar	Michel Nombela	Colexio Los Sauces (Vigo)	9:00-13:15
23/02/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Mendiño (Redondela)	12:20-13:20
1/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Castelao (Vigo)	12:20-13:20
6/03/2023	Aula 14 Fac. CC do Mar	Michel Nombela	Colexio Amor de Dios (Vigo)	12:20-13:20
8/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Elsa Vázquez Otero	IES A Guía e Colexio Bouza Brey (Vigo)	12:20-13:20
10/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES 1º de Marzo (Baiona)	12:20-13:20
17/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES O Castro (Vigo)	12:20-13:20
27/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Santo Tomé de Freixeiro IES Mos Colexio Divino Salvador (Vigo)	12:20-13:20
30/03/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES As Barxas (Moaña)	12:20-13:20

13/04/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)	12:20-13:20
26/04/2023	Salón de Grados nuevo Fac CCMar	Michel Nombela	IES Basella (Vilanova de Arousa)	12:20-13:20

- Participación da Vicedecana de Mobilidade da Facultade nos seguintes eventos:

Charlas divulgativas

- Título: Efecto del Cambio Global en el Marisqueo a Pie.
Entidad organizadora: Foro de Acuicultura O Grove, 2022.
Lugar de Celebración: Auditorio Municipal de O Grove. Fecha: 6 octubre 2022
- Título: Efecto do cambio global no marisqueo. 11 de Febrero. Día Internacional de la Mujer y la Niña en la Ciencia
Entidad organizadora: Unidade de Cultura Científica e da Innovación e Área de Igualdade, Universidade de Vigo.
Lugar de Celebración: IES Mendiño, Redondela. Fecha: 10 febrero 2023
- Título: Life Sciences: Investigar para gestionar el marisqueo ante los retos del cambio global
Entidad organizadora: Delegación de Alumnado de Ciencias do Mar.
Lugar de Celebración: Facultade de Ciencias do Mar, U. Vigo Fecha: 24 abril 2023
- Título: Efectos do cambio global no marisqueo. Dentro do Grupo de Traballo de REDEMAR: Situación dos recursos marisqueiros na costa: Ría de Pontevedra
Entidad organizadora: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e Federación Galega de Confrarías
Lugar de Celebración: Lonxa de Portonovo, Sanxenxo Fecha: 26 mayo 2023
- Título: Efecto del Cambio Global en el Marisqueo a Pie en la Ensenada de San Simón
Entidad organizadora: Confraría de Pescadores de Redondela
Lugar de Celebración: Auditorio Museo Meirande, Redondela Fecha: 25 mayo 2023

Obradoiros e mesas redondas

- Título: Mesa redonda y taller: PescaConCiencia, Alianza por un futuro sostenible: Gestión de impactos y riesgos ecológicos sobre recursos pesqueros.
Entidad organizadora: Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (Xunta de Galicia, UE-FEMP).
Lugar de Celebración: Museo do Mar, Vigo. Fecha: 18 noviembre 2022
- Título: Fecundación, desarrollo embrionario y larvario del erizo de mar *Paracentrotus lividus*. Respuesta a diferentes salinidades y temperaturas
Entidad organizadora: Instituto de Enseñanza Secundaria Sampaio, Tui.
Lugar de Celebración: IES Sampaio, Tui; ECIMAT, Vigo Fecha: 9 mayo 2023 (9 horas)

•Título: Mesa redonda: Empoderamiento femenino y la creación de referentes para las nuevas generaciones

Entidad organizadora: Diario de Pontevedra.

Lugar de Celebración: Diario de Pontevedra, Pontevedra. Fecha: 3 marzo 2023

- Xornadas sobre Saídas Profesionais, durante os cursos 2020-21 e 2021-22. Nestas xornadas, egresados da Facultade, que desempeñan labores profesionais de tipo científico-técnico, expoñen ao alumnado a súa experiencia profesional e de procura de emprego. Desafortunadamente, a asistencia do alumnado do mestrado a estes eventos foi nula pola incompatibilidade de horarios.

- Manuel Manzaneque, IPD (investigación, Planificación y Desarrollo, S.A.). Xoves 29 de setembro de 2022. 12:00 horas.
- Carlos López Taboada, Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo (ARVI). Xoves 29 de setembro de 2022, 12:00 horas.
- Rosa Meijide, Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo (ARVI). Luns 19 de decembro de 2021, 10:00 horas.
- Héctor Morán, JellyFarmer (Xixón). Venres 24 de febreiro 2023, 11:30 horas.

- Xunto coa Área de Emprego e Emprendemento, anuncio dos cursos organizados por esta área.

- Coordinación coa Asociación de Armadores del Puerto de Vigo (ARVI) e o Instituto Marítimo Pesqueiro de Vigo para a organización do curso de Mariñeiros Pescador para todo o alumnado da Facultade de Ciencias do Mar.

- Coordinación coa Asociación de Armadores del Puerto de Vigo (ARVI) e Sinexia Consultora para a organización dun curso de “Observador Pesqueiro” para todo o alumnado da Facultade de Ciencias do Mar.

.- A Facultade de Ciencias do Mar conta cun programa de STEMBach coordinado por un profesor da Facultade, o Dr. Emilio Fernández Suárez, baixo o cal se desenvolven varios proxectos STEMBach cos seguintes Institutos de Ensino Secundario:

STEMBACH 2020-2022

IES VAL MIÑOR (NIGRÁN)

ESTUDIANTE	TEMA	TUTOR/TUTORA
Stella Misa Martínez	Estudio de la capacidad de absorción de Zn en Ulva lactuca	Óscar Nieto Palmeiro
Ricardo Fernández	Análisis de series temporales de variables oceanográficas en las proximidades del Val Miñor	Beatriz Mouriño Carballido
Enrique Rodríguez	Estudio de la evolución de la lonja de Baiona (2001-2020)	Lucy Amigo Dobaño

Lucía Arévalo	Estudio de las relaciones filogenéticas de una población de <i>Donax trunculus</i> en Playa América	Paloma Morán Martínez
Alejandro Martín	Estudio de la diversidad genética de una población de <i>Z. noltei</i> en A Guarda	Paloma Morán Martínez

IES OTERO PEDRAYO (OURENSE)

ESTUDIANTE	TEMA	TUTOR/TUTORA
Carla Troitiña	Estudio ecológico del Río Barbaña/Barbañica: comunidad microbiana	Eva Teira González
Julia Cascón	Estudio ecológico del Río Barbaña/Barbañica: macroinvertebrados	Josefina Garrido González
Raúl Vilas	Respuestas de zooxantelas de corales al estrés térmico	Celia Olabarría Uzquiano/Emilio Fernández Suárez
Santiago López Arias	Respuestas de zooxantelas de corales al estrés lumínico	Sandra Martínez García/Emilio Fernández Suárez

CPR SANTIAGO APOSTOL (SOUTOMAIOR)

ESTUDIANTE	TEMA	TUTOR/TUTORA
Cristina Ramiro Gómez	Interacción entre moluscos bivalvos y <i>Zostera</i>	Elsa Vázquez Otero y Celia Olabarría Uzquiano

STEMBACH 2021-2023

IES VAL MIÑOR (NIGRÁN)

ESTUDIANTE	TEMA	TUTOR/TUTORA
Susana Misa Vilar	Estudio sedimentológico en poblaciones de <i>Zostera noltei</i> de A Guarda y A Ramallosa.	Irene Alejo Flores

IES OTERO PEDRAYO (OURENSE)

ESTUDIANTE	TEMA	TUTOR/TUTORA
David Guede Cacheiro y Laura Rodríguez Álvarez	Efecto de la temperatura en el crecimiento del alga <i>Caulerpa taxifolia</i>	Emilio Fernández Suárez y Celia Olabarria Uzquiano
Anxo Salor González e Ismael González Sobrino	Efecto de la temperatura en el crecimiento de los corales <i>Xenia umbellata</i> y <i>Briarum hambrun</i>	Emilio Fernández Suárez y Celia Olabarria Uzquiano

Sesiones de formación realizadas en el curso 2022/23

En el presente curso se han realizado tres acciones de formación dirigidas a los estudiantes de los dos centros educativos.

- “¿Cómo elaborar un proyecto de investigación?”. Sesión formativa impartida por Emilio Fernández y celebrada en el IES Otero Pedrayo el 24 de octubre de 2022
- “¿Cómo elaborar un proyecto de investigación?”. Sesión formativa impartida por Emilio Fernández y celebrada en el IES Val Miñor el 14 de diciembre de 2022
- “Tutoría de los proyectos de investigación en curso”. Sesión formativa impartida por Emilio Fernández y celebrada en el IES Otero Pedrayo el 30 de enero de 2023

STEMBACH 2022-2024

IES VAL MIÑOR (NIGRÁN)

ESTUDIANTE/S	TEMA	TUTOR/TUTORA
Emma Nadine Josaine Brunel y Alicia Fernández Gefuell	Estudo da poboación de berberecho, <i>Cerastoderma edule</i> (Linnaeus, 1758), da Foz od Río Minor (A Ramallosa, Nigrán): 2015-2022.	Elsa Vázquez Otero y Celia Olabarria Uzquiano
Sofía Collazo Cousiño	Efecto alelopático de <i>Zostera noltei</i> sobre o dinoflaxelado formador de proliferacións tóxicas <i>Alexandrium minutum</i>	Emilio Fernández Suárez y Eva Teira González

.- Na páxina web da facultad móstranse as seguintes noticias:

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/02/23/antartida-impresionante-83487298.html>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/05/09/uvigo-fondea-batea-limens-microarrecifes-87074544.html>

.- Neste curso 2022-23 non foi posible organizar a visita ao buque de formación mariña INTERMARES para o alumnado da Facultade, pero continuarase esta actividade nos vindeiros cursos.

XI. CONCLUSIÓNS E ACORDOS.

XI.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Decano:	Miguel Ángel Nombela Castaño
Coordinador de Calidade:	Óscar Nieto Palmeiro
Coordinadora do Grao:	Irene Alejo Flores
Coordinador do Mestrado:	Miguel Ángel Nombela Castaño
Coordinador del PAT/PIUNE:	Ramiro Varela Benvenuto
Administradora do Centro:	María Fariza Novoa
Representante de Directores de Departamento:	Manuel Martínez Piñeiro
Representante do PDI:	Bernardino González Castro
Enlace de Igualdade:	Alicia Rodríguez Rodríguez
Representante da Sociedade:	Jorge de los Bueis Mellado
Representante de Estudantes Egresados:	Rosalía Rodríguez Riveiro
Representante de Estudantes de Grao:	Bárbara Calvo Ríos
Representante de Estudantes de Mestrado:	Miguel García Coya
Representante de Delegación de Alumnos:	Pablo Martín Navarro

Tras analizar toda la información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía de calidade é importante concluír que:

XI.2. Conclusións relevantes.

1. A valoración xeral da implantación dos procedementos do SGIC no centro considérase positiva.
2. As titulacións de Grao en Ciencias do Mar e Mestrado Universitario en Oceanografía pola UCA, ULPGC e UVigo manteñen o seu interese e a súa vixencia, e desenvólvense de acordo coas Memorias Verificadas dos seus Títulos. Nos futuros cursos haberá que actualizar as competencias na súa transición a resultados de aprendizaxe.
3. O número de matriculados en ambas titulacións mantén os valores obxectivo. Con todo, as baixas taxas de adecuación na Titulación de Grao xera altas taxas de abandono.
4. As guías docentes son presentadas en tempo e forma en ambas titulacións. Con todo, haberá que recompilar información para mellorar a coordinación entre materias, debido a insatisfacción do alumnado en ambas titulacións.
5. Será necesario no vindeiro curso actualizar o regulamento do TFG e as súas rúbricas. Así mesmo, convén mellorar as baixas taxas de rendemento do TFG.
6. A pesar de que a páxina web e a información e transparencia da Facultade de Ciencias do Mar funcionan de maneira axeitada, se emprenderá un plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.
7. Se dan por concluídas as accións de mellora emprendidas en cursos anteriores e se implantan outras novas para este curso.
8. É necesario promover e inculcar a cultura da calidade en todos os grupos de interese desta Facultade, e implantar as melloras necesarias no SGC da Facultade para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT.
9. Os recursos humanos seguen sendo un punto forte na Facultade de Ciencias do Mar. Con todo, desde a Facultade farase un apoio decidido a Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.

10	Os recursos materiais do Centro son axeitados, aínda que sería necesaria a mellora das instalacións eléctricas nas aulas para o funcionamento de ordenadores e tablets do alumnado.
11	É necesaria una campaña de dinamización e visibilización do PAT, para o profesorado e o alumnado.
12	A taxa de adecuación na titulación de Grao é moi baixa, polo que é necesario un plan de difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso.
13	As taxas de rendemento son aceptables e a taxa de abandono é un punto débil na titulación de Grao en Ciencias do Mar. Espérase que as enquisas de desenvolvemento das materias e do curso poidan coñecerse as causas para a mellora das taxas de rendemento. Por outra banda, os plans de promoción da titulación e a realización de actividades divulgativas podan descender a taxa de abandono.
14	A participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións e as enquisas de avaliación docente descenderon drasticamente a partir do curso no que se implantan de maneira telemática. Será conveniente que o profesorado reserve uns minutos das súas clases para a realización destas enquisas.
15	A coordinación entre materias e as orientacións académica e laboral recibida son aspectos pouco valorados polo alumnado e polos egresados das titulacións de Grao e Mestrado. Polo que se implantan accións de mellora para mellorar a satisfacción destes grupos de interese.
16	A empregabilidade dos egresados das Titulacións de Grao e Mestrado son moderadamente satisfactorias, pero mellorables. Se elaborará un plan de difusión das titulacións aos empregadores para difundir as competencias e habilidades dos Titulados da Facultade de Ciencias do Mar.

Así mesmo, acórdase:

XI.3. Acordos.

1. Aprobar as novas accións de mellora propostas polo Centro para as Titulacións de Grao en Ciencias do Mar e Mestrado Universitario en Oceanografía.
2. Continuar mantendo a publicidade da titulación para fomentar a captación de estudantes no Máster.
3. Aprobar o Informe de Revisión pola Dirección DE-03 P1 para as Titulacións en Grao de Ciencias do Mar e Mestrado Universitario en Oceanografía durante o curso 2020-21.

XII. ANEXOS.

Comisiones Estables de la XF de CC del Mar Curso 2022-2023

Comisión Permanente:

- Decano **Michel Nombela Castaño**
- Vicedecano 1 **Elsa Vázquez Otero**
- Vicedecano 2 **Óscar Nieto Palmeiro**
- Secretario **Rita González Villanueva**
- **PDI A 1**
- PDI A 2 **Ana Graña**
- PDI A 3 **Emilio Fernández Suárez**
- PDI B 1 **NON HAI**
- Alumnado 1 **Noelia San José Caminero**
- Alumnado 2 **Aurora Menéndez García**
- PAS 1 **NON HAI**

Comisión de Docencia y Validacións:

- Decano **Michel Nombela Castaño**
- Vicedecano 1 **Elsa Vázquez Otero**
- Vicedecano 2 **Óscar Nieto Palmeiro**
- Secretario **Rita González Villanueva**
- PDI A 1 **Jesús López**
- PDI A 2 **Javier Garcia Cutrín**
- PDI A 3 **Soledad García Gil**
- PDI B 1 **NON HAI**
- Alumnado 1 **Sonia Vila Represas**
- Alumnado 2 **Sara Martín Alis**
- PAS 1 **NON HAI**
- Invitada (Jefa de Área de Estudios de Grado) **Isabel Caride**

Comisión de Garantía de Calidad:

- Decano: **Miguel Ángel Nombela Castaño**
- Coordinador de Calidad: **Óscar Nieto Palmeiro**
- Coordinadora de Grado: **Irene Alejo Flores**
- Coordinadora del Máster: **Eva Teira González**
- Coordinador del PAT/PIUNE: **Ramiro Varela Benvenuto**
- Administradora del Centro: **María Fariza Novoa**
- Representante de Directores de Departamento: **Manuel Martínez Piñeiro**
- Representante del PDI: **Bernardino González Castro**
- Enlace de Igualdad: **Alicia Rodríguez Rodríguez**

- Representante de la Sociedad: Jorge de los Bueis Mellado
- Representante de Estudiantes Egresados: Rosalía Rodríguez Riveiro
- Representante de Estudiantes de Grado: Bárbara Calvo Ríos
- Representante de Estudiantes de Máster: Helena Barreiro Fonta
- Representante de Delegación de Alumnos: Pablo Martín Navarro

Comisión de TFG:

- Según el reglamento de los TFG
 - Decano Michel Nombela Castaño
 - Vicedecano 1 Elsa Vázquez Otero
 - Vicedecano 2 Óscar Nieto Palmeiro
 - Secretario Rita González Villanueva
 - Coordinador de grado: Irene Alejo Flores
 - Coordinador de 1º Marta Mato Corzón
 - Coordinador de 2º José María Sánchez
 - Coordinador de 3º Mariano Lastra Valdor
 - Coordinador de 4º Guillermo Francés
 - Alumnado 1 Helena Barreiro Fonta
 - Alumnado 2 Noelia San José Caminero

Comisión de Movilidad:

- Representante equipo decanal 1 Michel Nombela Castaño
- Vicedecana de Movilidad Elsa Vázquez Otero
- PDI A 1 Josefina Lucy Amigo
- PDI A 2 Jesús Souza Troncoso
- PDI A 3 Inmaculada Prieto
- Alumnado 1 Aurora Menendez García
- Alumnado 2 Helena Barreiro Fonta
- PAS 1 NON HAI

Comisión de Evaluación por Compensación:

- Coordinadora Titulación Irene Alejo Flores
- Secretario Facultad Rita González Villanueva
- Vocal titular PDI 1 Fuencisla Sanjuan
- Vocal titular PDI 2 Marta Pérez Arlucea
- Vocal titular PDI 3 Manuel Besada Morais
- Vocal suplente PDI 1 Óscar Nieto Palmeiro
- Vocal suplente PDI 2 Juanjo Pasantes Ludeña
- Vocal suplente PDI 3 Pablo Presa
- Alumnado 1 Sonia Vila Represas
- Alumnado 2 Noelia San José Caminero

Comisión de Actividades Complementarias

- Decano
- Representante equipo decanal 1
- PDI 1
- PDI 2
- PDI 3
- Alumnado 1
- Alumnado 2
- PAS 1

Michel Nombela Castaño
Óscar Nieto Palmeiro
Gonzalo Méndez
Celia Olabarría
Jorge Domínguez Martín
Sara Martín Alís
Sara Rubio Gala
NON HAI

Alumnado suplente:

Aurora Menéndez García

Helena Barreiro Fonta

Noelia San José Caminero

Sara Martín Alís

Sara Rubio Gala

Sonia Vila Represas